

go triste. Santiago é gris pero está cheo de bolboretas, amor, intensidade, paixón, traballo, amigos, palabras.

Santiago estaba presente en min cando eu estaba no mar. Estaba nos cuartos íntimos, integrándome, facendo en min unha postal bonita de furia e vida. Eu sentín que o silencio é palabra, que a palabra é amor, que o mar é morte, que a morte é vida, que todo está mesturado nunha colaxe de pintora xoven.

Eu pinto poesía fea e case o fago con boas intencións. Fágoo para desafogar o espírito triste que levo dentro de min. Para facer festas na xente. Para facer unha confesión extrema, unha carta alegre. Cartas e máis cartas que mando, e case ninguén me contesta, porque todos están ocupados e teñen medo a escribir e falar, dinme que non poden escribir, que teñen medo. Están agarrotados neste mundo laboral extremo e difícil de soportar para ti, para min, para todos. Pero continuaremos nun idearium que nos una por debaixo das portas, uniremos as mans e abrazáremonos, abrazáreite, sen que o mundo nos vexa. Ás agachadas estaremos cómplices dun segredo profundo e fermoso.

O segredo da existencia, ese baúl esquecido.

Eu non teño medo de que o mar me coma, pero ás veces o mar mastiga corpos de persoas, e eu miro, sentada, romántica, absurda, vitalista, surreal. Case é surreal todo, este encontro terrible co mar, un verán calquera, despois dun ano cheo de esforzo, forza, ánimo, ilusión, quietismo, escribir, soñar.

Eu creo que o mar é un nexo que me une con algo, ou con nada, que me desata, que me fere, que me gusta. Pásoo ben na vida do mar azul, grande, inmenso. Durmo nun cuarto polo que se ve o mar, levántome cada mañá inundada de beleza e vida, fago o café, a miña sobriña toma o biberón, eu miro todo con amor, eu miro todo descansando con ilusión e forza.

Miña irmá é unha reina dun paraíso enorme e está cansa da vida, da súa vida de nena inflada. Camiña por Louro coa súa nena coma quen leva un trofeo na cara. Esa nena enche os nosos baleiros. Eu fúndome nos seus ollos, eu ensoño nela, chámase Uxía, chámase Uxía de todos os mares. Empeza a andar e andar ten sentido unha vez máis, un día máis das nosas vidas.

Haberá novelas no vento e eu inventarei relatos. Creo que a prosa é un invento bonito de moitas flores, de moita dor. Creo que teño a roupa moi manchada e necesito meter todo na lavadora, meterme eu na lavadora, sufrir, ser lavada, lavarme, na auga azul, no mar.

O mar é unha patria roubada de paz e ánimo e forza.

Eu continuarei indo e vindo ao mar.

Eu volverei mirarte, mar de mapoulas e barcas que viaxan ata moi lonxe. Eu sentirei un corpo roto de lagos. Eu viaxarei no barquiño máis pequeno para conseguir un novo look, un novo estilo, unha nova mirada, unha innovación ninfómana, un xesto enfermo, unha borracheira grande de palabras. Patios e casas de flores, vento delgado batendo nos ollos, fotos das vacacións que significan algo cando as ensino aos demais, significan unha diversión limpa, aberta, viva, salvaxe.

Son os fotogramas limpos das vacas.

Eu teño no estómago unha cicatriz de versos.

Eu teño no corazón unha válvula rota e ando a saltos porque o paso moi ben, aínda que ninguén me chame tola, non necesito que os demais aproben o que fago, chégame o meu criterio. Tamén me gusta que me abracen na noite, que os demais me boten de menos, que me necesiten, que me queiran. Tamén necesito que me axuden, cando miramos o mar todos espidos, porque sacar toda a roupa é doado, e os peixes teñen unha mirada tan triste...

As flores e as follas recompoñen o universo. Bebo viño nas esquinas baratas da esperanza e da ilusión. O futuro aínda pode agardar, aínda podo agardar, aínda vale a pena.

Ás veces escribo no chiringuito da praia e non resulta estraño, parezo unha cazadora de animais enfermos. Ás veces corro pola estrada que hai ao lado da praia e ninguén ven comigo, ando soa, ando sempre moi soa.

A soledade é quizais unha condición humana, necesaria. A soledade de atreverse a mirarse reflexida no mar.

A soledade de verte, de estar contigo, de falar contigo, de soñar no que me contas, no que me abres, no que me falas. Amigo doce de doce pelo, amigos, amigas, sol nos ollos, luces azuis na cidade.

Ás veces aquí en Santiago teño a sensación de vivir nun conto, e vivin nun conto cando estaba no mar, soñei un mundo, inventei un poema, fixen un sistema de pensamento, ensaiei un baile importante, cheo de bágoas e cor.

O mar era tan azul!! Eu era tan azul no mar!! O mar era tan fermoso, tan liberador, cheo de tanta anguria, unha razón para estar vivos, viva.

LUPE GOMEZ

Revista das Letras 433



# Ensoñar o mar



Lupe Gómez, unha das voces máis persoais da poesía galega das últimas décadas, reencóntrase co mar e faino a través dun texto en prosa no que estiliza as grandes virtudes do seu estilo: a forza e a reflexión. A reflexión como un proceso que arrinca da palabra e lle permite á escritora reconstruírse e reconstruír o mundo a partir das súas experiencias. O mar, ás veces, “parece un suicidio de mulleres intelixentes que morren”, escribe, porque “a morte é o inicio de todo” e ela “ama moi-to, ama todo”. ‘Ensoñar o mar’ confirma a Lupe Gómez como unha das máis dotadas escritoras da súa xeración, poderosa creadora de imaxes e de discursos que funden con mestría a violencia e a tenrura. “Creo que a prosa é un invento bonito de moitas flores, de moita dor. Creo que teño a roupa moi manchada e necesito meter todo na lavadora, meterme eu na lavadora, sufrir, ser lavada, lavarme, na auga azul, no mar”. Ese mar que ela nos amosa para redescubrir na súa compañía a paixón de ler. Fotografías: NACHO SANTÁS

Sentir o mar por vez primeira. Renacer na loita. Cuspir na area. Pensar, pensar moitísimo, coas bragas rotas e as tetas desfeitas. Agocharse na mutilación de estar viva. Estender as mans e atopar amor. Vestir as feridas con dor. Destapar o corpo. Abrir a gorxa.

Estiven no mar, coma quen está nunha festa. Estiven espida no mural da vida. Descubríron o misterio da fantasía e dos poemas. Rompín as pernas na sensación de voar. Levanteime. Púxenme de pé e descubríron o corpo aberto. Púxenme de pé e empezei a sentir todo dándolle a volta. Invertendo o patíbulo e atopando a forza necesaria para continuar mirando todo. Cara a cara. Valente, morta. Con ganas de sufrir e rir e vivir.

Coa cara aberta, cos coitelos, coas faldas, coas tetas de puta que se mira no espello e ve dor. O mar é dor, medo, alegría. O mar é un invento dun home. Un home namorado dunha muller preñada que nunca ri. Eu estiven no mar buscando sereas sen nome que me desen un significado, unha razón, unha pregunta. Dubidar, é importante dubidar na vida. É importante deixarse levar pola corrente e cuspir veneno. Cuspir sangue no mar, na auga, deixando os monstros lonxe de nós.

Lonxe hai círculos que non levan a ningunha parte. Eu púxenme morena entendendo as espirais rotas, levantando o meu nome, amecendo con flores. Hai nenas pequenas que se abren ao mundo, que abren os ollos con viveza e moito sentimento. Esas nenas corren ao empezar a andar. E caen. Caen, coma se fora importante caer.

Eu entendo que a vida é un mar enorme, unha morte enorme. Un silencio explícito de ollos pequenos. Unha nena cun vestido grande que lle fai redondo o corpo. Unha nena redonda, gorda, adelgazando, rindo, abrindo buratos na mente. A mente é un lugar difícil onde pasan cousas que non controlamos. Volvémonos tolos calquera día e miramos tolos a vida e nada nin ninguén o pode impedir. Enfermamos, sufrimos, e non se pode evitar. A enfermidade é un globo de ar que arrececende ben. Eu quero correr coas nenas do circo.

Quero escapar da cidade e entenderme, escribir, facer un puñal, facer unha fonte. Eu entendo que todo son fontes das que imos nacendo. Renazo mirando o mar. Soa. Vestida. Renazo na auga azul dos meus ollos de aldea. Eu creo que sempre queda optimismo nos mapas. Que somos putas cansas que inventan todo. Todo está alegre e sen inventar. Todo está ferido pero hai comprensión, comprendémonos, comprendemos todo.

O mar é azul, un azul inmenso, unha festa. Eu escondo os ollos na vida. Eu soporto mal todo. Eu viaxo como unha anana silenciosa que non lle ten medo á vida. Paso o verán en Louro, en Muros, na outra parte do mar. No paraíso. Nunca tivera vacacións. Nunca escapara tanto da miña condición mártir. Nunca escapara tanto do sacrificio.

Eu son unha foto que se rompe. “Morreu Manuel do muíño”, dixéronme por teléfono. Un home vello do muíño que hai no monte. Soaron gaitas no enterro, pois os netos estudian música galega. Eu estiven no enterro, morría a miña aldea bonita. Morría o meu amor, a miña tradición, o meu pasado alto.

O mar mira, míranos, mírame. O mar é unha vella paisaxe que se escribe con palabras enormes de gigante vello. Eu falei cun mariñeiro canso. Os mariñeiros teñen gotas de dor na mirada. Pasou a vida no mar. E agora vive en Louro, fálolle, fálame, temos en común un exilio interno, unha emigración da alma, un silencio.

Vexo o sol con mirada alucinada de muller enferma. Póñome guapa cando imos pasear e miña irmá díme que son moi presumida, e eu choro. Eu choro porque antes de ser presumida todo era un esforzo que non chegaba, un delirio incomprendible de cristais que rompen. Miña irmá di que agora son diferente porque agora non miro con medo o mundo. Ela camiña ao meu carón e colócame os ollos se eu os poño mal.

Non creo que a vida sexa unha cousa fácil. Temos que aprender cada día novo a vivir. Ir vivindo é ir morrendo pouco a pouco e nacer en cada momento. Nacer despois dun desterro importante. O mar é nacer, é figura clara, é limpeza, é alegría, é incendio, é rabia.

Aquela praia, na que morrin ás veces con dezaquito anos e un futuro difícil. Eu era moi estudiosa e moi tímida e moi débil. Eu non sabía andar e todo quedaba detrás, lonxe, inalcanzable. Con dezaquito anos eu era unha nena empezando a morrer.

Aquela praia bonita, fermosísima, coa que me reencontro. Miro todo máis maior, máis tranquila, máis serena. A intensidade é moi grande. A intensidade de estar viva mirándote con ollos de vaca. Mirándote, lector, con silencio nos ollos, dicindo moitas palabras coa sensación de non dicir nada. Eu non son guapa, eu son fea, pero son moi feliz, non temo a morte, busco a morte, e teño medo nos coches.

O mar é morte, unha morte de lugares imprecisos. A imprecisión é necesaria. Eu non quero dicir a verdade, quero mentir, inventarme, reinventar, deitarme. Eu quero soñar toda a vida. Eu quero que a felicidade non acabe. Esta felicidade de estar aquí, no mar, no amor, na morte.

Hai amores que rompen pero eu nunca rompere o amor incorrecto da miña mirada. Buscarei flores para adornar o pelo. Gústame un mozo, pe-

ro nada é importante. Ás veces preguntánme se teño mozo, se amo, se me aman, pero non importa, nada importa, importa correr, sangrar sangue vermello e doloroso, escapar, importa estar vivos, pensar, ler, soñar, escribir, abrazar, morrer.

Ás veces preguntánme se teño unha posición económica independente, se teño un traballo, se teño un lugar no mundo. Eu non teño todo eso que algúns teñen. Eu non teño un contrato, unha ataxe, e ás veces parece que non teño sentido no mundo, pero veñen os barcos correndo, e formo parte do mundo. Escribo na soidade dun fermoso cuarto, escribo morrendo, escribo vivindo.

No mar todo se anima. A lucidez de estar viva. O dilema dos cartos. Malditos cartos. Maldita silueta. Maldito perfil de traballador innato. Non entendo este mundo feo e sitúome nas fronteiras, incómoda, sentada, inxusta, ber-rando.

A vida sempre foi inxusta comigo e sempre estiven pelexando. Quizáis nunca cheguei a ningún sitio, quizáis non hai nin debe haber metas, porque non valen de nada. A sociedade educanos para a corrección, as liñas rec-tas, a seguridade, e eu camiño insegura, agarrada ao meu estómago doendo, aos meus poemas tristes. Soño con alcanzar autonomía, pero a independencia custa un prezo que quizáis non podo nin poderei nunca pagar. O importante, o máis importante, o único que me importa, é a sinceridade. Esa túnica, esa roupa maravillosa, esa bonita tatuaxe na alma.

Falar polos que calan. Dicer, polos que non din. Falar todo, non deixar nada escondido, atreverse a berrar cando ninguén berra.

Atreverse a pensar na noite, esa noite na que ninguén dorme, na que todos estamos espertos, ese futuro maravilloso e forte de mirada dura, radical, transgresora, violenta. A violencia é necesaria na paz deste mar que dorme. A violencia íntima da vida é moi necesaria. Non falo de asasinar xente. Falo de matar ideas, de romper o círculo, de abrir os ollos, de atravesar as paredes. Creo na violencia dun mar frío que rompe, para ser libres, para liberarnos, para abrir as portas, para soñar moito, para escribir libros, para facer casas grandes de portas enormes.

Os putiferios que hai no mar están escondidos. Eu busco. Busco moitísi-mo, sempre estou buscando, escribindo cartas que non me contestan, debuxando o mar na páxina máis bonita da miña Historia. Historia de nena pe-quena que non medra, que queda atada á infancia, con medo a morrer nun accidente como morreu unha amiga miña, con medo a conducir coches, con medo a ferirme.

Os desastres, as novas dos xornais, os programas rosa, merda, moita merda, toda amontoadada, non nos deixa ver, saír. A traxedia non é unha foto, é moito máis que unha foto. A xuventude non é *Operación Triunfo*, é moito máis, é un lugar confuso sen nome, é un campo grande de vacas e amizade e forza. Unha bágoa non é un espacio de televisión. Unhas siamesas non son un titular, son máis, moitísimo máis. Todo debería ser máis enriquecedor, menos falso. Os medios de comunicación rompen os feitos. Todo é in-terresado e ideolóxico e nada é libre como a arte. Só me importa a arte, aínda que nade en moitos ríos.

Estiven de vacacións no mar, soñando. Estiven na area, lendo, viaxando. Comprendo que estou tola e o amor morre. Estiven con miña irmá fa-cendo linguaxes novas, inventando as nosas vidas. Ela di que nada ten sen-tido e eu escoito con viño nos meus ollos. Viño de estar tola. Viño de ence-rrarme nos cárceres. Saio das cárceres, estou no mar, miro o mar.

Vou ás festas da aldea, preñada, infectada, desligada, feliz.

Vou ás festas da aldea e miña nai queda na casa, coa súa mirada profun-da. A mirada de miña nai é un agasallo. Ela nunca fora ao mar e un día veu e ten setenta anos e camiña comigo pola beira do mar, por primeira vez, ale-gre como unha nena, nacendo na loita, apoiada no meu corpo recto. Come-mos todos nun parque que hai na praia, toda a familia, unidos por lazos, felices por existir, un domingo calquera, un día importante, comendo xeados na terraza do bar da praia, nese bar e en ningún outro, momentos especiais, únicos.

As nenas pequenas están na miña vida para alegrala. Esa sobriña de on-ce meses e ollos debuxados cun pincel bonito. Esa sobriña á que lle dedi-quei un libro que se vai publicar pronto. Esa nena que está comigo no mar, que ao principio ten medo de ver tanta auga, e despois acostúmase e false valente. Esa nena pequena que desfruta de todo sen falar, porque o silencio é importante. O silencio da infancia, un lugar liberado. Un lugar alto. Unhas tetas grandes que se levantan, como a independencia dos países pobres, pequenos. Esta Galicia que amo, este recuncho enorme, no que as vacas choran bágoas de sangue, e a risa estala, e teño medo.

Escribo, escribir é a miña liberdade, escribir é o meu oficio, o meu papel. Non teño máis nada na vida que escribir, e a escribir agárrome. Amo a filo-sofía dos libros que din moitas cousas e que fan soportable a vida. Teño amigos na noite que xogan a ser os meus amantes sen descubrir o meu se-xo aberto, abrindo a culpa, abrindo a miña gorxa, abrindo o desexo.

Vivo nun apartamento, nun cuarto grande, no mar, vivo no mar sempre, no mar de Santiago gris sen luz, con chuvia e máis chuvia no inverno. Chove moitísimo e escóndome nos bares, como un mendigo buscando a paz toda.

A paz toda dunha vida sinxela, complicada, eterna. Non busco a fama, busco a ilusión. Non quero que todos me miren, quero que alguén me comprenda, todos o queremos, o éxito é unha cousa pequena, que fai ilusión cando che deixan romper todo, cando podes romper todo ao falar. non quero un falar erudito, quero unha escrita inconsciente. Non quero unha perfección pedante, quero un río, estar nun río, estar no mar, buscar sempre, buscar máis e máis, romper as tetas mil veces, ata ser libres, máis libres.

Eu soño cunha noite profunda chea de versos. Eu vivo unha noite nos ollos. Eu teño ollos negros e pequenos, que choran moito porque non comprenden nada.

Quero romper a dor. Quero espirar a vida. Quero atreverme a estar viva. Teño medo. Teño un medo meditado que me rompe por dentro. O mar é unha canción. O mar é unha procesión por dentro. O mar é un silencio de vacas que morren. O mar é un renacemento, unha nacenza. De novo son Lupe con 30 anos e máis forza e máis dúbidas e máis coñecementos. Xa non estou con fame, xa estou alegre, e os meus amigos coñecenme e coñecen a miña alegría. Gracias aos amigos estou viva, escondida nas flores, desexando saír da morte.

Todo é un mural que rompe. Estou feliz. Quero vivir, apétomece vivir, ir ao cine, ao teatro, namorarame, vivir unha existencia forte, plena, nunha soidade grande do mar, ese mar que me invitou a ser feliz na súa presenza.

Non quero etiquetas nin ideas fixas. Non quero fotos que non sexan espontáneas. Interésame buscar a verdade. Interésame o berro. O berro do barco no mar, a pelexa. Miña sobriña mira o mar e o seu pai móstralle a intelixencia que o tempo foi marcando nel. Miña sobriña empeza un camiño de leducia, unha nenez bonita, delicada, forte, sen catarros, sen enfermidades.

Parezo tonta falando destas cousas, pero eu creo que hai que falar de todo, que todo vale para ser reflectido na escrita, que as cousas reviven cando as dicimos, que descubrimos covas nas que nunca entramos.

O mar é unha cousa solitaria que ten moito valor, un valor grande.

Ás veces parece un suicidio de mulleres intelixentes que morren. Ás veces parece unha romería de mulleres brancas, limpas, guapas, novatas, vellás por dentro. Ás veces o mar é unha canción que eu tento cantar e non podo. Ás veces quero ser eu e non é doado. A veces non é doado existir, pero eu canto con forza. Teño moita forza nos brazos. Unha forza herdada de sachar as patacas cando era unha nena. Eu son rural. eu son pequena, eu son un campo. Eu escondo os ollos para que non me vexas. Refuxiome en patios íntimos, internos. Amo, amo moito amo todo. Eu son azul. Todos saben xa que son azul, sempre o estou dicindo.

A morte é o inicio de todo. Hai que morrer para saber que estamos vivos. Hai que suicidarse un día para que o resto dos días sexan alegres. Hai que ir até o fondo para logo comprender mellor todo e poder vivir mellor, con máis medo, con máis forza.

Os nomes dos barcos son os nosos nomes, mellores, reconstruídos, fortes. Eu miro os barcos coma quen ve vacas e ten medo. O medo é humano, sen medo non hai vida, non hai futuro, non hai forza. Non me gusta a xente que non teme nada, que minto, que é hipócrita. No fracaso as cousas toman sentido. O natural é rir e chorar. O natural é a risa e o pranto, como cousas que non podemos separar, que van unidas.

Eu quixera levantar esta patria vencida de ollos roubados. Eu quixera que as mulleres loitasen coa cabeza levantada. Eu quixera que os nenos puidesen correr e suspender todos os exames como unha forma de protesta ante un mundo hostil que o poder inventa sobre nós. Eu entendo os nenos que suspenden na escola, que choran cando seus pais lles reñen, entendo eses nenos de músicas difíciles e interiores, que se rebelan, que pasan a ser un problema para a sociedade, entendo eses adollescentes que beben moito alcol porque non hai respostas para as súas preguntas maravillosas e enormes.

Esas adollescentes aman, choran, buscan. Teñen todo e non teñen nada, buscan, increpan, son vítimas dun cárcere, o cárcere imposto de estar vivos neste sistema feo, un sistema de ruído constante no que non quedan silencios nin diálogo nin humanidade nin palabras. Eu son unha puta azul de vida silenciada e moitas cartas, moitísimas cartas, que me enchen, que me animan.

Ninguén escribe pero todo está escrito nas pupilas das vacas.

Ninguén escribe pero todo está reflectido no mar, nos peixes, nos barcos. A descuberta infinita do mar é para min unha viaxe iniciática que me reconcilia comigo mesma e coa vida. O horror é unha viaxe imperfecta. Eu móvome nas augas e non sei nadar e ás veces case afogo, case quero afogar, pero volvo sempre á vida con forza renovada. Hai que morrer con elegancia, con gaitas soando no cemiterio da aldea. Eses elefantes de mirar curvo que me miran con mala cara, e eu protesto. Todos debemos protestar, todos debemos mellorar a vida, todos temos unha razón de ser, un sensentido. O sensentido é unha razón máis, que nos fai altos.

As mulleres pasean polo mar. As mulleres teñen uns corpos finos, fortes, fráxiles. As mulleres levan roupa negra e cantan oracións sacras, con mirar fino, con tacóns na mirada, as mulleres levantan unhas saias longas e ensinan as pernas no mar, as mulleres teñen un andar canso, roto, desfigurado.

Hai que configurar liberdade nas mulleres do mar, nas mariñeiras da vida. Temos que ser conscientes de que estamos empezando un capítulo dunha novela, a nosa novela, o noso libro incipiente, a nosa loita de mulleres paseando polo mar no verán, escondidas, lonxe, nas praias bonitas de Galicia.

Eu quero soñar mundos interiores sempre. Sempre estou viaxando por dentro. Habito unha soidade animosa, animada, necesaria, libre.

Habito un mar descosido no que te atragoas. Habito un salón enorme sen piano. Non teño piano, non sei nadar, non sei cantar nin bailar, pero bailo e canto na sombra, no final. No final está o principio. Todo son caixas chines. Todo son globalidades plenas. Todo é un resumo nimio, pequeno. A veces queremos dicir moitas palabras pero non hai moitas palabras no mundo, o mundo é pequeno. Diverxente, violento. As culturas diferentes son ferros ardendo aos que nos podemos e debemos agarrar.

Debemos romper a rutina e ensaiar obras novas. Facer cousas distintas e difíciles, con medo e con confianza. Tomar decisións importantes e avanzar. Romper as pernas correndo.

Os nenos rompen moitas veces as pernas cando van nas bicicletas e non lles importa. Xogan, súan, berran, corren. A filosofía é unha arma difícil. Bonita, moi bonita. Atráeme moito a filosofía, como unha forma de escribir historias limpas e incorrectas, libres.

Eu conxuguéi en min moitas normas e agora estou libre, pero queda moito camiño, moitas cousas, moitas sorpresas, moitas enfermidades, moito medo, moita vida. A vida é importante. Sentirnos vivos é moi importante, decisivo, vital. Alégrome de ser vitalista e ter unha cara redonda e unhas pernas pequenas. Alégrome de ser Lupe, coas cicatrices que foi deixando o tempo. Alégrome de ir sempre en dirección contraria, coma se estivese sempre empezando un camiño que non acaba, que non vai acabar nunca.

Non creo no positivismo esaxerado, non creo na perfección, creo nas ganas de vivir. Creo que estar vivos é o que importa, que esa é a fonte inicial, o que nos alegra, o que nos invade.

Eu pensei xunto do mar que non é verdade nada, que non estou tola. Eu púxenme a pensar moito e pensei que non estou enferma. Eu pensei moitísimo coa cara ao sol, petando o sol en min, quebrando en min o ar, e agora estou renovada, agora medroume un pulmón máis que o outro, e nas vodas sempre fumo, sempre fumo nas festas, eu que nunca fun fumadora, que non me gusta o tabaco, ese tabaco que mata, ese tabaco bohemio que moita xente fuma e faíno como comer. Eu nas vodas como todo, non deixo nada, porque non quero adelgazar de súpeto, eu quero ir adelgazando cando a vida se vai movendo e sentímonos vivos por encima de calquera outro pensamento. Eu quero adelgazar, porque todo me pesa, e non porque o mande o mundo, ou tamén porque o mundo manda, promete, pesa.

Engordei nos patios da vida. Miña nai é delgada coma un fio. Todos os que me coñecen pensan que miña nai está gorda, pero miña nai ten un corpo delgado e sempre me di que estou moi gorda. Eu camiño contenta.

Os camiños hai que andalos, facelos, non queda máis remedio, hai que andar, hai que buscar solucións aos problemas. Hai que enfrontarse a todo e non é nada doado. Para os humanos a vida é un inferno. E o cura repite e repite nas misas que todos seremos felices no ceo se somos bos na terra e a min case me dá a risa e non o creo, paréceme infantil, tonto, falso. O sufrimento impídeme ver a Deus. O mundo está revoltido, o mundo está desolado, como a desolación de estar eu soa no mar.

Non comparto os círculos da relixión, aínda que ás veces gústame escoitar ao cura, porque eu sempre estiven moi atenta a todo, moi moi atenta. De nada serviu. Sigo sendo un mendigo. Ando polos bares como quen anda por parques bebendo viño, sucios, sucia. Tomo café e miro a vida dos camareiros que sorrín ou non, que son serios ou alegres, que me coñecen ou non, que me falan ou non. Eu bebo. Eu emborrácheme soa nos bares buscando unha explicación á vida.

A mirada reconfigurada das paisaxes está nas árbores da aldea, esas árbores que lle mostro á miña sobriña pequena, para que non lle teña medo á vida, para que ame a natureza, esa natureza enorme de ollos inflados, grandes, tristes, verdes, esta Terra nova e vella, este galopar enfermo e positivo, esta carreira cara a ningures. O final é un lugar no que se volve sempre ao principio, á negra sombra, á terra da infancia, terra escura de meter nos ollos e comela.

Eu non teño unha casa nin un marido nin un traballo, eu son unha nena insurrecta coas bragas rotas e manchadas, co pecado sobre min, cunha orixe que marquee con sangue, eu son un fracaso enorme. E recollo o pelo e miro-me no mar.

Lavo a cara e mírome, no mar, cerca do mar, na praia. Teño o pelo cortado cun puño e unha tesoura pero ás veces soño que teño un pelo longuíssimo e que me peiteo e que son unha nena feliz, unha xoven forte. Corto o pelo todos os meses para manter unha medida, a medida que corresponde, porque intento estar guapa, gastar cartos, seguir unha moda. Non é importante, nada é importante.

As mulleres, no mar, levan flores ás feiras e venden bicos e queixos coma que non fai barcos, como os homes compran tractores e vacas, forza. As mu-



lles teñen tamén forza, aínda que non o pareza pois sempre xogaron con monecas que pouco pesaban. Pesa a constancia da vida. A regularidade das cousas.

Ás veces parece que non podemos saír da rutina, que é difícil, que a rutina nos arrastra. Pero o certo é que facemos ás veces cousas diferentes para non aburrirnos, e as palabras son distintas, moi distintas, despois de estar tanto tempo no mar, descubríndolo o mar, coma quen ve piratas, escribindo postais azuis, dialogando cunha mesma, co noso interior borrado, co silencio da vida.

Eu non quero caer morta. Eu non quero romper os labios. Eu non quero que haxa tormentas terribles. Ter medo é unha circunferencia. Nunca saes, segue sempre, existe sempre medo a tolear, a perder a cabeza. Nunca quixen ser unha nena coa pube rota, pero escribin poesía para esconxurarme, para atreverme a estar viva, para comunicar o indecible, para dicir o silencio, para berrar palabras de sons diferentes, rotos, vivos.

Vida. A vida é o que máis me importa. A vida no mar, na praia, no sol, na alegría, na introspección. Moitas, moitas palabras, para encher a alma.

Libros que son paranoias, que son loita, que son incendio. Contos de nena rosada e doce, pero miña nai di que eu teño moi mal xenio. E meu pai non está. Morreu. Está morto. Anda vivo pola aldeia, mentres eu saco fotos, e Manuel, o do muíño da Pinguela, morre, e soan gaitas mentres me estou bañando no mar.

A aldeia está en todas as partes, como unha bruxa que enmeiga todo, como unha deusa do amor, como unha ninfa que me axuda. Non creo nos sortilexios. Creo na vida. Creo no amor. Busco sinceridade aberta. Abro as bragas e ensino todo o meu corpo coma se nada houbera dentro de min. Eu sempre estou escondida, gústame esconderme, e ás veces tamén me gusta berrar moito.

Eu sempre estou preñada desexando falar. Escribo tempos e historias interiores, malditas, enteiras, enfermas, internas, eternas. Busco comprensión cando chamo por teléfono a calquera persoa. Case nunca chamo por teléfono, non me gusta falar sen vernos. Gústame a presenza, a carne, os corpos existira existencia.

Miña irmá ensinoume a dicir palabrotas e gústame dicilas, é un desafo. Gústame ser un animal, ser libres como os animais. Gústame levar unha botella de cervexa nos ollos. Gústame andar na cidade polas noites, sen rumbo. Gústame perderme pois é unha forma de encontrarme.

Non quero caer na protesta. Non quero deixar de crer en min mesma e no que me rodea. Todo serve, todo importa, todo é símbolo, todo é tatuaxe, todo pode ser poema. O mal é tan importante como o ben. Ser malos, ás veces ser un pouco malos, romper as normas. Odio as convencións da xente, non as soporto, non me gusta o protocolo nin as boas maneiras, non quero ser fina, eu quero ser roupa mollada que seca porque fai sol pero non chove. Eu quero estar sentada cerca de miña nai, para vela, para que me vexa.

Eu quero que chova sobre min e as palabras para nadar no mar e no sol. Eu quero ser un indio que nada sabe. Eu quero ser un indígena sabio que aprendeu todo mirando o seu hábitat e sen socialización. Non me gusta a socialización, é unha palabra fea, é un sofrimento, aprender a compartir, aprender a ser como é todo o mundo. Rebentar, eu rebentei. O mar, espello das miñas feridas e da miña curación. O mar, amigo, ausente, bonito, limpo, azul. O mar, como un final buscado, como un principio de todo. Renacín mirando o mar. Renacín enferma. Agora camiño con alma propia.

Agora teño uns ollos de tabaco e poemas e namórome cando os mozos me preguntan se bailo nas festas. Namórome con moitísima facilidade, pero non teño mozo porque os compromisos danme moito medo.

Escribo con sangue sobre o corpo dos homes. Son unha puta de corazón grande cun prezo moi baixo, e a veces cun prezo moi alto, indecisa, insegura, solitaria, violenta. Non quero volver a unha escola onde me pegaban e había que superar probas. Nunca quixen socializarme. Nunca quixen que me atasen a mirada. Agora fago versos feos e fotos bonitas do mar.

O mar, o mundo eterno, a mirada azul, cansa, a dor, o silencio,



as ondas, as viaxes, o mariñeiro, Louro, camiños de bágoas e vacas, camiños interiores, festas íntimas nas que poño o vestido máis feo que teño, e poño unha maquillaxe que non se nota, porque eu non quero ser unha muller fría nin un adorno ao lado dun home, non quero que un home me pegue e me faga sufrir, non quero que me amen sen amar. Teño medo. Teño medo do frío todo do inverno, que chega e doe. Eu quero que sempre haxa sol e mar, facer esculturas de area. Eu quero a liberdade. A vida, esta vida de silencios grandes. Estas palabras de muller espida, temerosa, valente. Vivir non é máis doado que a morte. O mar é o espello perfecto no que me miro, no que me vexo alta, guapa, cunha existencia suave, cun mirar doce, oriental, íntimo, violento, forte. O mar é unha ferida que non acaba. O mar é goce, pracer, é o mellor cadro, a mellor pintura, o trazo mellor feito, a neniña pequena, o mariñeiro, os barcos.

O mar é unha bonita figura de papel que nunca rompe. Eu no mar non sufro, son feliz, xogo coa vida. Eu teño un xigante na boca que me magoa e cuspo para poder escaparme. Necesito unha fuxida, un himno, un amor. Necesito escribir no final dos días, no principio da noite.

O mar é unha pintura de lenzo e de sol. Ás veces chove pero nunca nos mollamos. A nena case anda e mírame coa estrafieza que hai nos ollos de todos os nenos. Os nenos son unha mirada cálida, ardendo, incapaces aínda de existir, sendo bonitas paisaxes de muller. Mulleres, terra e mar, fundidas nun abrazo, en Louro. Eu mando postais a todo o mundo e todos me din que é divertido como cazar gatos cando os gatos son malos. Gústame ser mala como unha gata de pelo negro. Gústame camiñar dereita ou ao revés, atropelándome os coches que pasan correndo moitísimo, poñen medo, teñen tanta prisa que nunca van chegar a ningunha parte. Eu tiver unha moto e gústábame correr moito, era bonito, era perigoso, era un límite, era unha rebeldía asustada, unha carreira entre os prados, con raiba, como un lugar incomprendido que eu levaba no corazón. Os adultos eran xente mala. Eu poñía lazos no pelo e metíanseme moscas nos ollos, corría moito, daquela era fundamental correr, estirarme, vencer, vencerlle a un mundo adulto e hostil e falso.

Eu camiñaba pola estrada con andar falso.

O mar é un amigo, o mellor amigo, a mellor descuberta, o doce sentimento de ser eu mesma entre as árbores e os coches. Non me canso de escribir nunca, estou escribindo sempre, recollendo sempre todo cos ollos, captando o ambiente e as pulsións e o emocionante. Eu teño un ollo moi grande que non ve nada. Non sei ver cousas concretas, só me fixo no abstracto, por eso non sei falar de política cos homes. Miña irmá dime que leo moito o xornal pero que non me entero de nada, e ao mellor ten razón. Ao mellor eu son meiga de artificios de mar e calma. Ao mellor eu vivo exiliada nos bosques. Ao mellor non teño un corpo roto, non teño nada. Ás veces sinto que son incompleta, que quixera alcanzar máis cousas, alcanzar todo.

O mar é un vixía esperando algo. Esperando a miña mirada espida. Eu son unha puta enorme con enormes tetas de furacán enorme, e os homes dinme que a miña paixón é literaria pero non é verdade. Non sei onde hai mentiras nin verdades, todo está no mesmo caixón da cama e do sexo.

Eu son feliz facendo poemas difíciles e decapitados e feos e tristes. Poemas felices da alma na noite. Esa noite de festas de aldeia, nas que as orquestras parecen un espectáculo pobre, nobre. Esa noite na que racho a alma porque a vida me fere. Rompen o meu vestido roto, e non pasa nada. Nada diferente ocorre. Rómperme por dentro. Doe, pero eu camiño coma se non pasase nada, e a xente abrázame con moita, moitísima forza.

Non teño medo a seguir camiñando. Eu quero vencer o frío. Teño frío no verán, cando o sol me peta na cara. Cando o sol me fai alegre. Eses raios que me chocan na pel e me espertan e me fan revivir e renacer, un renacemento, unha resurrección, un espertar altivo de persoa grande.

Sigo viva no silencio. Eu son unha persoa calada. Non falo moito porque me canso de falar, porque as palabras magoan, porque sufro no interior da balea, porque teño medo nos ollos. Non falo

moito porque teño cosida a alma, e exprésome na escrita como un camiño que sae do seu cauce.

Eu son un balbordo de rías. Eu son unha persoa difícil e incómoda. Eu sinto que nada ten sentido. Eu teño a páxina lúcida e aberta dos poetas. Eu creo na poesía, como un acto de fe, de amor, de vida. En Louro os días pasan correndo e cada día é mellor ao anterior, e todo é unha rutina marabillosa, todo é saír da rutina.

Eu creo que hai que correr pola praia, como a nena vitalista vestida de azul que me mira, que se mancha na area, que é independente, que xoga, que corre na auga, que é feliz coa boca aberta, coa boca chea. Miro esa nena de nove ou dez anos todos os días na praia e fíxome nela moito. Significa unha alegría que eu nunca tiver, ou eso creo. Eu sempre fun taciturna e enferma, estudiosa e silenciosa, alta pero enormemente pequena. Eu non fun esa nena vestida de azul que corre pola praia, co pelo loiro, guapa, inmensa. Míroa todos os días, gústame mirala, sinto mágoa, e síntome ben agora, despois do túnel, despois da escuridade.

A revolución son nenas maniatadas que corren, que se enfadan, que comprenden o mundo, que xogan, que bailan. Eu aprendo música nos cemiterios e camiño delgada. Cerca do mar hai unha festa na que bailan e poñen roupa cara, eu non vou. Cerca do mar hai xente paseando a aparencia, escondo a cara.

Cerca do mar hai unha bailarina borracha descontando o tempo de vida que lle queda. Está presa por cadeas de ferro que ningún rompe. A liberación é marabillosa. A liberación é unha alegría enorme. Eu tomo drogas porque tomar drogas é san. Eu bebo feridas que despois me doen no estómago. No mar curo todo. No mar son unha raíña dun reino grande e a xente vella di que son guapa. O mariñeiro camiña polo pobo con andar enfermo e miña irmá di que vai morrer pronto. Eu aprendo o abecedario e cústame, cústame moito, sufro moito. Non soporto que todo esté preconfigurado. Confío na liberdade do mundo e das cousas. Na espontaneidade alegre de toda a xente. Dialogo cunha amiga nun bar de Santiago e ensinolle as fotos que saquei no mar rompendo os dedos. O mar era azul, como o pelo das gaiteras modernas. Eu rompía a falda e abría o sexo no mar. Eu sacaba a roupa para abandonar, abandonar. Durmía despois de comer, no mar. Durmía, ensoñaba. Paisaxes bonitas de lugares fermosos. Lugares como un conto. A nena durmía e ti e eu mirábase o mar chocando con nós e coa terra. Ti eras o meu namorado e eu sorría achegándose a ti, pero ti sempre estiveseches moi lonxe, ti nunca me chegaches a mostrar o teu interior amigo, o teu interior tolo, a túa casa escura, a túa morte.


Ti e eu eramos amor paseando pola casa.

Ti e eu eramos porcelana ardendo e fría, moi fría, moito frío, moita soidade, moito dar para non recibir nada, e aínda penso en ti ás veces, en escribírche unha carta, ou decirche versos de puta que te asustan, pero ti non mereces nada de min, pegáchesme na cara.

O mar é un vento. É unha muller de cartón e chocolate. É un silencio azul. Eu sinto que todo pode ser recuperado, reconstituído, salvado. Eu sinto que estou a tempo de construír un mar, un campo de follas verdes e verdes flores, unha casa, lugares limpos de muller libre e algo borracha. Gústame estar algo borracha ás veces, é case un costume, é case unha enfermidade. Tamén me gusta beber moita auga limpa e fría, bebo auga no mar, nos bares, bebo café que me gusta moito, bebo café que me enche a alma. Non teño roupa e ando de pé case sempre, sen caer para os lados, sen marearme, feliz, asustada.


O mar é unha figura, un sombreiro sucio de sexo, un silencio azul de papel, tan antigo como eu mesma lembrando avós e avoas, tan novo como a nena que xoga na lonxanía luminosa da aldeia, esa nena que son eu, esa nena que agora nace de novo nos ollos da miña sobriña pequena.

Eu non quero que as tardes bonitas ao lado do sol morran. Eu quero volver a aquela praia e mirar as tardes morrer. Ese sol tan cariñoso, tan fiel, tan amigo. Ese sol que pouco loce en Galicia, pero que luciu este verán para animarme. "Aproveita a luz e o sol, que logo Santiago é gris" díxome unha boa amiga e pareceume al-



**RDI**

Suplemento de O Correo Galego sobre os xoves. Coordinación: A.R. Lopez, Rbssa Navia e Saedade Nola. Deseño: Anton Lopo e Carme Botana. Maquetación: Carme Botana. Fotografía: Chico Miras e Chico Saorano. Infografía: Teresa Tojo, Fran Domínguez e Alberto Rivadulla.  
E-mail: RDI@elcorreoagallego.es



**RDI**

lista dats letras 434

**11-S-2002**



Convertido en auténtico fenómeno mediático, transmitido en directo polas televisións na hora de prime time, convulsión dun país que nunca fora atacado sobre o seu propio chan (anque os seus soldados desembarcaran sen permiso previo en calquera país que os incomodase), o atentado terrorista contra a Torres Xemelgas de Nova York simboliza o terror de occidente fronte ás súas propias pantasma, esas que foron nutrindo pouco a pouco os occidentais en séculos de dominio militar, económico, político e relixioso. Do atentado non queda nin un só cascallo –que os equipos de traballadores anónimos limparon durante un intenso ano–, pero permanecen outro tipo de cascallos, tan encistados que ameazan con cambiarlo curso da historia. O soño americano –as World Trade Center do Gran Quintero eran un dos seus máis idolatrados avatares–, semellou derrubarse coa facilidade dun castelo de naipes nun día en que o terror e a incerteza se fixeron donos do sentir de cada un. Desde esa data, todo cambiou ou, realmente non houbo ningunha modificación, só se revelou a verdadeira natureza do home, a que permanece latente pero que está reservada para os momentos ó límite, a da división maniqueísta dun mundo entre bos e malos. A localización a un ou outro lado da alternativa imposta pola doutrina Bush, ou simplemente a exclusión dela, marca xa o rumbo das relacións internacionais e o destino de moitos países. Un ano despois, **rEVISTA DAS IETRAS** realiza un percorrido polo que foron estes doce meses, marcados pola guerra, a recesión económica ou a perda de dereitos civís. Tampouco é que o atentado o provocase: a crise económica xa estaba aí nunha dinámica que moitos consideran non unha crise senón o colapso do sistema capitalista dos últimos vinte anos: sería o comezo dunha era marcada pola incerteza e, para algúns analistas, polo regreso a un réxime de corte medieval. Xavier Cordal, Xulio Ríos, Herminio Barreiro, Aurelio Miras Portugal, Alberto Sacido, Chus Pato, Pedro de Llano, Xosé Luís Martínez Suárez, Ghaleb Jaber Ibrahim, Germán Sierra, Francisco Martínez Bouzas, Caetano Díaz, José Luís Losa, Lucía Cheda e Antón Patiño **proporcionan as súas reflexións sobre o 11-S desde a perspectiva de hoxe. Onda eles, ademais dun amplo material fotográfico, incluímos os debuxos especialmente realizados para este monográfico por Antón Patiño (portada e contraportada), Berta Cáccamo (páxina 4) e Xosé Freixanes (páxina 34).**

Este especial no aniversario do 11 de setembro foi realizado polo equipo de redacción de O Correo Galego: Conchi Bilbao, Laura Camino, Rosabel Candal, Moisés Corilloclla, Cristina Domínguez, Mónica Martínez, Raquel Martínez, Pilar Pousada, Antón Rodríguez López, Rosa Rodríguez, Marta Rodríguez, María R. Valeiro. Dixitalización: Chico Mirás. Infografía: Roi Fernández. Corrección: Equipo de lingüistas.

fágome cargo dos meniños que dormen nos xácigos; adheridos á raíz do brión: Teodosia e Xustiniano (os grandes frescos) Bizancio

\*\*

cando afirmo  
“eles, os meus antepasados tiveron casa (idioma, territorio) souberon as voces para significar calquera/todo accidente na topografía”  
e sosteño  
“eu non pobo a terra igual que os meus antepasados, non coñezo os nomes (idioma-territorio) non son un bosque, unha árbore, un cultivo”  
non emito un xuízo de valor, non me contrapoño nin me considero un suxeito de progreso  
digo  
“foron xentes labregas, amarradas á rotación trieneal das colleitas e nun tempo anterior á gleba”  
constato unha evacuación do poder, un cambio de paradigma

\*\*

codifica a emigración non só como un atentado contra a identidade [(de nós) como pobo] senón tamén como unha negativa e a procura da liberación (a resistencia contra as horrendas condicións de traballo e a procura da liberdade e de novas condicións políticas, de vida)

[sobre o desexo de mobilidade]

explora os seguintes discursos:  
o argumento mercantil da idade moderna, o suxeito romántico da primeira revolución industrial // o poema máquina das vangardas (cadea de montaxe, taylorismo)

a teoría do valor na era da acumulación informacional

figura que tipos de individuación e corpos poéticos produce e que prototipos escriturais bloquean estas propostas ou son fundamentalistas (nostáxico-retardatarios)

é dicir relaciona máquinas de produción // gradientes no poema

no que fai a guerra fría e ao período de máxima tensión este poema de I. Bachmann Keine Delikatessen

“(…) aprendín a ser sensata  
coas palabras  
que hai

(para a clase máis baixa)



fame  
deshonra  
bágoas

(…)

(as miñas, que se perdan)”

CHUS PATO

Fragmento dun poema de Chus Pato ó que os fados do Windows lle arrebataron unha parte do final, baseado nun texto de Ingeborg Bachmann.




# As outras historias do 11-S

**ANIVERSARIO DA MORTE DUN POLÍTICO.** 11 de setembro de 1973, Salvador Allende, levado á presidencia por **Unidade Popular de Chile**, e ratificado electoralmente, transmitía esta mensaxe a través das ondas de **Radio Magallanes**: "Traballadores da miña patria, teño fe en Chile e no seu destino. Superarán outros homes este **momento gris e amargo** no que a traizón pretende impoñerse. Sigán vostedes sabendo que, moito máis cedo que tarde, de novo se abrirán as grandes alamedas por onde pase o home libre, para construír unha sociedade mellor. ¡Viva Chile! ¡Viva o pobo! ¡Vivan os traballadores! Estas son as miñas últimas palabras, e teño a certeza de que o meu **sacrificio** non será en van, teño a certeza de que, polo menos, será unha **lección moral** que castigará a felonía, a covardía e a traizón". Ese mesmo día, o naquel entón presidente chileno e posuidor dun título que o acreditaba como médico, **morria**, ós 65 anos, defendendo o seu cargo no **Palacio de La Moneda**.



**A DÍADE DE CATALUÑA.** Durante a fatídica data, **Cataluña** celebraba o 25 aniversario da súa Diade, o seu día grande, o **día Nacional** no que os cataláns conmemoran a perda dos **dereitos nacionais** en 1714. Os atentados **ensombreceron a festa catalana**, e os actos previstos para a noite en **Sant Boi** foron **cancelados**. Isto non impediu que na mañá do **once de setembro do 2001**, durante a tradicional ofrenda floral ante o monumento a Rafael de Casanova de Barcelona, os líderes políticos da comunidade, con ausencia de Pascual Maragall, se reunisen para **rexear** que o **Executivo central** reservase a potestade de supervisar por adiantado os **proxectos de lei** que elaboren os gobernos autonómicos. Durante as **ofrendas florais**, un centenar de persoas increpou á **delegación do PP catalán**, que, seguindo a tradición e baixo asubios de **'PP fóra de Cataluña'**, estiveron escoltados por **fortes medidas policiais**. A Diade acabou con incidentes e desperfectos no mobiliario urbano.

**80 ANOS DESPOIS.** O profesor titular de Filosofía da Universidade de Oviedo, **Gustavo Bueno**, mantén que a data do 11-S ten unha **significación especial** e unha razón de ser. Neste sentido, afirma que "o **Islam ortodoxo representado por Al Qaeda** quixo celebrar o once de setembro o establecemento do **primeiro poboado xudeu en Palestina**". Así é que, segundo afirma, **oitenta anos** antes do atentado ó World Trade Centre, a **Organización Sionista Mundial** celebrou o establecemento de Nahalal, a primeira "moshav", **aldeia colectiva**, no "emek" no val de Izreel. O 11 de setembro de 1921, Nova York acollía unha gran **convención sionista**, que afianzou como dirixente a **Jaim Weizman** (primeiro presidente do Estado de Israel, en 1948). Foi precisamente nesa **multitudinaria reunión**, ante cen mil xudeus afevoados, onde **Alberto Einstein**, sionista militante, pronunciou: "Mein Führer ist Jaim Weizmann. Folgt ihm. Ich habe gesprochen" (**O meu caudillo é Jaim Weizmann. Sigano. Dixen**).




**CASO WANNINKHOF.** **Alicia Pérez García**, a mellor amiga de **Rocio Wanninkhof**, declarou o once de setembro do 2001, que había "**odio**" entre a vítima e a súa **presunta asesina**. Así foi que á pregunta "¿sentía Rocio odio cara Dolores?", do abogado da acusación particular, a resposta que obtivo foi un **rotundo "sí"** da testemuña e mellor amiga da vítima. A rapaza, que contaba con apenas 18 anos, **declarou** no xuízo que cada vez que Rocio veía a Loli Vázquez pola zona onde vivía, "evitábaa e cambiaba de beirarrúa". Incluso nalgunha ocasión lle **pedía axuda**, como aquela vez que, segundo relatou Alicia, lle pediu que se **quedara na súa casa** "cando viu o coche de Loli á porta da súa". Ese día e nese mesmo xuízo estaba previsto, **con grande expectación**, que prestase declaración a **vidente Marisa Sevillano**, quen finalmente non acudiu. **Dolores**, nunha visita á vidente, aseguroulle que se quería **vingar dunha persoa** coa que **rompera relacións**. Na fotografía, a nai de Rocio.

**SUCESOS NACIONAIS.** España tamén tivo o seu propio **día negro**, e a ameaza xa con **mal sabor de boca**. Concretamente no **Pais Basco**, na madrugada do dez ó once, un grupo de **radicais incendiou o coche particular do xefe da Policía Local de Andoain** (Guipúscoa), un Peugeot 309, e o lume **destruíu tamén totalmente** outros tres automóviles e danou a catro turismos aparcados nas proximidades do lugar. A este respecto, a presidenta do PP de Guipúscoa, **María San Gil**, expresaba a súa **solidariedade co xefe da policía Local de Andoain**, Joseba Pagazaurtunda, e pedía ós cidadáns que se rebelasen **contra a "imposición dos fundamentalistas"**. Esa mesma madrugada, e como ocorre practicamente a diario nas costas do sur español, un grupo de **dezanove marroquis foron detidos en Ceuta** despois de desembarcar nas costas da cidade ás que chegaron a bordo dunha **patera**, pilotada por un marroquí que tamén foi arrestado. Os **inmigrantes pagaran unhas 160.000 pesetas por persoa**.



**VOLTA Ó COLE.** Mentres os **nenos americanos** vían derrubarse o mundo a través da "**caixa parva**", ou, os menos afortunados, faciano "**in situ**", os galegos preparaban emocionados os seus **plumieres, libros, libretas, rotuladores...** A **volta ó cole** estaba á volta da esquina, empezaba dous días despois. Os **datos** que saían ó público esa data indicaban que o curso comezaría con **6.300 alumnos menos e 300 profesores máis** que o ano anterior. Un panorama que chocaba cos centos de rapaces que **non poderían ir á escola** e facea-la vida normal de cada ano. Uns, **polo susto, polas feridas**; outros que non poderían ser acompañados polos seus pais... En **Galicia o curso escolar** preparábase con ansia como sempre, a pesar do **descento do 1,5 por cento** que, por outra parte e segundo o **conseilleiro de Educación, Celso Currás**, era inferior ó rexistrado no 2000. No **ámbito universitario** prevíanse un total de **406.875 alumnos**, dos que o **26,2 por cento (106.595)** farían en **centros privados**.




**CHAMPIONS LEAGUE.** Mentres o **fume das Torres** enchía as rúas e a xente aínda non esperaba do **shock**, o **Real Madrid**, sen o que era a súa estrela do momento, **Zinedine Zidane**, gañaba **dous goles a cero** ante o Roma, cun excelente partido do portugués **Luis Figo**, autor dun gol. Era a **primeira xornada** da máxima competición europea, a **Champions League**, unha xornada na que o **Mallorca vencía** ante o Arsenal por un gol a cero e o **Deportivo** se preparaba para enfrontarse no campo Félix Bollaert de Lens (Francia) ó **Lille**. O **Celta** tamén se concentraba no partido. O adestrador, **Víctor Fernández**, comentaba que a **primeira posición** da táboa tras dúas xéiras crea unha "**sensación gratificante e especial** porque dá tranquilidade e confianza no traballo que se vén realizando nos **adestramentos**, pero nada máis". O **equipo vigués** enfrontaríase ó modesto **Sigma Olomouc**. No "día gris" ó media punta celtista Edu sufría unha lesión que lle impediría xogar ante o **equipo checo**.




**EFEMÉRIDES.** Sexa como for, a data do 11-S escondía outros significados esquecidos para uns, recordados por outros. En **1609 Felipe II** decretaba a **expulsión dos moriscos** de Valencia e Castela. En **1940** creábase un **Tribunal especial** para a **represión do comunismo e a masonería** en España. Doce anos despois, no **1952**, o **chanceler alemán Adenauer** firmaba acordos como **reparación** para a **poboación xudía damnificada** na II Guerra Mundial. A **bolsa de Nova York caía** en **1986** e en **1989** os primeiros alemáns orientais que chegaban ós campos de acollida do oeste eran recibidos por **Helmut Kohl** (na fotografía). **Escocia** recuperaba o seu **parlamento autónomo** en **1979** e **Javier Clemente** deixaba de ser **seleccionador nacional** en **1998**. O 11-S cumpría anos o **ex-presidente filipino Ferdinand Marcos** (84), o **director de cine Brian de Palma** (61) e o **ex-futbolista F. Beckenbauer** (56). No **1971** morrera **Nikita Jruschev**, no **1988** o cantante **Peter Tosh** e o ano **1994** vía falecer á actriz **Jessica Tandy**.





George Bush, presidente dos Estados Unidos, fala por teléfono a bordo do avión Air Force One o mesmo 11 de setembro. Bush, con menos de un ano á fronte do goberno, recibiu o golpe máis duro que nunca recibira ningún presidente nin o país americanos



Osama Bin Laden, líder do Al Qaeda, quen acaba de reivindicar abertamente os atentados do 11-S en Estados Unidos este pasado luns na televisión qatari Al Jazira. Desde hai un ano, Bin Laden é o home máis buscado do mundo, do que a penas se sabe se segue vivo

# galería



O pobo americano, conmocionado, asistiu á maior violación da súa seguridade o 11 de setembro de hai un ano a primeira hora da mañá cando, o que semellaba un accidente se converteu nun pesadelo terrorífico de avións atentando contra as Torres Xermelgas e o Pentágono, máis un que se estropeou en Pensilvania, ferindo o honor americano e deixando ó mundo coa boca aberta ante tal espectáculo no que perderon a vida máis de tres mil persoas. A retina garda desde aquela unha serie de horrores imposibles de borrar de xente envolta en sangue e po a carón de certa desconfianza cara ós avións que sucan o ceo

Alxanistán, o país refuxio de Osama Bin Laden e da súa rede Al Qaeda, pagou as consecuencias dos atentados. Efectivos militares europeos participaron na operación 'Liberdade duradeira', coa que desde o 7 de outubro do 2001 unha coalición internacional liderada por Estados Unidos se lanzou sobre Alxanistán para derrubar-lo réxime ultraintegrista dos talibáns e acabar cos seus protexidos da rede terrorista Al Qaeda. A mensaxe dos europeos era clara: total solidariedade e apoio ós Estados Unidos na loita antiterrorista, pois concebiase esta como unha materia de interese común e que afectaba a todos por igual



O pánico das 2.654 vítimas que morreron dentro do The World Trade Center de Nova York ás 8.46 horas do 11-S do 2001, cando impactou o primeiro avión, ata ás 10.29 horas, en que caeu a última torre foi brutal. Algunhas delas, desesperadas, tiráronse ó baleiro ante o desconcerto de verse atrapados nas lapas nun rañaceos que semellaba un labirinto sen saída, con milleiros de persoas correndo espavorecidos en busca da escaleira para fuxir da morte



Testemuñas na illa de Manhattan. Turistas que se achegaban coñecendo a emblemática Gran Mazá e os seus rañaceos, bomberos que acudiron á chamada de emerxencia, persoas que fan ó seu posto de traballo... Xente que se converteu en testemuña do impacto de senllos avións contra as Torres Xemélgas, absorba primeiro na incredulidade e dominada polo desconcerto despois correu, rezou, labouse... chorou e deu gracias por escapar do inferno


# de



Habitantes da cidade de Nova York non daban creto ó que vián; nas súas caras reflectíase a incredulidade; nos seus ollos, a mágoa; cos seus acenos negábanse a mirar para o horror. «Como podía estar pasando algo así nos Estados Unidos!», así se ve na instantánea da dereita que foi merecedora dun premio Pulitzer de fotografía. Logo, coa visión que dá o tempo, asumíase a realidade e a dor silenciosa e sereia e, segundo sinalan moitas enquisas, os americanos cambiaron a súa concepción da vida e as súas prioridades



Xornalistas. A noticia recuperou a súa primacía a consecuencia do 11-S. Con correspondentes nos puntos estratéxicos, programas monográficos en radios e televisións, edicións especiais nos xornais e continuas actualizacións das edicións dixitais, os medios de comunicación afrontaron o reto de sacar unha sede de noticias sen precedentes. O cronista de 'El Mundo' Julio Fuentes perdía a vida no camiño xunto a outros tres compañeiros que cubrían o conflito en Afganistán.



Os terroristas. Mohamed Atta (foto da esquerda), dirixente do grupo, orixinario da terra do paraíso, Exipto, destruíu a primeira torre, sincero e serio, reunía nel todas as aspiracións da nación. Que Deus o acolla no paraíso como mártir!; supóñese que dixo Bin Laden na televisión o pasado luns. Semella que o millonario saudí é afeccionado ós vídeos e a divulgación dun deles onde se ría e organizaba os atentados non lle pasou desapercibido a ningún.



# personaxes



Patriotismo. O sentimento de vulnerabilidade que invadiu os estadounidenses nos instantes seguintes dos atentados atopou na bandeira unha fonte de consolo. As barras e estrelas ondearon nas ruínas do World Trade Center, nas miles de homenaxes ás vítimas, nos balcóns das casas, nas cerimoniais relixiosas e ata no lombo dos animais. Desde a presidencia do país alentouse o sentimento patriótico e, coa ferida aberta, Norteamérica sentíuse máis unida que nunca.



Apoio a Osama Bin Laden e odio ós americanos. Ante o inminente ataque estadounidense contra Afganistán, ó longo do mes de setembro sucedéronse afervoradas manifestacións a favor do líder de Al Qaeda nas que quedaba patente o odio á hexemonía estadounidense prendéndolle lume á súa vangarriosa bandeira.

# Vencer o terror ou dominar o mundo?

“*A irrupción do terrorismo cun nivel de brutalidade descoñecida ata agora foi terreo fertilizado para fomentar políticas que poden reducir espazos de liberdade e de intimidade das persoas*”

# a

ta que punto mudou algo o 11S a situación internacional? ¿e o que, en caso afirmativo? Non estamos, certamente, ante un cambio de época pero si ante o peche evidente dunha etapa, a posguerra fría, caracterizada pola busca do inimigo. De Cuba, a Corea do Norte, pasando por Iraq, China, os nacionalismos, etc, por unhas e outras razóns ningún destes elementos aportaba, nin individual nin separadamente, a suficiente consistencia como para encher aquel baleiro deixado pola URSS. O terrorismo, aglutinante do eixe do mal, reúne as condicións elementais para erguerse como novo inimigo incontestable: violencia brutal, inseguridade, incerteza, espectacularidade... O ataque terrorista contra o corazón financeiro e militar de Estados Unidos abalou os cimentos da política mundial.

¿Que características podemos adiantar desa nova etapa histórica que estamos inaugurando? En primeiro lugar, a ausencia de limiares. Aquí non hai teléfono vermello. O 11S deixou o listón moi alto, pero nada impide que poida ser superado; mesmo se invita a iso ao desenvolver unha política en extremo prepotente. Pero ausencia de limiares tamén na resposta, na outra violencia que dimana da resposta "legal". Nesa liña, a guerra de Afganistán, un país convertido hoxe nun ermo sachado polas bombas e con crecidos índices de violencia e brutalidade, indicanos sobre todo o futuro das guerras, o enorme campo aberto para a experimentación, a aproximación da realidade ao filme: a utilización en masa de munições intelixentes combinada con novos e sofisticados sistemas de vigilancia, o uso da aviación, a implicación da poboación local como aliado sacrificable. É significativo que a primeira vítima USA no conflito non fora un soldado senón un axente da CIA.



Benzón cristiãna dunha cruz realiza cos ferros da Torres Xemelgas

En segundo lugar, é constatable un reforzamento da hexemonía USA, militar e ideolóxica, non económica nin moral. A capacidade militar de Estados Unidos é indiscutible. O seu orzamento de defensa representa case o 40 por cento da suma do orzamento militar de todas as nacións do mundo. Washington é consciente desa superioridade no militar e por iso se abre camiño con tanta arrogancia a idea de substitución da diplomacia pola forza para acadar obxectivos políticos, excluindo as hipotecas e incomodidades dunha negociación: "Ningún nos pode parar". Os demais países están impresionados e paralizados: máis de sesenta nacións aportan información de intelixencia a Estados Unidos a cambio de nada. Bush non discute os seus plans con ningún. Agora mesmo a idea da coalición internacional contra o terrorismo é máis quimera ca nunca.

O principal argumento que permite este enorme empurrón á vella tendencia hexemonista, moi presente no sistema internacional antes do 11S, especialmente na conduta da principal potencia, é a loita contra o terrorismo. Un fenómeno brutal, sempre condenable como toda violencia, pero que en ocasións esixe matices: os terroristas de hoxe poden ser os heroes de mañá e viceversa. Pensemos en Israel, en Irlanda, en Chile, ou nos propios talibán, armados e adestrados pola CIA e considerados loitadores pola liberdade cando se enfrontaban á extirpa URSS e agora equiparados ao mal por excelencia. ¿Que é terrorismo para Bush? É terrorista todo home, organización ou empresa que nós digamos que o é. E con esa premissa impoñen a todo o universo o terror como

primeira preocupación global, porque así convén aos intereses de Estados Unidos para instrumentalizar sen críticas ("ou con nós ou contra nós") o reforzamento da súa hexemonía no mundo. ¿Fame, pobreza, desigualdades, desequilibrios, cambio climático...? Nada comparable co patriotismo universal antiterrorista "made in USA". Nefastas e patéticas figuras como Ben Laden ou Saddam Husein brindan a coartada perfecta.

O clima creado facilita, por outra banda, o incremento da súa influencia en institucións clave do sistema internacional (Banco Mundial, Fondo Monetario, ou na propia ONU), eludindo aqueles corsés que pretenden erixir unha orde baseada na gobernabilidade democrática e na xustiza (Tribunal Penal Internacional). Igualmente permite pulverizar as resistencias, internas e externas, a proxectos anteriormente moi polémicos coma o escudo antimísiles, o mantemento do tratado ABM, o control da fabricación de armas químicas, etc., propiciando un enorme investimento en defensa. Ese gasto será unha potente inxección nunha economía americana sempre ás portas da recesión.

## [O eixe Washington-Moscova]

En terceiro lugar, o 11S provocou un novo escenario estratéxico. Rusia e Estados Unidos vertebran un novo entendemento. Está por ver se este vai ser un cambio conxuntural ou máis duradeiro. Putin, quizais consciente da imposibilidade de impedir a penetración norteamericana, quizais temeroso de sufrir aquí tamén a perda de influencia que experimentou nos Balcáns, aposta por foxar unha sólida alianza da que espera tirar proveito propio, en primeiro lugar, en Chechenia, pero tamén na Transcaucasia, aquilantando a súa relación, difícil, con Xeorxia, principalmente. Coa renovada importancia estratéxica de Asia Central, Rusia recupera un papel de maior protagonismo. Washington precisa a Moscova para controlar e apoiarse nunha área na que conserva aínda unha grande influencia. As repúblicas post-soviéticas de Asia Central miran de novo cara a Rusia, que non se resistirá a aproveitar esta circunstancia para reforzar os mecanismos integradores da CEI e demais plataformas de seguridade rexional. "Eurasia é o taboleiro no que desenvolve o combate pola primacía global. A maneira en que Estados Unidos administran Eurasia é dunha importancia crucial", lembranos Zbigniew Brzezinski no seu libro "The grand chessboard". En opinión de Brzezinski, conselleiro para a seguridade dos Estados Unidos en tempos do Presidente Carter, Eurasia é o continente máis grande da Terra e o seu eixe xeopolítico. Aquí están dúas das tres rexións máis desenvolvidas e produtivas do planeta, o 75% da poboación mundial e a maioría das riquezas físicas (materias primas e empresas), que representan o 60% do total do globo. As súas reservas enerxéticas (petróleo e gas) e minerais revisten unha enorme importancia, tanto pola súa dimensión cuantitativa como cualitativa: a posta en plena explotación destes recursos pode permitir a redución da dependencia occidental das reservas de Oriente Medio (na actualidade un 55%, un 60% no 2010 e un 75% no 2015). Urxe tronzar esa perspectiva e imaxinar outro Golfo Pérsico arredor do Mar Caspio. O desenvolvemento dese potencial require a satisfacción de dúas condicións: estabilidade e dominio. Niso estamos. Asia Central, cun peso político e económico moi debilitado, reviste a partir do 11S unha enorme importancia.

Unha incógnita importante é o futuro papel da China. Unha grande incerteza

percorre agora as liñas esenciais da súa política exterior dos últimos anos, baseada, no fundamental, no establecemento de asociacións estratéxicas cos principais actores da sociedade internacional (UE, USA, Xapón, Rusia). A política de atracción de Rusia, con quen compartía numerosos puntos de vista, queda en entredito agora que Moscova se aproximou á OTAN. Igualmente, o medre articulado da súa influencia nos estados de Asia Central, a través do grupo de Shanghai, –por razóns estratéxicas, enerxéticas e políticas– experimentou un importante revés que intenta limitar. Beijing acariña un novo entendemento con Nova Delhi e intenta construír unha relación estratéxica con Estados Unidos sobre a base da loita antiterrorista, pero non lle resulta doado. A administración Bush, aliada de Taiwán, chegou a dicir a sabendas de que se trata dunha materia moi sensible, aposta pola contención da China emerxente, colocando ao seu redor un completo anel de bases militares que limita a expansión da súa influencia mentres medra a esfera de actuación da OTAN moito máis alá de Europa. Para Beijing, que segue a reivindicar a multipolaridade, non é admisible envolverse en operacións non controladas e por iso reclamara a lexitimación da ONU en todo novo impulso (léase Iraq) da loita antiterrorista.

Por último, é constatable unha nova dimensión de conflitos locais. ¿Ata onde está disposto Washington a impoñer concesións a Xerusalén para moderar o descontento árabe e restarlle argumentos ao islamismo radical? Pese a comprobarmos o desinterese de facto neste asunto, xa non falamos dun problema estritamente rexional. Semellante porvir pode agardar á causa saharauí. Outras, sen embargo, poderían resultar parcialmente beneficiadas. Pensemos na dramática loita do pobo curdo que podería chegar a cumprir a función da *Alianza do Norte* en Iraq se Cheney, Rumsfeld and company se deciden a materializar os planos de invasión. As negociacións neste sentido están en marcha con prezo inevitable para a Casa Branca: o reafirmamento dun Estado curdo independente que non afectaría a Turquía, pero que podería medrar en Irán.

Globalmente estamos asistindo a unha profunda acentuación das preocupacións rexionais de acceso a fontes de enerxía e de subseguinte control de determinados réximes extremando as presións para impor, chegado o caso, procesos de pacificación atacados ata hai pouco tempo. En África, Nixeria e Angola, por exemplo, hoxe importan máis e probablemente o novo contexto influíu na reorientación da política de forzas concretas como a UNITA, agora sen S. Vambol. No mesmo continente, países "menores" como Congo ou Guinea Ecuatorial, medran en importancia, en razón dos seus recursos. Igualmente Sudán, como Libia, por razóns de seguridade, ou Madagascar, con importantes reservas. Nunca Estados Unidos estivo tan presente no continente negro.

As consecuencias internas nas nosas sociedades, son unha evidencia. A irrupción do terrorismo cun nivel de brutalidade descoñecida ata agora foi terreo abonado para fomentar políticas que poden reducir espazos de liberdade e afectar á intimidade e ao exercicio de dereitos básicos dos cidadáns (comunicacións, circulación, etc). Podemos agardar aínda máis control sobre os cidadáns, máis vigilancia, espionaxe informático, postal, telefónico, etc, especialmente sobre os movementos antistatísticos (antimundialización). Non gardemos ningún cambio profundo de cultura. O discurso multicultural cede o paso ao distanciamento das culturas, configurando un conxunto de debilitamento da calidade democrática.

XULLO10S

# As cinzas do imperio

Cando un baixa por Broadway cara a Battery Park durante un día de semana de principios de setembro vai percibindo que as cousas xa non son como anos atrás. Nada máis cruzar Canal Street empézase a percibir a estirada sombra das cinzas nos edificios lindantes. Anque se limpiasen as feridas superficiais, un pavimento moi irregular fai tremer o coche máis do habitual e as moles de formigón e cristal próximas á zona cero aínda traballan para cicatriza-lo que as dúas inmensas torres deixaron marcado nas súas fachadas.

Ó chegar ó lugar onde hai oito anos fora testemuña dunha impresionante posta de sol sobre a desembocadura do río Hudson desde o mirador da torre sur do World Trade Center, un empeza a darse conta da magnitude real do sucedido. Sen embargo, a enorme fochanca pasaría por un simple terreo edificable en construción se non fora pola presenza dunha inmensa bandeira situada nas últimas plantas da fachada dun edificio de cristal e pola colocación, a modo de capela improvisada, de fotos, figuríñas e peluches en memoria dalgunhas das vítimas.

O certo é que chama a atención que as autoridades ou algunha das empresas que perderon moitos dos seus empregados alí non construísen un escaparate trágico e de desexo a pé de ruína. No seu lugar, un simple valado policial avisa por medio dun graffiti improvisado de que non se pode pasar e, sobre unha prancha do taboleiro irregular, infórmasse ó visitante de que a plataforma temporal de acceso para peóns se encontra dous rúeiros máis abaixo. Ademais, hai un contraste notable entre o bulicio que acababa de deixar na quinta avenida e os poucos curiosos que se encontran axecendo entre os despozos. Unha situación que hai oito anos, e a esa mesma hora, sería inconcebible, xa que *o lobby* da primeira torre en derrubarse estaba daquela ategado con formigueiro incesante de xente que andaba apresurada cara ó tren

ou que se dirixía correndo ós últimos ascensores que lle permitirían ve-lo mar de luces que se estende en tódolos sentidos.

Esa Nova York caótica e excesiva non desapareceu de todo, pero moitos dos seus habitantes parecen agora menos proclives a aceptar que a súa cidade se rexa por patróns dominados pola velocidade, a desorde e a liberdade de acción. Malia que Manhattan se encontraba ategada de carteis que advertían que a un "non se lle ocorrerá aparcar alí" (sic), ó infractor nunca se lle baxaría o obreiro dun andamio para advertirle reiteradamente de que se seguía parado enfronte ó edificio do consulado de España podería caerlle enriba todo o peso da lei. E dicíao con tanta convicción que non houbo máis remedio que mete-lo coche nun garaxe cun cadro de aparcadores que rexistraban exhaustivamente o interior do coche antes de aceptar cobrarche 35 dólares por 5 horas. Polo visto, calquera vehículo por terra, mar ou aire convértese hoxe en día en sospeitoso e calquera novaioquinco, dos que hai a penas uns anos sorteaba coches e peóns sen prestarlles demasiada atención, é agora un axente máis das forzas da orde. Nesta Roma moderna, habitada por gladiadores da economía global, da liberdade e do caos que a facían única deron paso á desconfianza e a un estado de ánimo gris, aínda convalcente do duro golpe ó seu modo de vida optimista e vital. A sombra estirada das cinzas das Torres Xemelgas invadiu o ánimo non só dos novaioquinos, senón de moitos dos seus compatriotas que onte celebran a traxedia do once de setembro sen ver demasiado clara cá é a saída deste problema.

aLBERTO sACID O

# Torres que levan mil anos caendo

Bartolomé de las Casas naceu en Sevilla, en terras do Al-Andalus, en 1484, pouco antes de que os árabes foran expulsados de España. O fraile dicía nas liñas finais da súa obra Apologética Historia Sumaria: "Tan bárbaros como son ellos a nosotros, somos nosotros a ellos. Somos portadores de barbarie, somos portadores de cultura. Lo que hai que facer es que venza la cultura y no que venza la barbarie".

Parece mentira que tanta tinta e tantas letras gardadas desde hai séculos en dúcias de libros e tratados serva para tan pouco e que hoxe, anos e anos despois, o espello da historia nos devolva unha imaxe -de nós mesmos e do resto do mundo, dos que son distintos- que debería estar superada.

Porque, como ben reflexionaba Bartolomé de las Casas, uns e outros podemos acusarnos de face-lo mal, e mesmo argumentalo de xeito creíble, e facer desa argumentación o eixo do odio e o desencanto entre pobos, culturas e civilizacións. Se queremos, podemos atopar escuridade e maldade nas ermas e pobres terras de Afganistán ou no centro mesmo da civilización capitalista. Así, coma se dun deserto se tratara, hoxe, no oco que deixaron as torres do World Trade Center aínda se pode sentir baíla-lo po do derrubamento. As lapas da traxedia, o espírito das vítimas que deixou, a desolación, seguen campando por esa zona cero asociada para sempre a unhas imaxes que non podemos arrancar do fondo das nosas retinas. Foi un súbito e dramático despertar ó século XXI, ése que nos prometía tantos avances tecnolóxicos, unha humanidade máis sana, máis moderna e, á vista de moitos, máis feliz. Foi tamén unha espeluznante entrada no novo milenio, na que se repetiron, paso a paso, moitas das pautas que marcaron os comezos do milenio anterior.

O inimigo que xordeu dos sucesos do 11 de setembro ten o rostro barbudo e belicista dun talibán, dun home entregado ó estudio do corán e á máis radical das lecturas dos seus preceptos. Tamén en occidente, trala conversión de Constantino no século IV, o cristianismo foi ocupando cada vez máis parte da vida diaria. As armas do imperio, as que deixaron de defende-las lindes romanas cos bárbaros, convertíronse nas defensoras do Evaxnelio. A liña que separaba Estado e relixión era tan fina que os bispos volvéranse políticos, e os políticos bispos. A comunión entre poderes chegou ó seu punto máis alto tralo concilio de Clermont, e plásmou, igual que o 11-S, cunha data concreta. O

15 de xullo de 1099, a entrada en Xerusalén do exército cruzado marcou un antes e un despois na historia de Europa e no que habían de ser, en diante, as súas relacións co Oriente Próximo musulmán. O paso dos cristiáns por Terra Santa tivo como sinal meirande a queima das Torres da cidade. Os cruzados entraron en Xerusalén ó grito de "¡Que Deus nos axude!".

O pasado 11 de setembro os modernos sarracenos devolveron o golpe, e sumiron os cimentos do mundo occidental na inquedaanza. Desde 1492, desde a expulsión dos árabes da Península Ibérica e a descuberta do Novo Mundo, Europa, a cultura occidental, estivo demasiado ocupada consigo mesma. A conquista de novos territorios e a súa colonización cultural e relixiosa, a Revolución Francesa, a Industrial, as grandes guerras do XX... non había tempo para atende-lo que estaba a pasar no mundo árabe. As grandes divisións semellaban vir das fendas entre ricos e pobres, entre distintas ideoloxías ou distintos sistemas de goberno. Poucos lle deron maior importancia ó agora tan traído e levado Samuel P. Huntington, e ó seu artigo publicado por Foreign Affairs en 1993. Afirmaba Huntington que a fonte fundamental de conflito no noso mundo non sería tanto ideolóxica ou económica, se non que "tanto as grandes divisións da humanidade como a fonte dominante de conflito serán culturais". "O choque das civilizacións dominará a política mundial", continuaba o artigo, e "as liñas de fractura entre civilizacións serán as liñas de batalla do futuro".

Hoxe, un ano despois de que as torres volveran arder, e de que os sarracenos pecharan o círculo da historia, a distancia, aínda que pequena, que nos separa daqueles días débemos facer superar esta fractura. Nin a historia dos cruzados nin a dos homes de Bin Laden é un choque de civilizacións. É simplemente un enfrentamento entre bárbaros. No término medio, no aura mediocritas, está a luz. E no medio dos dous comezos de milenio, entre o ano 1000 e o 2000, no século XV, un fraile deixou unha mensaxe clara: somos portadores de barbarie, somos portadores de cultura. O que hai que facer e que venza a cultura e non que venza a barbarie.

aURELIO mIRAS pORTUGAL

# Crenza

O Islam ademais de relixión, é un código de honor, unha forma de vida

Todos sentimos un calafío cando Bin Laden falou de guerra de relixión e máis aínda cando Bush se erexiu como o novo mesías ó falar do 11 de setembro como unha cruzada, unha guerra entre o ben e o mal. ¿Era posible que seguísemos a matar e a morrer polas crenzas de cadaquén ou había algo máis detrás?

Vendéusenos o Islam como a relixión da violencia, o fanatismo, a intolerancia e a escravitude da muller. Pero o certo é que a quinta parte da poboación a práctica e quizais... son demasiados para estar tan equivocados. Pola mesma teoría é un tanto difícil pensar que millóns de persoas que procesan o cristianismo estean confulados para acabar con eles.

O debate entre o mundo occidental e o musulmán existiu dende as orixes do islam, atraéndose e repeléndose segundo as circunstancias históricas. Occidente (sinónimo para eles de Cristiandade) teme o terrorismo islámico pero precisa do seu petróleo e os islamistas acusan a Occidente de ser hostil á súa cultura e de apoiar a Israel.

Occidente nunca tivo o interese suficiente para introducirse na cultura islámica e tratar de entender as mil e unha sutilezas deste mundo plural e contradictorio. Tivo que pasar a gran traxedia que hoxe lembramos para ter ben claro que Islam e islamismo non son a mesma cousa.

O Islam é unha relixión, pero tamén un código de honor, un sistema legislativo e unha forma de vida. As súas obrigas básicas resúmense nos chamados cinco piares da fe, que son: aceptar-la profesión de fe, as oracións diarias a Deus mirando á Meca, facer obras de caridade, xaxuar no Ramadán e o hach ou peregrinaxe á Meca, alomenos unha vez na vida de cada musulmán. O Corán dá instrucións precisas sobre o comportamento neste mundo, ensinando a honrar a pai e nai, a axudar-lo pobre, protexe-los orfos, a ser honrados e xustos, a absterse de tomar bebidas fortes e comer carne de porco, a fuxir dos xogos de azar e a manifestarse sempre humilde fronte a Alá. Desta forma, todo fiel musulmán é guiado en cada un dos seus actos pola palabra de Deus, o mesmo Deus do xudaísmo e do cristianismo, que ten como nome en árabe Alá e que é condecido por eles como un só Ser e non como unha Trindade.

O devoto musulmán opónse por igual ó materialismo de Occidente e ó ateísmo do comunismo. O Islam ten un criterio flexible da economía, que se presta tanto a interpretacións capitalistas como socialistas. Aprobada a iniciativa privada e tolera os beneficios. Ata aquí, poderíamos dicir que nada que obxectar. Tam-

pouco nas oito palabras en árabe que resumen a crenza central dos musulmáns de todo o mundo: "Non hai máis Deus que Alá e Mahomet é o seu profeta". Un dos conceptos máis controvertidos do Islam é o referido á yihad (literalmente, facer un esforzo). Algúns musulmáns considéranlo como o sexto pilar da fe e tradúceno como guerra santa, inda que pode referirse a moitas outras formas de loita pola fe, como unha loita interior pola purificación. A súa defensa no Corán sérvelles ós sectores máis radicais para xustificalo uso da violencia na liberación dun país musulmán pero outros lembran que o Corán tamén pide que se sexa misericordioso.

En todo caso, un dos erros máis grandes no que cae Occidente é en considerar o Islam como un todo cando pola contra se trata dunha comunidade dividida, con moitas caras. Unha delas, a máis terrorífica, é a ideoloxía islamista, tamén coñecida como fundamentalismo ou integrista e que é a politización distorsionada e fanática do Islam. Esta ideoloxía xorde despois da Segunda Guerra Mundial cando os imperios coloniais se derrubaron e no mundo árabe chegaron ó poder fortes líderes nacionalistas, como Gamal Abdel Nasser en Exipto. Naceu como unha reacción a Occidente e sobre todo a Atatürk, pai dos turcos (non árabes) que fundaría a república laica de Turquía occidentalizando o país.

O primeiro grupo integrista significativo foi o dos Irmán musulmáns, que xa no 1928 reclamaba en Exipto unha Constitución baseada no Corán. A historia islámica acelerouse co triunfo da revolución chiíta do aiatolá Jomeini en Irán (país non árabe) a finais dos setenta. E pouco a pouco foi renacendo o islamismo como unha busca das raíces, inspirada por un rexeitamento dos valores occidentais. É dicir, unha negación tanto do colonialismo occidental dos séculos XIX e XX como do comunismo co que algúns reximes pretendían preservar-la súa independencia.

Estamos a falar dunha xuventude nacida baixo as intifadas, farta de miserias e que comeza a non crer nas institucións. Son mozos formados en universidades estatais que á vista do fracaso das receitas occidentais optan por dedicar-la súa vida ó que consideran o mellor: a creación dun Estado islámico. Hai que coñecer-lo Islam para entender-las claves da vida de millóns de persoas. Tentar que ningún confundido o Islam fundamental co fundamentalista e abrirse para descubrir unha relixión de caridade e de liberdade. Simplemente, un xeito distinto de chegar a Deus que o que pode se-lo cristianismo. **rdl**



# Maldito setembro

Como palestino que son a data do 11 de setembro só representa para min outro acto de terror contra o meu pobo e contra a miña cultura. É outro acto contra a verdade e a liberdade que desexan e soñan tódolos pobos do mundo.

Setembro significa para min aquel Setembro Negro, cando masacraron a miles dos meus compatriotas nunha presunta guerra civil entre árabes que non foi máis ca unha manobra israelí para expulsar-los palestinos de Xordania.

Setembro significa para min Sabra e Shatila, unha matanza dirixida por ese maniaco xenocida chamado Ariel Sharon, para George Bush "un home de paz", que hoxe dirixe os destinos de Israel. Todos sabemos que foi el o responsable directo daquela orxia de sangue e terror. Pero ningún pode ou quere xulgarlo.

Setembro significa para min o comezo dun plan maquiavélico orquestrado entre os esbirros de Simon Peres e de Ariel Sharon para rebernar un proxecto de paz entre Israel e Palestina. Sharon visitou a chaira das mesquitas, escoltoado por centos de soldados e policías, e a partir de entón morreron miles de palestinos, homes, mulleres e nenos, cribados por armamento americano que manexan soldados israelís.

O 11 de setembro recórdame a hábil manipulación que os israelís realizaron utilizando imaxes de nenos palestinos que, presuntamente, celebraban a destrución das Twin Towers (un día máis tarde sóubose que aquelas imaxes non se correspondían coa realidade). Recórdame tamén a xustificación deste feito para invadir Afganistán e cerra-los ollos ante as atrocidades de Sharon contra o meu Pobo.

Setembro, o 11-S, significa o non a Quioto, a Durban, a Xoanesburgo; significa a falta de independencia da política europea e o finiquito das Nacións Unidas como árbitro en calquera conflito no que estean implicados norteamericanos ou israelís; significa o apoxeo do militarismo belicista dos falcoéns americano-israelís dirixido a tódolos pobos e culturas que non lles son afíns.

O 11 de Setembro é a mellor escusa para realizar operacións de gran calado que poidan levar á práctica esa Nova Orde Mundial, controlada polo imperialismo ianqui pero deseñada polo cerebro sionista, que condenará á escravitude a toda a humanidade. Setembro recórdame tamén ás matanzas de Chile, dirixidas por Pinochet e os seus xenerais e apoiadas polos Estados Unidos de Henry Kissinger.

O 11 de setembro morreron miles de inocentes, igual que morreron en Vietnam, en Chechenia, en Bosnia... igual que seguen morrendo e morrerán en Palestina, en Afganistán, en Iraq. E sempre coa xustificación da loita contra o terrorismo, un terrorismo que só é tal se afecta ós intereses do imperio americano-israelí.

Setembro, o 11-S, é un compendio de desastros.

Un ano despois daquel triste día seguimos dixerindo probas intanxibles sobre os sucesos: vídeos que pode elaborar calquera afeccionado, chamadas que poden facerse desde calquera cabina, edificios destruídos pero sen restos do avión que teoricamente impactou contra eles, terroristas con nomes e apelidos que non coinciden coa lista de pasaxeiros...

Os feitos do 11-S suxírenme un par de preguntas: ¿É posible secuestrar un avión en voo unha vez alcanzada a velocidade de cruceiro mediante sabotaxe informática, interrompendo as comunicacións co exterior, bloqueando os mandos do aparato e dirixíndoo sen remedio a unha ruta preestablecida?

¿Quen ganou despois do 11 de setembro? Porque en calquera guerra, por pequena que sexa, pléneanse obxectivos para obter algo. Neste caso nin os árabes nin os musulmáns ganaron nada. Todo o contrario. É máis: tódolos cidadáns do mundo perdemos cotas de liberdade... anque obtivemos doses xigantescas de medo, paranoia e odio inxustificadas cara a un inimigo - que non -se -sabe -moi -ben -quén -é -pero -que -anda -por -aí.

Se facemos unha análise obxectiva das consecuencias do 11-S darémosnos de conta de que os beneficiarios daqueles sucesos son os fabricantes de armas, especialmente os estadounidenses, todos vinculados coa Administración; as empresas de comunicacións norteamericanas; os manipuladores das bolsas que teñen información privilexiada; as grandes corporacións médico-farmacéuticas (recordémo-los contratos millónarios para a vacina da varíola que se realizaron despois dos atentados); os traficantes de metais preciosos; a Ariel Sharon e a súa camarilla de asasinios compulsivos que seguen masacrando ó Pobo Palestino mentres o resto do mundo mira cara a outro lado...

Quizais algún día cheguemos a comprender que quen estivo detrás dos atentados do 11-S e quen move os fios do terrorismo internacional son os intereses, ideas e pensamentos do sionismo internacional, recollidos perfectamente nese libro titulado *Los Protocolos de los Sabios de Sión* e reflectidos tamén nos escritos de Theodor Hertzl e o rabino Emmanuel nos principios do século XX.

Sei que esta pequena análise que fago do 11-S pode resultar dura e sorprendente para moitos. Pero o día que se xulgue a un soldado americano polas atrocidades que realizan nas súas guerras, ou a un soldado xudeu por asasinar impunemente a homes, mulleres e nenos, quizais cambie de opinión.

Entremetres seguirei loitando contra ese imperio que quere impoñe-la escravitude a tódolos que nacemos para ser libres, a tódolos seres humanos.

gHALEB JABER IBRAHIM

# ¿Matar ós matadores?


‘*O futuro da Humanidade, se quere ser tal, só pode ser un futuro de liberdade, de igualdade e de fraternidade, a coñecida, celebrada e desexada tríade revolucionaria.*

# m

atar ós matadores!", iso é o que cómpre facer, parece que lle dixo un día a George Bush o predicador da Casa Branca, citando ó profeta Ezequiel. ¿Matar ós matadores como vinganza, como salvación ou como remedio? Alguén dixo un día que a utilización de métodos fascistas só pode ser neutralizada con métodos fascistas. ¡Enganábase! O fascismo só xera fascismo. Máis ben habería que ir un pouco máis alá, bastante máis alá, moito máis alá. Poñerse do outro lado e chegar á "non violencia" máis radical. Como dicía Martin Luther King: a non violencia debe estar no centro mesmo do amor. O futuro da Humanidade, se quere ser tal, só pode ser un futuro de liberdade, de igualdade e de fraternidade, a coñecida, celebrada e desexada tríade revolucionaria. ¡Non hai máis voltas! A loita máis radical neste intre é a loita pola paz. O pacifismo volve estar no centro da loita polo socialismo. Tiña razón Marx: ¡socialismo ou barbarie!

¡Matar ós matadores!...Un día xa afastado, no solpor da IIª guerra mundial e no país onde nace o sol, os americanos, xustamente os americanos do Norte, deixaron caer as súas terribles bombas atómicas (¡un crime contra toda a humanidade!) E, a pesar daquel espanto, a pesar de tanta morte como houbo ¡segue a haber!, ninguén falou nunca tan vingativamente, nin tan irracionalmente, nin tan desmesuradamente, como se leva falado durante todo este ano despois da suicida 'operación martirio' do 11-S contra as Torres Xemelgas e contra o Pentágono.

Nos últimos anos 60, puidemos ver cómo o nápalim norteamericano arrasaba Vietnam...O mundo enteiro era un clamor contra aqueles actos criminais. E foi daquela o propio pobo norteamericano o que dixo ¡basta! a semellante guerra. ¡E tivo que poñerse 'farruco' para parala! Pero parouna. Como agora mesmo debería poñerse farruco para parar a agresión que se prepara contra Iraq... Claro, xa se sabe, as cir-



cunstancias son outras e o mundo non é o mesmo. Pero o pobo norteamericano terá que recapacitar e pensar que o 11-S non foi precisamente Pearl Harbour. (E mesmo parece que algo está empezando a cambiar...).

Ó final, son os pobos os que tiran as bombas, como dicía Mao Zedong. ¡Seguro que o pobo norteamericano non quere tirar bombas! Malia estar indignado coas mortes inocentes daquel día de setembro. Pero os actuais círculos gobernantes dos EEUU non representan para nada a maioría do pobo. ¡Para nada! Bush e compañía están envelenados polo desexo de vinganza e fanatizados polas formas máis perversas de cómo xa non se debe entender a relixiosidade e a moral.

Como hai tamén —¿por que non dicilo?— moitos políticos dos círculos gobernantes españois, ingleses ou italianos de agora mesmo que apoian e practican esa política e que sustentan ideas que se basean no odio e na vinganza fronte a todos os seus adversarios ou inimigos políticos. Tales para cales... Políticos e xuíces que non merecen o nome de tales. Políticos e xuíces que se senten 'estrelas' das publicacións de moda. Políticos e xuíces ensoberbecidos e cunha decidida vocación totalitaria. Xente presumida e banal. Xente gris e resentida. Ridículos dictadorciños...

Os Estados Unidos son, neste intre, a única superpotencia mundial. Pero, probablemente, chegoulles un pouco tarde esa 'gloria'... Preferirán que lles chegara cando eran a única potencia nuclear do universo (aínda que iso foi por moi pouco tempo, é certo). Porque agora, calquera país que teña algunhas bombiñas desas, se quere, pódelles facer moito mal. Ninguén é invulnerable...

¡O soño político-estratéxico dos círculos belicistas e máis agresivos dos EEUU segue a ser a neutralización nuclear do resto do mundo! ¡Entón si que serían os únicos!...Pero, pensémolo ben, ¿de que lles serviría? ¿que ían facer co mundo enteiro? ¿que sería deste planeta nesas circunstancias?

¿Coidan vostedes que hai algunha outra saída racional e razoable para o futuro da Humanidade fóra da loita permanente pola liberdade, a igualdade e a fraternidade? ¿Pode imaxinar algún un mundo de escravos ó servizo dunha ínfima minoría gobernante? ¿Non sería acaso máis fácil imaxinar a destrución do planeta, se algún está empeñado en semellante cousa?...

Pero, ¿tan 'perversos' somos? ¿Tan pouco queda da nosa natureza 'bondadosa'? ¿Toda a razón para Hobbes e ningunha para Rousseau? ¿¡Haberá que morrer matando! (Resístome a crer nunha cousa así: ¡non pode ser!)... ¿Matar ós matadores?... Parece moito máis doada a outra alternativa: a loita decidida pola paz e o socialismo e a instalación da non violencia no centro mesmo do amor e a fraternidade.

HERMINIO DARREIRO

# EEUU: comigo ou contra min

# Afganistán: desde o esquezo


# a

nque o odio a Estados Unidos é tan vello como o seu dominio do mundo, a chegada ó poder de George W. Bush logrou elevar este sentimento a un teito histórico. Xa antes de producirse os ataques contra as Torres Xemelgas, a política norteamericana levaba visos de cumprí-los prognósticos dos máis pesimistas agoireiros. O 11 de setembro iniciou un período de tregua no que o vello continente, inxectado de solidariedade e temeroso de converterse no próximo branco do odio islámico, pechou filas co amigo americano. Pero os efectos do terror duraron poucos meses e Europa foi desatando lazos a medida que comprobou que a resposta norteamericana ós atentados tiña máis de irracional vinganza que de estratexia de defensa. Hoxe, Estados Unidos última o plan de ataque a Iraq e só Gran Bretaña semella disposto a acompañalo. Bush quere marca-lo paso do novo século pero non atopa comprensión ó outro lado do océano. Mentres, no mundo árabe a ira crece.

Pouco tempo despois da súa investidura o novo presidente comezaba a facer méritos para converterse no branco perfecto das críticas planetarias: a longa e esforzada mediación de Bill Clinton en Oriente Medio mudou por un reforzamento radical na postura pro-israelí; Wáshington anunciou a intención de descolgarse dos tratados internacionais de control de armamentos para sacar adiante o ambicioso escudo antimísiles deseñado por Bush; a nova conciencia occidental para frea-la deterioración da Terra chocou co desprezo estadounidense coa mesma forza que a procura de consenso en dereito internacional. Europa via cada vez máis xustificadas os receos que a invadirán ó ver toma-las rendas do mundo a un home con sona de reaccionario, arrogante e pouco instruído.

Pero a conmoción causada polos brutais ataques contra as Torres Xemelgas de Nova York e a ala leste do Pentágono en Wáshington conseguíu xira-la actitude ante unha Norteamérica descomposta. A maior parte dos países europeos, todos eles aliados de Estados Unidos, expresaron a súa máis completa solidariedade e brindáronlle total e incondicional apoio. Bush dictou sentenza: "Estamos ante un acto de guerra" e lanzoulle unha clara mensaxe ó mundo: "Ou con nós ou contra nós". Pero efectuou o contraataque sen ter formado antes unha coalición internacional sen precedentes que situou nun mesmo bando a EEUU, as nacións da OTAN, Rusia, China, as antigas repúblicas soviéticas de Asia Central e Paquistán, ata o entón o principal sustento do réxime de Cabul.

Primeiro foi 'Xustiza infinita' e logo 'Liberdade Dura-deira'. Pouco a pouco os excesos verbais do presi-



dente norteamericano deron conta dun esquema mental que non contaba coa total comprensión de Occidente. Bautizar de 'cruzada' a guerra contra o terrorismo, declarar que quería a Osama bin Laden "vivo ou morto", traza-lo "eixe do mal" ou chamar a Sharon "home de paz" axudou a sementa-lo odio musulmán e a dúbida en ultramar. Logo, os erros de guerra que acabaron coa vida de centos de civís inocentes, o trato inhumano ós presos de Guantánamo, a censura informativa e o progresivo recorte de liberdades acabaron por regañalo dente europeo.

A comunidade internacional acabou por contemplar entre o estupor e a hostilidade cómo Estados Unidos está decidido a librar, só ou acompañado, a campaña contra o terrorismo. A solidariedade e os bos propósitos que seguiron ó 11-S tornáronse en inquietude en moitos gobernos que ven na actitude de Wáshington un afán belicista sen moito criterio. Bush asegura que Sadam Husein está reconstruíndo o seu arsenal nuclear, pero convencer ós aliados –agás a Tony Blair– da necesidade de atacar está a ser difícil. "¿Por que nos odian?", preguntábase agora. E mentres, abandona o Tratado de Quioto, sae do tratado ABM, segue adiante co escudo antimísiles, dinamita os acordos sobre armas biolóxicas e boicotea o Tribunal Penal Internacional. rDI

# a

fganistán era, hai un ano, un país paria dirixido por un escuro clérigo torto case descoñecido e unha milicia de fanáticos que acollía os dirixentes da rede terrorista de Al Qaeda, os que probablemente fraguaron os atentados do 11 de setembro no corazón dos Estados Unidos. Hoxe Afganistán está presidido por Hamid Karzai, un aristócrata de 45 anos que se expresa fluidamente en varias linguas e que vive protexido por gardahomes norteamericanos. Se aquel era un país apestado internacionalmente, relacionado case exclusivamente con Paquistán e algúns contados países árabes e onde as organizacións humanitarias tiñan as mans atadas para traballar, hoxe a situación é exactamente a contraria.

As embaixadas dos países occidentais e as ONG son precisamente as fontes do 'maná' para os afgáns, que forman longas colas ás súas portas na procura dun traballo por breve que sexa, para saciala fame nun país cun tecido productivo devastado tras 22 anos de guerras e que soporta ademais unha longa seca de tres anos. Algúns afgáns comentan con sarcasmo que lle deben a Bin Laden sacalos do esquecemento.

O pasado xaneiro, unha "conferencia de donantes" celebrada en Toquio comprometeuse a entregar 4.500 millóns de dólares para a reconstrución de Afganistán. No ano que transcorreu trala caída daquel réxime escrutanista, abríronse as escolas mixtas, levantouse a prohibición do emprego feminino, creouse un embrión de exército e Afganistán volveu ós foros internacionais, pero os problemas seguen a hipotecar aínda o futuro. O primeiro deles é a persistencia da violencia, pois se ben a guerra rematou, continúan a sucederse os atentados, como os que acabaron coa vida do propio vicepresidente do país, Hayi Abdulqadir, o pasado 6 de xullo; ou o do ministro de Turismo Abdulrahmán en febreiro; ou o de 25 persoas en Lalalabad na sede dunha organización humanitaria; ou o que tentou aniquilar a Karzai hai unha semana.



O goberno ten aínda pendente o desarmamento dos miles de persoas acostumbradas a vivir en guerra permanente e das que ata agora só uns centos foron reinseridos no exército regular. Ademais, os caudillos locais –coñecidos como 'señores da guerra'– seguen gobernando os seus feudos locais e só nominalmente recoñecen a autoridade de Karzai. A presenza de 4.500 soldados da forza internacional de paz (ISAF) logrou garanti-la paz en Cabul, así como abri-las principais vías de comunicación, pero o país segue a ser enormemente inseguro. Os afgáns de a pé, antano tan reacios ás forzas estran-



xeiras, non cansan de pedir que os soldados da ISAF queden tanto tempo como sexa necesario porque queren protexerse dos seus propios compatriotas armados.

As carencias vitais son aínda sangrantes: un tercio da poboación depende da axuda exterior, segundo datos da ONU, e a desnutrición afecta ó 50 por cento dos nenos. Un dos problemas máis acuciantes é que os convois de alimentos son con moita frecuencia saqueados. Outra materia pendente é a erradicación do opio, planta da que Afganistán foi durante décadas primeiro produtor mundial. Para as mulleres, e pese a levantarse a prohibición do traballo feminino, as burcas seguen sendo o pan de cada día, e recoñecen que pasarán décadas ata recuperar-la emancipación de principios dos noventa. E mentres, os refuxiados das eternas guerras seguen chegando a Afganistán e desbordan as previsións da Acur, o millón chegado só desde Paquistán non atopa instalacións.

Un ano despois do 11-S, hai 7.000 soldados de EEUU despregados en territorio afgán e xa libráronse frecuentes batallas con bolsas de talibán ou membros de Al Qaeda, pero non lograron dar con Osama bin Laden nin vivo nin morto, e tampouco capturaron a ningún dos seus lugartenentes. rDI





# 11-SCRONOXÍA

11 de setembro de 2001, unha data para a historia. Alonito, o mundo contemplou por televisión a caída das Torres Xemelgas de Nova York tralo ataque de dous avións comerciais que foran secuestrados por terroristas islámicos. Bin Laden, o personaxe máis buscado deste ano. Estados Unidos, Afganistán, Iraq, escenarios dunha guerra. 11 de setembro de 2002, unha data para a memoria.




## SETEMBRO 2001

-11: Nova York, 12.45 GMT: Un avión de pasaxeiros esnaquizase ás 8.45 hora local contra unha das Torres Xemelgas.

### O día da traxedia

Os avións da morte



### BOEING 757



### Aí caeron as torres

As Torres Xemelgas estaban formadas por pilares de aceiro na fachada e no núcleo, onde formaban unha mallá máis compacta



-Nova York, 13.03 GMT: Dezaioito minutos despois, un Boeing 767 de American Airlines espéctase contra a outra Torre Xemelga.

-Nova York, 13.17 GMT: As autoridades de Aviación Civil (FAA) ordenan o peche de tódolos aeroportos

responsables.

-Washington, 13.40 GMT: A FAA ordena o peche de tódolos aeroportos de EEUU.

-Washington, 13.43 GMT: Un terceiro avión comercial bate contra o Pentágono.

-Washington, 13.45 GMT: A Casa Branca e o Capitolio son evacuados.

-Nova York, 14.05 GMT: Derrúbase unha das Torres Xemelgas.


-Washington, 14.10 GMT: Un avión de American Airlines, aparentemente secuestrado, esnaquizase no estado de Pensilvania. Puido ser derrubado antes de alcanza-lo seu obxectivo.

Á mesma hora, cae parte do Pentágono.

-Nova York, 14.28 GMT: Derrúbase a segunda Torre Xemelga. O pánico estendese pola illa de Manhattan.

-Dubai: As tropas estadounidenses no golfo Pérsico son postas en estado de máxima alerta.

### O rescate dos superviventes



-Washington: EEUU pecha as súas fronteiras con Canadá e México.

-Washington: Bush anuncia desde unha base aérea en Luisiana que adoptou as medidas necesarias para garantir-lo funcionamento do Goberno e promete que "buscará, atopará e castigará os responsables". O presidente é trasladado a un lugar secreto para garanti-la súa seguridade.

-Maastricht (Holanda): Uns 350 voos europeos con destino a EEUU son desviados a outros países ou obrigados a retornar cara a súa orixe.

-Nova York. Informábase que de catro avións con 266 persoas a bordo foron usados nos atentados.

-Nova York: A sede da ONU é evacuada e o seu secretario xeral, Kofi Annan, pide mante-la mente "fría e razoable".

-Nova York, 19.56 GMT: Rudolph Giuliani di que o número de mortos nos atentados contra as Torres Xemelgas podería ser "moito maior

## Bush: "É un acto de guerra"

do que ningún de nós podemos resistir".

-12: Tras regresar a Casa Branca, Bush transmite unha mensaxe á nación na que cualifica os atentados de "acto de guerra". Engade que EEUU "non distinguirá entre os terroristas

## Bin Laden, 'vivo ou morto'

que cometeron estes actos e os que os amparan".

-13: O secretario de Estado, Colin Powell, di que o millonario saudí Osama bin Laden, refuxiado en Afganistán, é o principal sospeitoso.

Ariel Sharon di que o presidente palestino, Yaser Arafat, é "o Osama bin Laden de Israel", mentres o Exército do seu país realizaba unha forte ofensiva contra os territorios palestinos.

-14: O FBI identifica os 19 terroristas suicidas.

-15: O líder talibán "mulá" Mohamed Omar chama ós musulmáns á "guerra santa".

Paquistán acede a cooperar con EEUU na súa guerra antiterrorista.

-17: Bush reclama a Bin Laden

italiana Maria Grazia Cutuli e o afgán Azizullah Haidari.

**DECEMBRO**

-5: Conclúe a conferencia interafgana celebrada en Bonn baixo co

## OUTUBRO

-7: Estados Unidos comeza o ataque contra Afganistán.

Bin Laden advirte a EEUU de que "non terá seguridade ata que o pobo palestino non viva en paz".

-26: Bush asina a nova lei antiterrorista, que dota con poderes especiais as autoridades federais para efectuaren escotas telefónicas e vixia-las comunicacións electrónicas.

## NOVEMBRO

-13: A opositora Alianza do Norte entra en Cabul.

George W. Bush asina unha orde executiva que permitirá que estranxeiros acusados de terrorismo sexan xulgados por cortes militares e non por tribunais civís.

-14: O Consello de Seguridade da ONU adopta unha resolución que prevé a formación dun goberno interino multiétnico en Afganistán, o despregamento dunha forza internacional de seguridade e eleccións en dous anos.

-19: Asasinado en Afganistán o periodista español de "El Mundo" Julio Fuentes xunto co australiano Harry Burton, a

vez, unha lista pública de organizacións terroristas activas nos seus países membros, na que figuran ETA e grupos do seu contorno.

## IRAQ, IRÁN E COREA DO NORTE, 'eixo do mal'

Betén e o cerco á sede da Gobernación da ANP en Ramala.

**ABRIL**

-23: A Policía detén en Madrid ó presunto responsable da estrutura empresarial que financiaba desde España a rede de Bin Laden, en varios países do mundo.

**MAIO**

-28: Os líderes dos países da OTAN e Rusia asinan a Declaración de Roma, que crea un organismo conxunto de coordinación para a toma de decisións en materia de defensas.

**XUÑO**

-24: Bush condiciona o seu apoio a un Estado palestino ó cambio de leideira na ANP.

**XULLO**

-16: A Policía española detén tres presuntos membros da rede terrorista Al Qaeda, de procedencia siria, ós que se lles incautaron varios vídeos con gravacións das Torres Xemelgas e outros posibles obxectivos terroristas.

## MARZO

-17: Morren cinco persoas, dúas delas estadounidenses, nun ataque contra unha igrexa cristiá en Islamabad, no primeiro atentado contra obxectivos occidentais en Paquistán perpetrado por grupos integristas en protesta polo apoio do seu país á guerra antiterrorista.

-29: Israel lanza a "operación Muro de Defensa" co obxectivo declarado de desmantela-las estruturas terroristas no territorios palestinos. Os sucesos máis graves foron os combates no campo de refuxiados de Jenin, o asedio á basílica da Natividade de

augustiano de San Xosé, en Ramala, e o cerco á sede da Gobernación da ANP en Ramala.

**ABRIL**

-23: A Policía detén en Madrid ó presunto responsable da estrutura empresarial que financiaba desde España a rede de Bin Laden, en varios países do mundo.

**MAIO**

-28: Os líderes dos países da OTAN e Rusia asinan a Declaración de Roma, que crea un organismo conxunto de coordinación para a toma de decisións en materia de defensas.

**XUÑO**

-24: Bush condiciona o seu apoio a un Estado palestino ó cambio de leideira na ANP.

**XULLO**

-16: A Policía española detén tres presuntos membros da rede terrorista Al Qaeda, de procedencia siria, ós que se lles incautaron varios vídeos con gravacións das Torres Xemelgas e outros posibles obxectivos terroristas.

## DECEMBRO

italiana Maria Grazia Cutuli e o afgán Azizullah Haidari.

**DECEMBRO**

-5: Conclúe a conferencia interafgana celebrada en Bonn baixo co

## MARZO

-17: Morren cinco persoas, dúas delas estadounidenses, nun ataque contra unha igrexa cristiá en Islamabad, no primeiro atentado contra obxectivos occidentais en Paquistán perpetrado por grupos integristas en protesta polo apoio do seu país á guerra antiterrorista.

-29: Israel lanza a "operación Muro de Defensa" co obxectivo declarado de desmantela-las estruturas terroristas no territorios palestinos. Os sucesos máis graves foron os combates no campo de refuxiados de Jenin, o asedio á basílica da Natividade de

augustiano de San Xosé, en Ramala, e o cerco á sede da Gobernación da ANP en Ramala.

**ABRIL**

-23: A Policía detén en Madrid ó presunto responsable da estrutura empresarial que financiaba desde España a rede de Bin Laden, en varios países do mundo.

**MAIO**

-28: Os líderes dos países da OTAN e Rusia asinan a Declaración de Roma, que crea un organismo conxunto de coordinación para a toma de decisións en materia de defensas.

**XUÑO**

-24: Bush condiciona o seu apoio a un Estado palestino ó cambio de leideira na ANP.

**XULLO**

-16: A Policía española detén tres presuntos membros da rede terrorista Al Qaeda, de procedencia siria, ós que se lles incautaron varios vídeos con gravacións das Torres Xemelgas e outros posibles obxectivos terroristas.

## DECEMBRO

italiana Maria Grazia Cutuli e o afgán Azizullah Haidari.

**DECEMBRO**

-5: Conclúe a conferencia interafgana celebrada en Bonn baixo co

## MARZO

-17: Morren cinco persoas, dúas delas estadounidenses, nun ataque contra unha igrexa cristiá en Islamabad, no primeiro atentado contra obxectivos occidentais en Paquistán perpetrado por grupos integristas en protesta polo apoio do seu país á guerra antiterrorista.

-29: Israel lanza a "operación Muro de Defensa" co obxectivo declarado de desmantela-las estruturas terroristas no territorios palestinos. Os sucesos máis graves foron os combates no campo de refuxiados de Jenin, o asedio á basílica da Natividade de

## Iraq, Irán e Corea do Norte, 'eixo do mal'

Betén e o cerco á sede da Gobernación da ANP en Ramala.

**ABRIL**

-23: A Policía detén en Madrid ó presunto responsable da estrutura empresarial que financiaba desde España a rede de Bin Laden, en varios países do mundo.

**MAIO**

-28: Os líderes dos países da OTAN e Rusia asinan a Declaración de Roma, que crea un organismo conxunto de coordinación para a toma de decisións en materia de defensas.

**XUÑO**

-24: Bush condiciona o seu apoio a un Estado palestino ó cambio de leideira na ANP.

**XULLO**

-16: A Policía española detén tres presuntos membros da rede terrorista Al Qaeda, de procedencia siria, ós que se lles incautaron varios vídeos con gravacións das Torres Xemelgas e outros posibles obxectivos terroristas.

## MARZO

-17: Morren cinco persoas, dúas delas estadounidenses, nun ataque contra unha igrexa cristiá en Islamabad, no primeiro atentado contra obxectivos occidentais en Paquistán perpetrado por grupos integristas en protesta polo apoio do seu país á guerra antiterrorista.

-29: Israel lanza a "operación Muro de Defensa" co obxectivo declarado de desmantela-las estruturas terroristas no territorios palestinos. Os sucesos máis graves foron os combates no campo de refuxiados de Jenin, o asedio á basílica da Natividade de

augustiano de San Xosé, en Ramala, e o cerco á sede da Gobernación da ANP en Ramala.

**ABRIL**

-23: A Policía detén en Madrid ó presunto responsable da estrutura empresarial que financiaba desde España a rede de Bin Laden, en varios países do mundo.

**MAIO**

-28: Os líderes dos países da OTAN e Rusia asinan a Declaración de Roma, que crea un organismo conxunto de coordinación para a toma de decisións en materia de defensas.

**XUÑO**

-24: Bush condiciona o seu apoio a un Estado palestino ó cambio de leideira na ANP.

**XULLO**

-16: A Policía española detén tres presuntos membros da rede terrorista Al Qaeda, de procedencia siria, ós que se lles incautaron varios vídeos con gravacións das Torres Xemelgas e outros posibles obxectivos terroristas.

## DECEMBRO

italiana Maria Grazia Cutuli e o afgán Azizullah Haidari.

**DECEMBRO**

-5: Conclúe a conferencia interafgana celebrada en Bonn baixo co

## MARZO

-17: Morren cinco persoas, dúas delas estadounidenses, nun ataque contra unha igrexa cristiá en Islamabad, no primeiro atentado contra obxectivos occidentais en Paquistán perpetrado por grupos integristas en protesta polo apoio do seu país á guerra antiterrorista.

-29: Israel lanza a "operación Muro de Defensa" co obxectivo declarado de desmantela-las estruturas terroristas no territorios palestinos. Os sucesos máis graves foron os combates no campo de refuxiados de Jenin, o asedio á basílica da Natividade de



## AGOSTO

-2: Unha xuíza federal do Departamento de Xustiza de EEUU debe facer públicos os nomes dos máis de 1.000 detidos en relación coa investigación dos atentados do 11 de setembro.

**SETEMBRO**

-7: Bush reúnese en Camp David co primeiro ministro británico Tony Blair para tratar unha posible acción contra Iraq.

-11: Conmemoración na "zona cero" de Nova York da traxedia que lle custou a vida a case 3.000 persoas.



# Altius, ¿fortius?

Os rañaceos son os símbolos dunha nova sociedade, a manifestación visible do poder tecnolóxico que xurdiu no mundo a finais do século XIX en Estados Unidos. “A súa presenza”, escribe o arquitecto Xosé Luís Martínez Suárez no artigo que publicamos del neste monográfico, “esténdese non só ás paisaxes urbanas construídas das grandes metrópole senon tamén nas formulacións teóricas das utopías urbanas”, convertidos nunha das grandes fontes de inspiración dos creadores ó longo do pasado século. Son, ó mesmo tempo, os grandes elementos “autistas” das paisaxes urba

nas modernas, como os cualifica Martínez Suárez, enfrontados no artellamento que establecen á cidade europea, que é o lugar da historia e da memoria. rDI trata de aproximarse á cidade contemporánea e á cidade que as Torres Xemelgas representaban a través de tres artigos, dous deles realizados por dous arquitectos (Pedro de Llano e Martínez Suárez) e outro realizado polo equipo de documentación do xornal. O sky line de Nova York que aparece nesta páxina foi realizado polo propio Pedro de Llano, así como as tres fotografías que acompañan o seu artigo.

# A cidade ferida



1. *As cousas que levaban...* Así se titula o belísimo conxunto de contos sobre a experiencia en Vietnam do magnífico narrador e periodista americano Tim O'Brien que, coa súa maxia esgazadora, me axudaba onte a evadirme da nosa pouco atractiva realidade diaria, cando un ben querido amigo me volveu a ela pedíndome unha colaboración para un suplemento periódico que recordase a traxedia vivida por NY o 11 de setembro do 2001.

Non había escusa posible. En tan só uns poucos minutos vinme, como o propio O'Brien, inmerso nese inmenso mar de inxustizas en que constantemente se moven as nosas pequenas vidas para intentar asumir con honestidade as miñas propias contradicións.

Trátase, pois, de recordar o momento da chegada do horror ó corazón dos U.S.A. Ese mesmo horror que eles tantas veces levaron ó longo do mundo sen que en ningún caso ninguén se propuxese denuncialo cun "extraordinario". De conmemorar a catástrofe vivida por un dos máis recentes e soberbios símbolos do imperio americano, as Torres Xemelgas, deseñadas, para o sur de Manhattan, polo xaponés Yamasaki.

2. Desde a miña responsabilidade como cidadán, a razón pídeme desenvolver a miña colaboración para este recordatorio facendo unha reflexión sobre a hipocrísia que se esconde tras a magnificación do brutal atentado de NY, mentres ninguén parece recordar o horror vivido polos miles e miles de seres humanos queimados polo nápalon americano en Vietnam ou Afganistán ou, sen ir máis lonxe, o estremecedor e actual sufrimento do pobo palestino...

Desde a miña perspectiva como arquitecto, penso na posibilidade de recuperar algún vello texto escrito tras a miña primeira viaxe a NY, na que, falando das Twin Towers, expoñía a miña opinión sobre as mesmas, afirmando que "aqueles dous monolíticos e infinitos prismas de base cadrada, absolutamente faltos de escala, ademais de xogar un negativo papel na definición do perfil do Downtown, convertéronse no máis palpable exemplo do custoso e falto de interese que pode chegar a resultar un rañaceos... Yamasaki tratou de saltar cara ó ceo proxectando un novo 'World's Tallest Building'. Saltou sen sorte, e o que habería de ser un alegre 'tirabuzón' converteuse nun estrepitoso fracaso".

Sen embargo ó recordar ó meu botado de menos NY e o seu imborrable World Trade Center sinto que o corazón se vai impoñer sobre calquera posible razón. Despois de todo, durante moitos anos recalcé, unha e outra vez, naquel NY que, desde aquel remoto día en que o coñecín, habería de converterse nun dos meus grandes amores. Nun fundamental apartado entre os meus referentes emotivos e culturais.

3. Cada vez que chegaba alí, a primeira visita nunca deixou de ser o fascinante mirador que desde as Torres Xemelgas me permitía reencontrarme, desde o ceo, con aquel emocionante espazo urbano sempre presente no meu recordo. Alí abaixo o Downtown, Battery Park, a ponte de Brooklyn, a ponte de Queens... Máis alá o Bronx... No medio da cidade, tras o máxico Empire State, ó sur Staten Island... e, finalmente, case ó alcance da man, a vella Estatua da Liberdade, símbolo dun novo mundo para todos aqueles emigrantes e exiliados que, ó longo do século XX, foron arribando á illa de Manhattan para contribuir a conformar un fascinante presente do que eles constituían unha fundamental parcela.

Máis tarde, as Torres volverían impoñer a súa presenza con toda a súa grandiosidade ó contemplar a illa desde o barco do Circle Line ou paseando pola Promenade de Brooklyn Highs...

Elas, cos seus innegables defectos, convertéronse, do mesmo xeito que no seu día o fixeron os altos minaretes de Estambul ou as torres renacentistas de Florencia, nun imprescindible fito na silueta, a liña de horizonte da máis embriagadora cidade do mundo. Unha cidade na que un enorme conxunto de vulgares e heteroxéneas arquitecturas, nas que a xenialidade é a excepción, foi capaz de dar lugar a un espazo urbano cun inigualable feitizo.

4. Pero, á marxe da súa calidade arquitectónica, as Twin Towers, ademais dun fundamental sinal do poder U.S.A., constituían tamén o último símbolo presente no horizonte dunha cidade na que conviven, nunha imperfecta pero fermosa harmonía, as etnias e os mundos culturais máis dispares. O último símbolo dese seductor e entrañable Manhattan de Woody Allen. O NY do hipnotizante son do saxo de Miles Davis ou Coltrane ou das sempre presentes óperas do Lincoln Center. A fascinante cidade presente no mundo literario de Steinbeck, Paul Auster ou do entendedor Michael Chabon. O NY da espontánea liberdade plástica de Pollock, Rothko, Serra, Matta Clark, Graham, Basquiat...

As Twin Towers constituían o máis recente fito urbano na cidade das mil cidades. Na cidade do Midtown dos grandes monopolios, dese Wall Street culpable de tantas atrocidades... mais, tamén, desa ONU que para moitos de nós sempre constituirá un imprescindible, aínda que hoxe aldraxado, centro mundial da unidade dos pobos... Na cidade de entrañables espazos urbanos como o Village, de abandonados suburbios como Harlem ou o Bronx... Pero, sobre todo, na máis viva cidade que eu coñecín. A cidade que cada día

parece presentárense sempre cambiante e chea dunha incontible vitalidade. Esa cidade que tan fermosa resulta, cada madrugada, cando a mira un rapaz, chegado de calquera parte do planeta, para mostrar a proposta creativa que sabe que deixará a todo o mundo estupefacto facendo que, unha vez máis, as distintas tendencias que contribúen a dinamizar a cultura do mundo occidental e as máis superfluas modas que nacerán e morrarán en moi poucos meses, volvan xurdir daquela auténtica factoría de ideas.

5. Pero NY é, ante todo, a nosa actual e seductora Babilonia. Este é o seu maior encanto. Ser de todos e non ser de ninguén. É a súa heteroxeneidade de culturas e procedencias a que leva ás súas xentes a aceptar unha non escrita norma de convivencia. Alí temos que respectarnos uns ós outros, respectar as nosas propias culturas e costumes, de xeito que, por exemplo, poidan convivir sen tensións, ou coas mínimas tensións posibles, as mil e unha relixións existentes facendo que na mesma rúa poidan cohabitar sinagogas, mesquitas e igrexas católicas ou evanxelistas...

NY é a maior cidade xudia do mundo, pero tamén, a negra –moitos deles musulmáns– e case a italiana ou a irlandesa.

NY é moito máis ca unha cidade. É unha auténtica filosofía de vivir. Unha urbe en constante mutación onde a liberdade individual non encontra límites, e, por iso, resulta tan difícil de comprender o que alí pasou hai tan pouco tempo. O seu *skyline*, o seu horizonte, o noso horizonte, foi inxustamente e desaiadamente profanado.

6. Hoxe, desde Brooklyn, na luz do crepúsculo, ninguén deixará de botar en falta aqueles dous fitos verticais que acompañaron cada unha das nosas visitas, dous simbólicos edificios xurridos dese continua contenda na que a nova cultura trata de facer a súa propia historia. E, con eles, faltan tamén máis de tres mil cidadáns do mundo.

Sen embargo, a pesar do desastre, NY axiña volverá ser a de sempre.

Ten resistido quebras, guerras de gangs, a pobreza dun capitalismo salvaxe indirecto, responsable, coa súa infame explotación e abandono do terceiro mundo, dos pasados acontecementos.

Sen quereiro, erixiuse en capital do mundo. Nunha gran cidade de espírito independente na fronteira de tódolos pobos e das actividades humanas.

Unha metrópole que, sen dúbida, superará o actual triunfo dun odio moitas veces enraizado nun fundamentalismo ideolóxico-relixioso que, loxicamente, encontra o seu mellor caldo de cultivo entre os desherdados da terra, aqueles nenos palestinos que se enfrontan ós militares armados xudeus con só as súas pedras, berrándolles: "Non nos podeades matar, xa estamos mortos".

Eles non teñen nada que perder na nova orde mundial establecida desde occidente e ameazan con consolidar a linguaxe da violencia como única posible.

Sen embargo, non nos enganemos, ese radicalismo relixioso vai moito máis alá dunha enorme parte da poboación mundial sen a menor posibilidade de acceso á cultura.

O integrista relixioso afecta tamén moi gravemente á nosa sociedade occidental como nos recorda o propio presidente Bush cando nos ameaza cos perigos do mundo islámico patrocinando unha nova "cruzada" –directa tradución da súa *yihad*– e nos fala da loita do seu "imperio do ben" contra un pretendido "eixe do mal" ou da súa "xustiza infinita", directamente sufrida por unha martirizada poboación afgana, desde unha inculcable e agresiva actitude xeradora dun gravísimo atraso no ámbito das liberdades e dos dereitos civís e un desasossegante incremento do racismo e da islamofobia.

7. Non é esa, desde logo, a filosofía xurrida da convivencia das máis heteroxéneas xentes na cidade de NY. Un espírito aberto a toda contribución cultural e respectuoso con calquera crenza, no que a separación entre o pensamento político e relixioso aparece como unha condición ineludible para unha convivencia na que unha global conciencia ética parece constituír a única base.

Por iso, e desde esta perspectiva, quixera rematar a miña colaboración deste "aniversario", a miña emocionada homenaxe a unha máxica cidade, recordando a letra dunha inmortel canción dun novaiorquino de adopción, censurada polos medios de comunicación U.S.A. despois dos acontecementos do 11 de setembro.

"Imaxina –escribiu Lennon– que non hai ceo nin inferno baixo nosa..."

Imaxina que non hai países –non é difícil facelo–, nada polo que matar ou morrer...

Imaxina que non hai posesións –pregúntome se podes– sen cobiza, sen fame, nunha humana fraternidade...

Imaxina toda a xente compartindo o mundo...

Imaxina toda a xente vivindo en paz...

Podes dicir que son un soñador. Pero non son o único".

PEDRO DELIANO

# Sky line:

## A carreira vertical

### [Hong Kong]

Os século XX tivo unha relación tensa de amor odio coa cidade: dende principios da centuria converteu en asfalto, en pedra, en arquitectura eléctrica, en mancha de grisalla. As urbes acubillan o tráfico social, as vaidades e envexas dos homes. Alzánse, orgullosas da súa arquitectura desafiantes de metal e cristal, cara ó ceo, como séculos antes se empoleiraban as catedrais de pedra. Fragmentáronse, como se esmigallou a cultura, e gañáronlles espacío ó baleiro ou á historia en beneficio dun urbanismo e dunha arquitectura 'de deseño'. Urbanismo —espacio— e arquitectura, ás veces diferenciados funcionalmente polos seus usos concretos: para o lecer, para a saúde, para o deporte, para a cultura, para o comercio, para o poder político e, sobre todo, para o poder financeiro. Os rañaceos medran coas bolsas e os seus rexistros de altura reflicten o perfil das cotizacións. Nova York e as súas homólogas do sueste asiático capitanean unha carreira de escalada cara ó ceo que o 11-S fixo, cando menos, cambalea arrefriando os proxectos que se propoñen arrebatarlle ás torres Petronas de Kuala Lumpur seu récord de altitude.

### [Nova York]

Frenética, decadente, paranoica, vital, así continúa a capital do mundo malia que non se recuperou aínda da xornada que segou o seu 'sky line' e a virou da menos americana das cidades USA na máis patriótica das urbes. O tempo, a globalización e o imperio das multinacionais encherán o baleiro das torres xemelgas; Nova York sempre soubo medrar cara a arriba creando no reducido espacío da cidade-illa un estilo arquitectónico único. O Empire State Building volve ser, trala caída das torres xemelgas, o rañaceo de maior altura da cidade: 381 metros, todo un fito para a súa data de construción, 1931. Culminado por unha cúpula art déco, desfruta de vistas de vertice dende o seu observatorio do andar 86, malia que para os máis ousados inda queda o panorama que ofrece o mirador acristalado do piso 102.

Nado coa primeira guerra do Opio, este rochedo non pode definirse como país, cidade ou colonia. É produto dunha confluencia entre dúas visións do mundo, a británica e a dos incansables comerciantes chineses. Durante décadas, no distrito Central de Hong Kong creouse un verdadeiro bosque de torres de oficinas, sen parangón en Asia pola súa audacia e variedade. O Feng Shui, a ancestral ciencia chinesa que ensina a vivir en estado de harmonía e equilibrio, hai tempo que recibiu o beneplácito oficial por parte dos dirixentes e a clase empresarial desta activa metrópole, porén rexe o deseño dos edificios, a orientación dos accesos, a distribución dos despachos e dos mobles, e mesmo o calendario das decisións financeiras no mundo do comercio asiático. Como exemplo, edificio do Banco de Hong Kong, que coa súa osamenta ó descuberto, semella un esqueleto descarnado; o Banco de China, deseñado por I.M. Pei, parece unha frecha guiada cara ó ceo; as torres Lippo, cos seus bloques mirando en diferentes direccións, lembran o famoso cubo de Rubik...

A actividade é frenética. A chegada da bandeira comunista non a freou. O solpor, dende o pico Victoria, vense as faiscas dos sopretes que escapan dos novos rañaceos en construción.

### [O desafío de Xangai]

Shimizu Corporation é o responsable da fasquia do que está chamado a se-lo teito do mundo construído, cando se rematen no 2005 os seus 460 metros de altura. O proxecto do Centro Financeiro do Mundo está enclavado nun lugar dominante do distrito empresarial de Lujiazui, en Xangai, que o goberno chinés sinalou como o centro asiático para actividades bancarias e intereses comerciais. O desenvolvemento rápido da zona deu lugar a un tecido urbano semicatóico que choca coa simplicidade monolítica do inmoble. A súa concepción responde ó concepto chinés da terra coma un cadrado e do ceo coma un círculo, que se corresponden cunha torre e un podio. rDI



# Cidade e rañaceos

Convertido na manifestación visible a escala urbana da capacidade tecnolóxica da sociedade industrial, o rañaceo como novo 'tipo arquitectónico' e símbolo de modernidade emerxe con forza a partir de 1880 nas experiencias de Nova York, Chicago, Filadelfia...

A súa presenza esténdese non só ás paisaxes urbanas construídas das grandes metrópoles senón tamén nas formulacións teóricas das utopías urbanas de Auguste Perret ('A cidade do futuro'-1910), de Eugene Henard ('A Cidade das Torres'), Le Corbusier ('A Cidade para tres millóns de habitantes'-1922, 'A Cidade Radiante'-1930), Frank Lloyd-Wright ('Broadacre'-1940), Hilberseimer ('A Cidade Vertical'-1924), Richard Neutra ('Rush-City'-1923) en fin dos arquitectos futuristas e expresionistas (Antonio Sant-Eliá, Mario Chiattone) que nos seus maravillosos debuxos de arquitecturas fantásticas aspiraban a ofrece-la representación da metrópole moderna.

A pintura, a literatura, a fotografía e o cine tiveron os rañaceos como punto de referencia da imaxe da nova 'metrópole' que tería nas obras de Yakulov, Grosz, Paul Citroën, Fritz Lang... as súas formulacións artísticas máis brillantes.

Ata entón, só as catedrais emerxían no perfil das cidades europeas como grandes pezas referenciais da súa historia e dos seus valores. No seu interior, o espacío erixíase en gran protagonista. Espacio sagrado, lugar de concentración da colectividade, baleiro por excelencia, que empurrando a masa pétreo cara ós ceos, cobre e protexe ó conxunto da comunidade. Os seus pés un tecido de rúas e travesías debuxaban traxectos que converxendo sobre as prazas atravesaban as portas e percorrían as nave envolventes nunha sutil tea de baleiros.

Fronte ó impresionante volume dos grandes espacios unitarios das catedrais de San Pedro de Roma, de San Pablo de Londres, de Sta María de Florencia ou Santiago de Compostela, lugares de comunión espiritual da colectividade urbana, os rañaceos son pezas sólidas, compactas, monolíticas, grandes masas de aceiro e formiçón que a modo de gigantescas factorías concentran miles de persoas para o desenvolvemento de actividades laborais, e nos que os centenares de plantas que buscan inicialmente a diaphanidade son redistribuídas fragmentándose unha e outra vez ata límites insospitados.

Son os símbolos dunha nova sociedade, na que o poder económico se ergue altivo, na busca do papel de protagonista principal na construción dun novo escenario urbano.

Esa vontade de primacía fai dos rañaceos os grandes elementos 'autistas' das paisaxes urbanas modernas.

Hai na contundencia das formas, nas súas volumetrías simplificadoras, no seu estrañamento respecto do contorno unha actitude enraizada na abstracción máis profunda, abandonándose toda concesión a interpretacións subxetivas coa vontade mani-

feita de constituírse no paradigma dunha nova orde. Na orde mesma. Volumetrías rotundas, opacas ou transparentes, lixeiras ou pesadas, pero en todo caso obxectos dunha escala na que a dificultade de establecer relacións cos outros, traslada xeralmente a un segundo plano o espacío urbano inmediato, o espacío da cotianeidade dos contactos a escala humana, fronte á busca do impacto visual na gran distancia.

Nada pois como isotrópicas retículas das cidades americanas para ser espacío de experiencias que teñen a súa singularidade na súa condición de 'ilamento', de estrañamento, na busca dun obxecto pretendidamente autónomo, que sen embargo precisa para o seu funcionamento de multitude de redes de infraestructuras e inxentes cantidades de enerxía.

A cidade europea, a cidade por antonomaxia, foi dende sempre o 'lugar da historia', 'lugar da memoria', espacío de acumulación de símbolos construídos dende identidades diversas, espacios de significados múltiples.

As paisaxes urbanas das cidades europeas, resultado dunha conciencia cívica cimentada ó longo de séculos de historia nos que se entrecruzan múltiples raíces que conducen á construción de signos identificativos de forte personalidade.

Cidades Europeas nas que as escalas produto das relacións sedimentadas ó longo de séculos reflicten a continuidade das experiencias, dos valores culturais, estéticos... onde nos seus tecidos a necesidade de adaptación dos novos símbolos ós relatos xa iniciados, convertéronse afortunadamente en freo a iniciativas de substitución traumática e destrución indiscriminada dos Centros Históricos das que o Plan Voisin de Le Corbusier para París de 1925 é quizais o exemplo paradigmático dunha visión da arquitectura e do urbanismo felizmente superada no que se refire á resolución do conflito entre modernidade e cidade histórica.


As experiencias europeas dos rañaceos vanse desenvolver en maior medida nos bordes dos centros e nas áreas periféricas das grandes cidades a modo de grandes fragmentos nos que a creación de novos espacios á escala da sociedade globalizada encontran un lugar propio que posibilitou a coexistencia cunha cultura urbana milenaria.

Unha cultura urbana que ten demostrado dábondo a pertinencia das súas respostas na busca dun medio ambiente construído a unha escala humana, no que a oportunidade da relación, dos múltiples contactos, da mestura sociolóxica, da complexidade funcional, en fin do sentido colectivo impregnan o proxecto político (de 'polis', cidade) que toda cidade representa.

XOSE IUS MARTÍNEZ SUAREZ

# A ferida no ollo global

‘ Nun mundo de simulacros e obscenidade hiperreal, a violencia dramática do acontecemento real estoupa en medio do plató por excelencia que é Manhattan



inconsciente óptico colectivo garda unha ferida-tatuaxe na desfeita das Torres Xemelgas de N. Y. Unha das imaxes máis arrepiantes da vangarda do cinematógrafo fora aquela coitelada no ollo da película *Un chien andalou* (1929) de Buñuel e Dalí. Unha guillotina na mirada. Unha navallada na percepción para construír unha contra-imaxe. O perfil amputado do "sky line" de Manhattan na cerimonia hiperreal do horror ten tatuado a mesma ferida no ollo colectivo da percepción global naquela xornada-tatuaxe do 11-S.

## [ Real pero invisible ]

Unha das cuestións centrais en relación co atentado das Torres Xemelgas de New York atinxe á percepción e ós mecanismos de representación e construción da imaxe na sociedade mediática. Dende hai anos xa se ten alertado sobre da crecente indefinición da fronteira entre realidade e ficción na sociedade contemporánea. A Sociedade do espectáculo en atina da definición programática de Guy Debord, semella adicar moita enerxía a desdubuxar as fronteiras perceptivas, entre os dous mundos, o real e máis o virtual. Xerando un contorno hiperreal (nunha dimensión alén do real) a partir da fragmentación perceptiva. Vivimos inmersos nunha iconosfera social ategada de simulacros. Nunha burbulla de información a xeito de

novo hábitat, onde o "principio de realidade" aparece contaminado polas estratexias de construción da imaxe e das mensaxes audiovisuais.

Quizais este aspecto é esencial para asumir a transcendencia e o impacto enorme que tivo o acontecemento (transmitido en "tempo real" a millóns de telespectadores de todo o mundo). Un público afeito á sintaxe cinematográfica das catástrofes que inundan ciclicamente as pantallas de cine e TV. O máis difícil foi, se cadra, asumir que aquela dantesca superproducción fose real. Imaxes semellantes a centos de secuencias de telefilms que houbo que discernir traxicamente como "reais". Ao esturpor inicial e ao "encantamento pánico" do que falou Argullol houbo que superpoñer axiña a dor e angustia de semellante espectáculo de destrución. Estupefacción, incredulidade, abraio e pasmó: un non dar creto, literalmente as imaxes que estabamos a visualizar.

A perplexidade (a sensación de irrealidade) co que se contemplou a imaxe da caída das torres denota ese proceso inverso ao "falso pero crible", habitual nunha gran parte do xornalismo sensacionalista de hoxe en día. Nun mundo de simulacros e obscenidade hiperreal, a violencia dramática do acontecemento real estoupa en medio do plató por excelencia que é Manhattan. Non dabamos creto aos nosos ollos ao ter que "deconstruír" o relato visual que contemplabamos. O que percibiamos como aparentes maquetas ardoendo tratábase de algo dolorosamente real. Do "falso pero crible" pasamos ao "certo pero inverosímil".

## [ Terrorismo mediático ]

Unha boa parte do impacto tráxico dos atentados de Manhattan e Washington radica na onda expansiva da comunicación que se crea e que forma parte cosustancial á estratexia terrorista. Xa se conta con esa repercusión instantánea. Un escenario "sobreluminado" polos media como N.Y. permitiu obter imaxes dende tódolos ángulos e perspectivas imaxinables de ámbolos impactos. O choque dos Boeing 767 incrustándose nas torres, trabou a retina de espectadores de todo o mundo que viviron angustiados aqueles momentos.

## [ Texturas vangardistas ]

A falla de elaboración técnica das imaxes (pola urxencia), o seu carácter heteroxéneo ao proceder de diferentes fontes, xunto coa falla de nitidez, pola distancia (fixo que as imaxes tiveran un pronunciado grao). Unha forte textura gráfica que se amplía logo, aumentando a distorsión, ao pasar duns medios a outros. Incrementando a erosión gráfica e a perda de definición na secuencia que vai do vídeo de afeizoado á proxección televisiva (ou en Internet), e a posterior traslación da imaxe na pantalla de TV a medios impresos (xornais e revistas de opinión). Un proceso de sucesivas reproducións e copias que van alterando a imaxe. Iso explica o resultado "vangardista" de toda a posta en escena mediática. Creando paralelismos sorprendentes coas imaxes críticas de producións de videoarte que par-

ten na súa linguaxe, precisamente, da desvalorización da imaxe (desprovista da aura de seducción e perfección formal) ao se distanciar dos criterios convencionais de representación televisiva.

## [ Sublimación do drama ]

Este é outro aspecto que cómpre non pasar por alto. A estetización do drama. A beleza dentro do horror. A estética do sublime acostumou, pasenfiamente, á sensibilidade artística moderna ás situacións límite. A traxedia e a morte como experiencias estéticas que dende o romanticismo lanzan con intensidade o seu berro á conciencia. É precisamente neste contexto de sublimación artística da traxedia onde habería, posiblemente, que situar as declaracións do músico Karlheinz Stockhausen que chegaron á opinión pública de xeito fragmentario e xeraron unha intensa polémica.

## [ Tempo real ]

O mundo puido asistir en directo á demolición dunha das iconas do século XX. Un acontecemento que se transmite en tempo-real por todo o planeta. Este dato global (de comunicación total e instantánea) reflicte a dimensión totalitaria da servidume da tecnociencia e a razón instrumental ao se vencilar a proxectos de dominación económica e social a escala planetaria. O avance implacable da mundialización que se sustenta na velocidade de circulación de fluxos económicos, mensaxes e mercancías así como na premisa de inmediatez (de virtual instantaneidade) que acadou o seu paroxismo na popular noção de tempo-real. Onde o telespectador pasivo asiste a un sucedáneo de participación no acontecemento. Estereotipos de dominación simbólica que serven de elementos decisivos de cohesión social e apelan ao inconsciente óptico colectivo (de aí o carácter subliminal de moitas destas manifestacións).

## [ Efecto narcose ]

A droga mediática inxecta a súa dose de imaxes vertixinosas. A ración cotiá de imaxes da ladaíña do consumo audiovisual. A velocidade dun turbillón de imaxes trituradas. Amosando a afinidade entre os medios de comunicación e o fenómeno onírico. Proximidade latente as imaxes incascentes do soño nos seus procesos clásicos de condensación, desprazamento e metamorfose. A actualidade audiovisual como pegadas instantáneas da propia disolución hipnótica do presente. O eiquí e o agora, escápanas das mans, no vertice da temporalidade e da aceleración histórica. Endéxamais foi o home tan fráxil (e vulnerable) fronte á vivencia do tempo coma na moderna sociedade occidental. Simultaneidade mediática que elimina case toda diferenza de orixe e xerarquía nos contidos, para amalgamar a xeito de colaxe (ou incascente calidoscopio) un turbillón de imaxes fragmentarias

e descontextualizadas que artella o relato intenso e fulgurante das "hard news" do telexornal.

## [ A historia ao instante ]

De cando en vez xorde no medio da treboada do efémero, a chispa do histórico. Episodios que furan a conciencia. Gravados a lume na memoria. Imaxes que van permanecer firmes no imaxinario colectivo. O poder non vai desaproveitar a ocasión como elemento de cohesión e homoxeneización, na permanente socialización mediática do suxeito.


## [ Xenealoxía da demolición ]

¡Torres máis altas teñen caído! a de Babel por exemplo (viaxando ao lonxe no tempo mítico). O anxo da historia de Walter Benjamin avanza inexorable contemplando os escombros incascentes da civilización. O romanticismo aprendeunos a ver nas ruínas unha nova forma de vencillo coa natureza. A historia da humanidade (na súa versión atormentada) é esencialmente a crónica dos vestixios dunha fráxil verticalidade. Equilibrios incertos onde o animal alzado eleva provisorios totems para verticalizar os seus soños. Que en moitas ocasións se desvanecen coma castelos no ar. Poucas imaxes (por outra banda) de tan alto poder hipnótico como a voadura controlada dun edificio que temos contemplado en innumerables reportaxes televisivos. "As demolicións modernas son maravillosas, espectacularmente semellantes aos lanzamentos dos cohetes. O edificio de vinte pisos casi por completo, a chumbo, cara o centro da terra. Afúndese teso coma un manequí e sen perder súa compostura vertical, como se descendera cara a unha trampa, e a súa propia superficie no chan absorbe os seus escombros. Velaí unha arte maravillosa da modernidade que iguala á dos fogos artificiais da nosa infancia. (Baudillard en "América"). A imaxe hipnótica dos dous fermosos paralelepípedos (como un desafío vertical simétrico) caendo polo seu propio peso, arrastrados pola forza da gravidade, unha vez que se desvanece a maxia do equilibrio arquitectónico.

## [ Xustiza infinita ]

Liberdade Duradeira. Eslogans desafortunados. Saturados de retórica. Exultantes e solemnes (autocompracentes) como o título dunha desas superproduccións máis ben mediocres. Non convén esquecer o consello de Gandhi cando dicía que "de tanto ollo por ollo imos deixar ó mundo ceceo". Agora que de novo nos queren vender outra película-real de guerra (aínda sen título).

ANTON PATIÑO



## Regáloche a miña ausencia

X. OSE TREIXANE S

# Falta humildade nos medios

# a

un xornalista educado profesionalmente nos anos da transi-

ción á democracia, aqueles tempos románticos da *Internacional* e da *Liberdade sen ira*, a crise planetaria do 11-S, a segunda infamia que padeceu en carne propia a primeira potencia, deixouno ensimesmado. De repente, as trompetas de Xerico comezaron a atronar anunciando unha era nova de responsabilidade, solidariedade, defensa dos valores democráticos. O bálsamo perfecto para aliviar as feridas producidas polo maior acto de terrorismo na historia da humanidade. Sen embargo, a medida que as follas do calendario foron caendo, algúns —o xornalista ensimesmado entre eles— comezaron a descubrir que na doutrina do politicamente correcto, na santa alianza contra o que Bush bautizou como eixe do mal, agochábase,

agóchase aínda, un pequeno monstro. Parece que hai que escoller entre seguridade e liberdade, que regresa o vello grito de Goethe: ¡prefiro a inxustiza á desorde! E ós profesionais da comunicación cóllenos no medio e medio este maniqueo dilema.

O mundo cambiou desde o 11-S e aínda ningún gurú se atreveu a dicirnos cara a onde imos. ¿Cal debe se-lo papel do chamado poder mediático? Parece claro que os medios de comunicación deben transformarse e da-lo salto desde a que o columnista Tom Plate, profesor da Universidade de California Os Ánxeles (UCLA), define como cultura de complacencia a unha cultura de responsabilidade.

Os medios non aproveitaron a traxedia do 11-S para facer autocrítica, para preguntarse por qué non olfactearon a caída do Muro de Berlín, ou por qué tardaron en comprender-lo mortal cancro que consumía desde dentro ó imperio soviético, ou por qué estaban en babia cando estoupou a crise financeira dos chamados *tigres asiáticos* que fixo tremer as estruturas económicas de medio mundo. Falta humildade no planeta mediático, ese mesmo que maioritariamente aceptou o papel de altafalante acrítico da chamada *doutrina Bush*, preñada de ventos de guerra e resumida polo mesmísimo presidente dos Estados Unidos naquel tabernario *búscase vivo ou morto* que a algúns —tamén ó xornalista ensimesmado— nos deixou pampos e definitivamente preocupados.

A Casa Branca, o Pentágono, a CIA e moitos millóns de estadounidenses viven nun clima de guerra. Queren o dente por dente, tanto lles dá Bin Laden como tanto lles ten Sadam. Le-

van un ano clamando vinganza e esixindo que os seus socios do opulento Occidente pechen os ollos, pechen os cerebros, pechen filas ¿E os medios? Aplauden. Semella que a gran maioría das empresas de información preferiron esquecer que teñen unha misión máis elevada que simplemente aumenta-la tirada, amasar cartos e gañar premios.

Quizabes porque somos un gremio cun punto de orgullo, ata de soberbia, por enriba do que aconsella o sentido común, resistímonos a entender unha das mensaxes que o 11-S disparou directamente ó corazón do planeta mediático: fan falla periodistas mellor informados e preparados, profesionais que comprendan, interpreten e saiban comunicar temas complexos. Cando remate o espectáculo, cando as balas deixen de asubiar, sería unha mala noticia, a peor, descubrir que a prensa ten a súa *zona cero* cos seus rañaceos de liberdade, de debate, de defensa dos dereitos humanos, devastados polo poder dun megaimperio que xa non se conforma con se-lo policía do universo mundo.

Mentres o manto de medo e ira cobre o planeta e as mentes, algúns —¿poucos, moitos?, quen o sabe— pensan nunha sociedade sen terror, sen inxustizas, ás veces caótica pero sempre creativa, solidaria. Irrenunciamente libre. Unha sociedade cuns medios de comunicación fortes, críticos, independentes.

CAETANO d'IAZ

# Comentario de texto

Penso que o primeiro signo de forza dos que combatemos a globalización da barbarie, aquí e no resto do mundo, será celebrar o aniversario das nosas propias traxedias

# P

ensemos tres síntomas en torno aos cales un psicólogo clínico puidese esbozar o historial da clase media norteamericana: o primeiro son os versos inmensos de Walt Whitman; o segundo, a emisión radiofónica de Orson Welles que provocara pánico colectivo; a terceira, a caída das Torres Xemelgas, que immobilizou o país no sofá, ante a televisión.

Mal podía calcular o idealismo, cando sostíña que as civilizacións e os imperios se erguen a partir do seu poema fundacional, o salto cualitativo que ían dar en menos dun século os mecanismos de representación. Se o pobo xudeu e o mundo árabe gañaron sentido unitario na súa literatura relixiosa, non menos se pode afirmar do tramado da mitoloxía, a poesía épica e a traxedia a respecto do proceso grecolatino. A moral imperial chinesa, baseada na obra de Confucio, esixía altas dotes para escribir poemas a calquera aspirante a funcionario.

As materias do poema solidifican modos de produción: representacións da arte, da relixión e da moral encarnan aquilo que aos pobos lles gustaría ser, con frecuencia para permitirles soportar o que son na realidade. Houbo algún día unha América do Norte filla da Ilustración que prometía aos varóns brancos e cristiáns o paraíso na Terra.



Houbo tamén un Inferno norteamericano nacido da perversa calma de Nathaniel Hawthorne, das alucinacións de Poe e Lovecraft. Sen embargo, os sonhos e os pesadelos dos Estados Unidos acabaron transformándose nunha factoría, e pareceu agradecerlles, esquecendo que as factorías están sometidas á Lei do mercado, moi por riba dos imperativos morais e, por suposto, do bo gusto. O mercado só lles pide ao sono e ao pesadelo que sexan productivos.

Xulio César, nun momento imperial onde a industria de guerra era imbatible e precisaba pouco a propaganda, redactaba as súas campañas co estilo veraz e seco dun locutor de boletíns. Non dicía o que vía, senón o que Roma quería ver a través dos seus ollos depredadores. Roma tiña necesidades, e as consideracións acerca da realidade do Outro eran parte dese proxecto expansivo. Ao lle reprochamos á clase media norteamericana que chore compulsivamente polo Once de Setembro mentres permanece insensible ante o xenocidio das nenas e nenos iraquís tendemos a ignorar a historia: os Imperios non fan comentarios de texto sobre a realidade, límitanse a creala.

Conviría respectar a potencia fundadora da palabra "poesía", que significa "creación" en sentido amplo. Unha batería enorme de figuras retóricas sementan a nosa percepción co obxecto de reificar o invisible e borrar o visible.

O capitalismo tensa consignas visuais e verbais cada minuto, oculta cada minuto os masacres da fame e as causas certas da demolición do medio natural. Traballa miles de veces máis rápido que os imperios do pasado, diversifica mellor as tarefas de conquista e posúe unha dimensión planetaria. Pero iso, que xa parecería abondo, explica escasamente que tendamos a percibir a súa crise, económica ou bélica, como catástrofe, e non como resultado dunha lenta degradación. Que é o que adoitaba ocorrerlles aos imperios e, se cadra, verémolo nas próximas décadas, comece a sucederlle a este.

Como o resto dos poderes humanos que se creron absolutos ao longo do tempo, a economía de mercado apostou desde o principio pola desmesura; non estraña que os seus mecanismos de representación, completamente novos desde o punto de vista tecnolóxico, estrañen tamén abocados a ela. Os fíos da industria creativa estadounidense e das súas sucursais en Europa e no sur de América comezaron manexando con satisfacción un século enteiro. Cando fixo falta exaltar o valor da iniciativa solitaria no capitalismo apareceu o western, renacido das cinsas da cabaleiresca medieval. Ao paso serviu para aprenderlle ao cidadán medio que os indixenas eran, na súa maior parte, terroristas, e que o Goberno a penas protexía a inocencia labrega daquela nena loura que adoitaba aparecer violada xunto a un carro virado do revés, coa paisaxe colonial botando fume e papá e mamá, como o parrulo do Golfo Pérsico, agoniando entre a desolación.

A engrenaxe propagandística dos EEUU é máis eficaz que a Eneida de Virxilio e moito menos vulgar do que acostuma dicirse. A factoría fíxose tan potente que a súa brillante maquinaria, enriquecida polo talento individual e polo valor seguro que garanten as distribuidoras, tira rendemento tanto da épica como da crítica compracente ou dos inimigos declarados: Hammett, Welles, Coppola. A Casa Branca manipula un verdadeiro Imperio, sofisticado e paternal co esquerdismo de salón; aí temos a CIA, por exemplo, sempre entregada nas artes e nas ciencias. Hai varias décadas financiou a custosísima animación cinematográfica de *Animal Farm*. Tamén coida a literatura: axudada por outras axencias anticomunistas, promoveu ata 1990 o prestixioso magazine *Encounter*, onde colaboraron algunhas das mellores firmas do XX. Rambo queda para os idiotas.

Ainda que ao cada volta máis voraz e soberbio capitalismo, e sobre todo ao norteamericano, lle quita agora moito máis o sono a sabotaxe

das canles de distribución que os planos da forma e do contido xuntos. Se cadra sexa unha súa equivocación a longo prazo, o de abandonar as humildes, as pequenas emotivas palabras que formaron a Unión, boquexando entre a canseira da poesía sen referente, vagabunda. Condenar a clase media á rutina dos psicokillers e da superproducción de catástrofes. ¿Permitirá o monstro de Ben Laden que volva a tranquilidade necesaria para que se filme a segunda parte de E.T.?

Hai unha debacle, a verdadeira, que os poderes americanos temen, alén de episodios bélicos como a caída do World Trade Center (poño episodio, si: reservamos certas palabras para que estas poidan designar na xusta medida os atentados terroristas contra a poboación civil de Hiroshima, Corea ou o Vietnam). O síntoma da debacle sería que unha televisión estranxeira, isto é, allea aos intereses do Imperio, tivese as tomas en exclusiva. O resto, o eixo do mal, *la tour abolie*, falsas apocalipses que o cidadán ve estomballado no sofá, abrindo unha lata de cervexa. É o clímax do poder, en absoluto un síntoma de febleza. A plusvalía dos sonhos chámase abolición da realidade.

A factoría onde nenas e nenos nos criamos, desde San Francisco ata Sidney, alcanzou o punto barroco de transmitir en directo a escenificación, segundo Slavoj Žižek inconscientemente ansiada, da súa catástrofe. Nin sequera os peores tempos da guerra fría conseguirían tal audiencia, o que quere significar que os mecanismos de suplantación da realidade (a realidade é a dor) funcionan desde setembro de 2001 a todo gas, cunha potencia suxestiva ben maior que a caída televisada do muro de Berlín, anunciando a Nova Orde. Desde o ano pasado a propaganda neoliberal, xa sen freos, multiplicou ata o paroxismo a fábula do indio terrorista inventada en Hollywood: o noso modo de vida está ameazado por pailáns salvaxes, paradoxalmente moi perigosos. Cómpre pois actuar á defensiva e ir bombardealos alí onde se atopen, nas súas noxentas casas, neses países sumidos na pobreza e no fanatismo. (Para a clase media, dous indicadores inequívocos de culpabilidade).

O outro día Homer Simpson arengaba a cidade, subido a un coche, despois de que unha inesperada multitude de creos que eran arroaces cabreados (supoño que pola contaminación, pillei o capítulo no medio) invadise as rúas: "Vería, amigos, teñamos fe no ser humano. No pasado fomos capaces de aniquilar miles de especies: ¡agora podemos facer o mesmo!".

Fixense no Reino inmóbil da propaganda que habitamos: este aburrido artigo, que podería presentarse en verso de arte maior, imita torpemente a Homer Simpson, conténtase con ironías políticas que, no fondo, nunca sobordan a categoría de comentario de texto. Doutro texto. Penso que o primeiro signo de forza dos que combatemos a globalización da barbarie, aquí e no resto do mundo, será celebrar o aniversario das nosas propias traxedias.

XAVIER CORDAL

# A literatura inevitable

En literatura o 11 de setembro aínda non chegou. O pasado está por suceder no eido da creación ficcional. Pero non temos a menor dúbida de que un acontecemento que orixinou, non a maior traxedia, pero si o shock máis formidable dos últimos tempos, porque nos amosou que as portas do Imperio eran facilmente vulnerables e os seus símbolos, fráxiles e derrubables, se converterá nun reclamo irresistible para que rebente a imaxinación con centos de obras afilladas nuns feitos que cambiaron por enteiro o mundo que habitamos. Como aconteceu sempre cos grandes sucesos apocalípticos. Estamos seguros de que a estas horas as grandes factorías literarias do mundo enteiro están traballando a máis non dar para facernos chegar en formadas aparatosas as versións literarias e cinematográficas dun acontecemento onde os lindes do real e da ficción semellan esvaeirse. Por moito que a produción fílmica e televisiva estadounidense arredase das súas programacións imaxes das Torres Xemelgas, escenas que encerran terrorismo, explosións, secuestros... chegará un momento no que o mercado se atope acugulado de historias patrióticas, de vivencias da catástrofe, de dramas familiares ou de comedias que despracen o pensamento crítico, afonden na discriminación contra o mundo árabe ou intenten convencernos da bondade ou da necesidade de que as nosas liberdades individuais e a privacidade, sempre magnificada pola sociedade norteamericana, deben ficar limitadas, ou mesmo desaparecer, a cambio de seguridade. Todo iso será inevitable e moito máis se temos en conta que os acontecementos do 11-S están acompañados dunha mancha de imaxes simbólicas propias da literatura apocalíptica e de referencias ao número 11, típicas da numeroloxía e da cabalística, terreo fértil para o estourido dunha literatura sensacionalista de consumo masivo. Pero as grandes fábricas da ficción polo momento quantan motores para elevar ao altor fabulador un día que, por certo, lles roubou aos chilenos e a todos os antifascistas as connotacións locais e as imaxes do pazo de La Moneda en lapas.

## [Hiperterrorismo]

Sen embargo, o afirmado ata agora non significa que no decurso deste ano a escrita permanecese muda diante dos ataques terroristas ao corazón do Imperio. Ducias de libros aparecidos nestes meses analizan os feitos e os grandes inquéritos que aqueles provocaron: as raíces da agresión, a verosimilitude da mesma, os seus impactos, a identificación dos que a fixeron posible, a natureza do novo terrorismo etc. Entre estas publicacións de eruditas investigacións académicas, salientamos os ensaios de Jessica Stern, *El terrorismo definitivo* e de François Heisbourg, *Hyperterrorisme: la nouvelle guerre* que analizan as características deste terrorismo de novo cuño atribuído a Bin Laden: terrorismo de dimensións cósmicas e de natureza indisuasoria. O inimaxinable fíxose real o día 11 de setembro e o mundo enteiro entrou en estado de shock porque se decatou da súa vulnerabilidade. Daquela a embocadura cara unha era de terror e espanto como defenden no seu libro Strobe Talbott e Nayan Chanda, *The Age of Terror. America and the World After September 11*. Nunha obra colectiva editada por Miguel Rozas e Noemí Ramírez, *El día de la infamia*, danse cita intelectuais, líderes políticos, arabistas, historiadores, xornalistas e escritores para expoñer nun gran debate intelectual as súas reflexións diante dos atentados do 11-S, as ameazas contra as liberdades civís e a configuración da nova orde mundial

xurdida das cinzas do World Trade Center. Entre outros, Salman Rushdie revisa o concepto de terrorismo global, mentres que Saragoza, Vargas Llosa, A. Escotado, Bernard-Henri Levy, Daniel Sibony e E. Miret Magdalena expoñen o seu parecer sobre o papel da relixión e o concepto de loita de civilizacións. Libros moi críticos co papel xogado polos EEUU son *La gran impostura* de Thierry Meyssan, no que sostén que ningún avión bateu contra o Pentágono e que o 11-S foi provocado polo goberno americano. E 11/09/2001 de Noam Chomsky, colectánea dos artigos do pensador americano nos que pretende desvelarnos o que se agacha tras o fume das Torres Xemelgas: a política internacional de destrución e rapina dos EEUU e o que de novidoso teñen estes atentados: non a potencia do fogo (en calquera das súas intervencións "humanitarias" o arrasamento causado polos EEUU sempre é maior), senón a dirección do mesmo: "Por primeira vez as armas apuntaron en dirección contraria. Ese é tremendo cambio".


Noutro nivel de reflexión máis próximo á xente da rúa, aos seus medos e paixóns, cómpre situar as numerosas publicacións de natureza xornalística como a dos correspondentes da revista "Der Spiegel": 11 de Septiembre, Historia de un Ataque Terrorista que recolle testemuños de sobreviventes da catástrofe. Así coma os libros de Oriana Fallaci e André Glucksmann. As páxinas do libro dun dos pais da nova filosofía francesa, Dostoiévski à Manhattan, ábranse coa terrible carreira cara á vida dun mozo que traballaba nun andar da Torre Sur e unha pescuda entre os clásicos da literatura e da filosofía dunha explicación do que el denomina "nihilismo terrorista". A obra de Oriana Fallaci, *La rabia y el orgullo*, da que xa se coñecía unha versión parcial que abraiou a medio mundo, é un exercicio dese radicalismo e desa afouteza aos que nos ten acostumados. Xuízos apaixonados, quizais irritantes, nos que condena o terror do radicalismo musulmán, pero tamén o despregado polos exércitos occidentais nas súas accións humanitarias.

## [11 nouvelles]

Esta ollada fragmentaria aos produtos literarios vencellados ao 11-S remata co libro que constitúe, ata o de agora, o primeiro enfoque literario e gráfico dos atentados. Damien Perez e Frédéric Vignale xuntan a súa pluma e o seu pincel para ofrecernos en 11 setembro, 11 nouvelles, unha mirada literaria e pictórica sobre a traxedia. O libro, que saíu a rúa o pasado día 2 de setembro, reflicte o punto de vista de once seres de ficción afectados polo desastre que viron radicalmente cambiado o decurso das súas vidas. Con capacidade para esqueceren o espanto e para seren egoístas ou xenerosos fronte a miseria allea.

Unha das consecuencias "literarias" do 11-S foi o adiamento da entrega do Premio Imperial a Arthur Miller. Cando finalmente o recibiu o pasado día 3 o autor de *A morte dun viaxante*, crítico implacable do sentimento nacionalista que invade o seu país, pronunciou nun breve discurso estas verbas: "As artes poden facer por manter a paz máis que todas as guerras, os armamentos e as ameazas dos políticos". Unha boa receita para enfrontarnos desde a literatura á apocalipse global derivada do 11-S.

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS



Unha das ilustracións de "11 setembro, 11 nouvelles", un libro no que Damien Perez e Frédéric Vignale xuntan a súa pluma e o seu pincel para ofrecernos unha mirada literaria e pictórica sobre a traxedia



# Literatura

## do 11-S: tecnoloxía e linguaxe

“A violencia en si mesma pode ser perfectamente banal e inocua. Só a violencia simbólica xenera singularidade. Nesta película de catástrofe en Manhattan, xúntanse os dous elementos que fascinan as masas do século XX: a maxia branca das películas e a maxia negra do terrorismo”

# n

o *Proxecto para un glosario do século vinte*, o escritor J.G. Ballard escribiu que a guerra pode ser considerada como “unha metáfora extrema”. Unha idea tipicamente posmoderna: se diso se tratase, “poderíamos derrotala construíndo metáforas incluso máis extremas”. O 2 de novembro do ano pasado, Jean Baudrillard interpretaba os atentados do 11-S nun longo artigo publicado en *Le Monde*: “Esta violencia terrorista non é ‘real’. É peor en certo modo: é simbólica. A violencia en si mesma pode ser perfectamente banal e inocua. Só a violencia simbólica xera singularidade. E neste evento singular, nesta película de catástrofe en Manhattan, xúntanse os dous elementos que fascinan as masas do século XX: a maxia branca das películas e a maxia negra do terrorismo”.

Que dous autores tan lúcidos como Ballard e Baudrillard expoñan semellanzas inxenuidades é unha mostra da confianza cega na linguaxe típica da segunda metade do século XX. Non soamente calquera cousa podería ser analizada en termos lingüísticos, senón que todo problema que non puidera resolverse no círculo do logos sería irresoluble. Para Baudrillard, a atrocidade é un evento cerrado en si mesmo ó que non pode responderse de ningunha maneira.

Nun artigo escrito hai un ano neste mesmo xornal, eu tentaba de relacionar a atrocidade do 11 de setembro coa chamada “cultura da apocalipse”, citando para iso outro parágrafo de Ballard acerca do libro homónimo de Adam Parfrey (agora xa publicado en castelán por Valdemar): “O relato da catástrofe, sexa quen sexa quen o conte, representa un acto constructivo e positivo da imaxinación, unha tentativa de confrontar o baleiro aterrador dun universo manifestamente insensato desafiando no seu propio xogo, reconstruír a nada provocándoa de todas as maneiras que podan concibirse”. Estou convencido de que é certo, e de que as fic-

cións catastróficas as que a cultura popular nos ten acostumados dende o inicio da guerra fría contribuíron moito a axudar ós novaiorquinos a enfrontarse con dignidade e valentía a aquela inmensa taxada que detesto conmemorar neste artigo.

Sen embargo, o relato da catástrofe en ningún caso é útil para explicar por qué o máis vulgar dos argumentos de serie Z (a colisión entre os dous símbolos máis evidentes do século vinte, o avión e o rañaceo, efectuado por unha sociedade secreta dirixida por un Fu-Manchú disfrazado de árabe) chegou, a pesar da interpretación de Baudrillard, a converterse en algo moi ‘real’. Porque o certo é que o gravísimo da acción foi o seu efecto real: o asasinato de máis de 3.000 seres humanos.

Evidentemente, o propósito dos terroristas é producir un símbolo universal que teña efecto sobre todo o planeta. O obxectivo dos atentados non é o atentado en si, senón as imaxes que poden ser almacenadas e perpetuamente reproducidas, pero as imaxes, pasado o tempo, non difiren moito das dun accidente ou catástrofe natural. O evento, de por si, non constitúe un relato, no é máis ca unha icona, un recordo da fragilidade da civilización. Recórdanos que debemos permanecer en garda.

O relato de como foi realizado parece contado por un mal guitonista. Bin Laden é un malvado de opereta, un supervilán pasado de moda, o típico magnate oculto nunha cova rodeado de gadgets, fanáticos esbirros (e quen sabe se de mulleres loiras en biquini) que soña con dominar o mundo para resolver os seus problemas familiares. A maioría das desgracias da humanidade proceden dos conflitos familiares, como sabemos desde Homero, como o conta Shakespeare. O máis sorprendente é que Baudrillard capítule con tanta facilidade, que se deixe atrapar inmediatamente pola intención de facer unha análise “profunda” da intencionalidade dos asasinatos, que acepte a moeda falsa entregada por eles ós medios de comunicación.

Baudrillard equívocase porque parte dun lugar común erróneo, do mesmo principio que deu lugar ós comentarios de moitos xornalistas europeos. Di literalmente: “Cando a situación é monopolizada polo poder global, cando un trata con esta formidable condensa todas as funcións mediante a maquinaria tecnocrática e o pensamento único, ¿que outro camiño queda que a reversión terrorista da situación? É o sistema mesmo o que creou as condicións obxectivas para esta distorsión brutal [...] A un sistema o exceso de poder do cal crea un desafío irresoluble, os terroristas responden mediante un acto definitivo que non pode formar parte do círculo de intercambio. O terrorismo é un acto que introduce unha irreductible singularidade nun sistema de intercambios xeneralizado.”

O certo é que o ataque simbólico dos terroristas vai precisamente contra a fragmentación do poder, non contra a súa concentración. Xamais na historia estivo o poder tan fragmentado, xamais o pensamento estivo tan lonxe de ser único. O verdadeiro pensamento único é o que levou a esa acción única. Precisamente, a liberdade de pensamento e a fragmentación do poder é o que os terroristas non poden soportar. Non poden soportar que a democracia tenda a abrirse camiño (inda que sexa lentamente) na terra dos seus ancestros. Non poden soportar perder os seus



privilexios feudais. O “poder global” non é tan forte por estar concentrado, senón por aparecer cada vez máis distribuído. E, por suposto, os que planificaron a acción non están fóra do sistema de intercambios; o que intentan é que os seus súbditos non poidan integrarse nel.

Quizais no é casual a repentina volta dos superheróes ós cómics e ás pantallas. Tanto eles como os seus antagonistas son a miúdo seres transformados pola tecnoloxía. Son “sobranceiros”. Os seus corpos perderon a fragilidade do corpo humano, son case invulnerables. Ensináronos, antes que os ciberpunks, que as tecnoloxías constitúen a condición material para novas formas de subxectividade. “As tecnoloxías”, escribe Mark Hansen no seu recente libro *Embodying Technesis*, “xeran novos tipos de incorporación humana (ou posthumana) que debe levarnos a cuestionar o privilexio do pensamento para determinar o que constitúe a identidade”. Coincido con Baudrillard en que é un grandísimo erro cualificar os terroristas como “árabes”, unha identidade que xa non pode definilos. É tamén un erro buscar motivos políticos ou relixiosos ás súas accións. O ben e o mal xa non son neles unha cuestión de ética ou de política—asuntos do discurso—senón efectos colaterais das tecnoloxías. Convertéronse en freaks, e non poden ser combatidos senón por outros freaks. O discurso político co que pretenden xustificar os seus actos non é máis que outro dos seus recursos de combate, unha arma para semear a confusión. O problema da defensa contra a barbarie, agora mesmo, é que aínda non aprendemos a avaliar e defendernos deses efectos colaterais. Esa debería ser unha das funcións da nova literatura, da literatura do século XXI, que non me gustaría chamar literatura do 11 de setembro. O problema de construír metáforas extremas como defensa é que se desafia a realidade a contraatacar. O medo vólvese moito máis importante que a supervivencia. O medo convértese en tecnoloxía. “A tecnoloxía”, escribiu Walter Benjamin, “non é o dominio da natureza, senón a relación entre a natureza e o home.” Cando o medo se transforma en tecnoloxía o que debemos preguntarnos, o que non preguntamos o suficiente ata agora, é: ¿cales son as condicións materiais que permiten que esa tecnoloxía sexa aplicada?

Benjamin, cando fala das guerras futuras, anticipa a posibilidade dunha guerra invisible, que tivera lugar nas cidades (a guerra química ou biolóxica, pero tamén os atentados a grande escala), “da que non teríamos certeza absoluta”. Unha guerra que non saberíamos con seguridade se se está producindo. Avital Ronell explica que Benjamin prepara un sistema de alarma para salvagardar o pensamento, porque o pensamento entumécese, é anestesiado pola idea dunha guerra inminente. Non basta con construír metáforas extremas: deberemos desentumecer o pensamento, o que supón baixalo do seu pedestal lóxico, narrativo e dominante. Deberemos, citando de novo a Mark Hansen, “abandonar o privilexio cognitivo que, no proceso de supostamente protexermos da captación ó novo barbarismo de inhumanidade tecnolóxica, céganos a realidade da nosa dependencia das tecnoloxías”.

GERMAN SIERRA

# Eros e Tánatos

A demanda nas axencias de parellas de EEUU medrou un 30% tralo 11-S

Ó longo da historia da humanidade sempre houbo unha gran ligazón entre a morte e o sexo, o fin dunha vida que xa no voltará e o posible enxendo doutra á que lle queda moito por percorrer e experimentar. Pero se entendemos as prácticas sexuais non como unha maneira de traer ó mundo a outra persoa senón como algo que nos pode facer sentir mellor, que nos dá pracer e que nos quita das preocupacións, da rutina, dos temores e das depresións por uns intre, a relación entre situacións límite e a busca deste tipo de satisfaccións estréitase moito máis.

Segundo estudos publicados, os ataques do 11 de setembro do 2001 aumentaron considerablemente os niveis de estrés entre os estadounidenses. Ademais, desde ese día parece ser que os norteamericanos se senten máis vulnerables, débiles e desprotexidos ante a posibilidade de que se produza outra ofensiva semellante.

Estes datos foron corroborados polo ex responsable do Departamento de Saúde Mental de Nova York, Luis Rojas Marcos, quen constatou que os que sufriron na súa pel ou viviron de preto aquel derrumbamento agora teñen moito máis medo: medo ó descoñecido, medo á xente e medo ó futuro...

Ademais, desde aquela valoran máis a xenrosidade humana, interésalles o voluntariado, a capacidade de axudar a outros e incluso se produciu un achegamento entre brancos e negros, aínda que sempre continuará o sentimento xenófobo contra as persoas de orixe árabe.

E é que ante unha situación tan dramática como ver morrer a milleiros de persoas e compatriotas sen poder facer nada por evitalo, era de agardar que a fatídica data deixara pegadas imborrables na mente dos habitantes do país máis poderoso deste mundo.

Sen embargo, a pesar de que non cabe dúbida que cada persoa ten os seus propios remedios e cada un afronta os problemas á súa maneira, unha vez máis compróbase que o humano busca o seu rápido alivio na práctica do sexo.

Un mes despois do ocorrido na cidade de Nova York sóbouse que as relacións de parella aumentaran nos Estados Unidos, chegando incluso a medrar un 30 por cento o número de solicitudes presentadas nas axencias de contactos, segundo asegurou daquela Wachs, propietario dun deste negocios con fins matrimoniais.

E é que tras vivir situacións extremadamente fortes e duras, as persoas tendemos a reflexionar sobre qué é o que realmente nos importa nesta vida. A familia, as nosas relacións e incluso algúns refuxiámonos no mundo espiritual como fonte de esperanza. Isto leva a pensar nos demais e a buscar o apoio e compadecemento doutros seres que nos rodean e é aquí cando xorde o que os expertos en psicología denominan 'sexo por terror' ou 'post desastre'.

Do mesmo xeito que moitas persoas tenden a fumar, comer ou beber sen parar para aliviar-las súas penas ou o seu estrés, outras buscan chegar ó orgasmo cantas veces poidan. Así, está comprobado que trala caída das Torres Xemelgas, moitos dos habitantes frustrados atoparon nos encontros sexuais e na paixón a súa melloría.

A práctica do sexo pode facer que a mente deixe de pensar por algún tempo para recibir e dar sen medida un 'carino' que todos necesitamos nos momentos máis difíciles.

Así, mentres algunhas persoas reaccionan ante desgracias preocupándose, deprimíndose, non durmindo, abandonándose, convertíndose en preguiceiros e deixando de facer todo tipo de exercicio, —o que prexudica gravemente a saúde a longo prazo—, outras intentan soportar-la ansiedade que sofren mediante conductas compulsivas entre as que pode estar o sexo.

Tánatos e Eros, os deuses gregos da morte e o amor volven coincidir. O desexo cara ó outro apodérase do corpo case como un sentimento suicida. Así, xa Albert Camus, en 'A peste' facía referencia ó desexo sexual ante situacións de morte e desgracia. Algo inevitable e por qué non, nada malo, sempre que sexa san.

Algo que nos fai sentir mellor, algo que nos dá esperanzas na vida, algo que nos fai pensar que somos queridos, amados, afortunados e que estamos acompañados, aínda que só se estea a practicar o sexo polo sexo.

En definitiva, algo que, como ben define a psicóloga e escritora Karen Sharon, do Distrito de Columbia, permitiu que algúns estadounidenses se refuxiaran na calor humana e deixasen atrás a teima insoportable de pensar qué pasaría nun futuro incerto que para eles e para o resto do mundo non está aínda hoxe nada claro. rDI



# Sombras na batalla

Non sei se Hollywood mira ou non cara ó 11-S. Haberá que falar, máis ben, de cómo o transcende, o deixa como sombra da caverna, e o proxecta na súa nova realidade de escurantismo con películas bélicas que converterían en progresista a John Wayne, e 'thrillers' nos que os 'viláns' volven se-los rusos —ou os nazis—, como na recentísima 'Pánico nuclear', que ofrece de maneira avesa —e o que queira entenda-la elipse que o faga— unha trama de conspiración na que o 11 de setembro semella non ter existido. Os integristas desapareceron do mapa, cando ata hai un ano eran o pim-pam-pum recorrente do cine de acción hollywoodense.

Xa digo que o que naquel país se ofrecen, como vías de escape, son excursos ó heroísmo dos marines na Segunda Guerra Mundial ('Windtalkers'), reivindicacións da actuación en Indochina ('Cando fomos soldados'), sen que de momento se levantase o tabú sobre a derrumba apocalíptica da Gran Mazá.

E así, a consecuencia do 11-S en Hollywood a penas se notaría nun renacer do xénero bélico a calzón quitado, e o que é peor, nunha densa nube de silencio, nunha espesa censura implícita que se vai cebando sobre os bordos máis creativos ou ouados de Hollywood, dunha maneira que comeza a gardar semellanza coa que asfixiou á mesma industria a partir de 1947, cando o maccarthismo e a caza de bruxas cortaron a liberdade nas pantallas e truncaron de maneira irreversible unha traxectoria de cine en relativa liberdade.

Pero os froitos do 11-S, aínda podados ou convertidos en terra queimada en Hollywood (que é, a eses efectos, unha 'zona cero' para a creación), deixan ve-las súas raíces noutras cinematografías, noutras latitudes, porque é imposible cernar de modo universal todo o que á arte visual suxire esa paisaxe de apocalipse que naceu precisamente como impacto icónico visual omnicompreensivo.

Así, na recentemente concluída Mostra de Venecia podíase ver un proxecto, auspiciado por capital francés, no que once cineastas abordaban, cada un deles cinguido ós once minutos de metraje, a súa visión ou a súa referencia creativa á luz do sucedido hai agora un ano no World Trade Center.

Se eadeu que, a pouco que unha serie de cineastas sentiron o dereito a empuñar unha cámara e a filmar con ela en dirección cara ó que crían as raíces da catástrofe, púidose ver que as súas ideas embocaban por camiños nada gratos a esa fronte única, a esa cruzada que George Bush II —aínda co disgusto dalgúns dos que foron 'falcóns' en tempos do seu pai ou mesmo de Richard Nixon— mantén en pé de guerra.

Falamos de cineastas incontaminados pola nave nodriza de Hollywood, procedentes de Exipto, Irán ou Burkina Fasso, e que abordan, cando lles din que expliquen as súas perspectivas do 11-S, a situa-

ción de pobreza extrema, a lacerante humillación que sofre o pobo palestino, o cal, nese contexto, se converte en subversiva busca da relación de causa-efecto impensable de tratar nos Estados Unidos. Pero falamos tamén do británico Ken Loach, quen, á chamada para que realice o seu traballo visual sobre a data, se propulsa no rescate da memoria cara a outro 11-S, o de Chile, hai agora dezano-ve anos. E móstranos Loach como aquel outro 'día da infamia', sobre o cal tan pouco se fala, provocou en torno ós 30.000 mortos, dez veces os que deixou a actuación dos responsables do derrubamento das Torres Xemelgas.

Ah, pero Bin Laden sufriu unha caza do home que abarcou os túneles na terra de Tora Bora, mentres Pinochet só tiivo que lidiar a un xuíz co capote do 'establishment' político español, británico e chileno. E, máis alá do filme de Ken Loach, en si desafiante polo que ten de recordatorio de crimes contra a humanidade que saen inevitadamente do armario das culpabilidades históricas dos Estados Unidos, hai outro traballo se cabe máis provocador no seu carácter de obra ambigua e ó tempo poética. Asínao, ademais un norteamericano, Sean Penn.

E nela asistimos ó que o 11-S supón na vida dun ancián que vive no seu pequeno departamento, no corazón de Manhattan, escurido pola presenza omnívota das Torres Xemelgas. De súpeto, a caída destas provoca unha mutación no seu cuarto. A sombra que provocaban as dúas moles de cemento e aceiro deixan paso á luz na súa casa. E o ancián emociónase e sorri e chora. E o filme de Penn, na súa bela dobre lectura, convértese en relato de extraordinaria riqueza lírica e metafórica.

Seguramente no seu país lle traerá problemas ou, sinxelamente, se silenciará, non atopará cauces para a exhibición.

É probable que iso pase coa colectividade das curtmetraxas que forman esta obra vista en Venecia (aunque nelas haxa espazo para a corrección política que mostra Danis Tanovic, autor de 'No man's Land'). Pero resulta imparábel a idea de que o 11-S non poderá ser, por moito que os que impoñen o pensamento en Hollywood se empeñen, un muro de silencio encalado cunhas cantas películas de guerra que rearmen o patriotismo desde dúbidosas fazañas bélicas do pasado. O mundo, fóra das queilas gaiolas do pensamento, terá moito que dicir sobre aquel horror e sobre as súas causas non simplificadas.

Sen dúbida, tamén os EEUU serán capaces de mirar con sentido crítico cara as súas propias pantasmás, (igual que sucedeu con Vietnam e filmes como 'Apocalypse Now' ou 'O regreso'), cando cheguen mellores tempos para as liberdades.

JOSÉ LUIS JOSIA

# A ética da Xustiza

Os atentados do 11 de setembro feriron a Estados Unidos, o todopoderoso xigante mundial, en pleno epicentro do seu talón de Aquiles, o orgullo. O Día da Infamia, como foi bautizada esa data colendo como precedente a agresión de Pearl Harbour, constituíu un punto de inflexión no compendio de valores dun país que, coa súa influencia, puxo en perigo a orde mundial e os dereitos do home.

Nun primeiro momento, conmovidos pola traxedia acontecida en Nova York e Washington, a comunidade internacional case en pleno ofreculle a súa axuda e apoio internacional a Estados Unidos. Sen embargo, esta alianza non estaba destinada a sobrevivir cohesionada moito tempo. Transcorridos varios meses, comezaron a oírse voces disidentes que dúbidaban das intencións americanas e da validez dos seus métodos. A división maniqueísta do mundo entre "bos e malos" foi tachada de "simplista" e "pouco real" por parte de cada vez máis líderes, á parte da opinión pública, especialmente en Europa, e, fundamentalmente, no mundo árabe.

A pertenza a un ou outro lado da alternativa imposta polo xigante ferido, e incluso a exclusión dela, marcou o rumbo das relacións internacionais e o destino de moitos países, personaxes e organizacións.

Os ataques impulsaron as autoridades estadounidenses a reforzar considerablemente o seu arsenal xurídico e policial para loitar contra o terrorismo, xerando serias inqueanzas sobre o respecto ás liberdades civís. O gabinete de Bush iniciou a revolución desde dentro do sistema xurídico poucas semanas despois dos atentados. "Empregaremos tódalas leis á nosa disposición para perseguir aos terroristas que están entre nós", prometeu o fiscal xeral John Ashcroft naquel entón. Inmediatamente, tódalas áreas resultaron afectadas polos cambios: o aparello xudicial, as prerrogativas da policía federal e a regulamentación sobre inmigración, que tanta incerteza está a xerar.

O Congreso adoptou poucas semanas despois dos atentados e por esmagante maioría a Lei patriótica, que segundo o presidente George W. Bush era a chave para "castigar aos terroristas antes de que ataquen" pero "preservando os dereitos constitucionais dos estadounidenses".

Esta última precisión non conformou sen embargo os defensores das liberdades individuais, disconformes con esta serie de regulamentacións excepcionais que permiten investigar, interrogar ou poñer baixo vixilancia electrónica sen necesidade do mandato dun maxistrado. O FBI —que é tutelado polo departamento de Xustiza— viu os seus poderes ampliados, en particular en materia de vixilancia e de intervención de conversacións telefónicas, incluíndo as dos avogados con clientes sospeitosos de terrorismo.

Creouse un inxente banco de datos con máis de cen mil nomes, onde están fichados por igual inmigrantes, potenciais terroristas e estudantes estranxeiros.

E todo iso sen xerar oposición masiva. O 49 por cento dos estadounidenses considera incluso que a Pri-

meira Emenda da Constitución (referida á liberdade de expresión) constitúe un obstáculo á loita antiterrorista, segundo indicou unha recente enquisa da Universidade de Connecticut. "Foi moi fácil alifair a todo o mundo trala bandeira tralos atentados, e moi difícil crítica-lo Executivo", afirmou o especialista en historia contemporánea de Estados Unidos da American University Peter Kuznik.

Pero un ano despois a crítica existe. A sombra do McCarthyismo, o Grande irmán pregoado nas novelas de Orwell e o medo a unha *caza de bruxas* están presentes en moitos estadounidenses. "Cada vez son máis as voces nos medios de comunicación, a opinión pública ou o Congreso que expresan a súa inqueanza sobre o xeito no que a administración Bush aplicou certas medidas", afirmou Wendy Patten, de Human Rights Watch (HRW).

## [Dereitos pisados]

A organización de defensa dos dereitos humanos denunciou a mediados de agosto certas prácticas atribuídas á xustiza estadounidense: detencións arbitrarias, arrestos secretos, violación das regras de procedemento, casos escabrosos como o dos detidos en Guantánamo. "Estamos falando de dereitos moi, moi importantes que foron pisados no curso da investigación dos feitos do 11 de setembro", estimou Patten.

As asociacións defensoras dos dereitos civís protestan en particular polos arrestos duns 1.200 residentes estranxeiros, na súa maioría orixinarios de Oriente Medio. Segundo HRW, a maioría fuxe expulsada ou retida en segredo sen poder contactar con avogado. Máis de 8.000 persoas, sobre todo musulmáns, foron interrogadas polo FBI durante os últimos 12 meses. Como reacción a isto, algúns parlamentarios empezaron a expresar dúbidas sobre as intencións reais dun moi conservador secretario de Xustiza.

Ashcroft, pola súa parte, afirmou nunha declaración sorpresiva desde Moscova que o estadounidense José Padilla intentara colocar unha bomba radiolóxica en Estados Unidos. Sen embargo, o pouco tempo recoñeceu que a investigación ó sospeitoso estaba apenas na súa etapa inicial. Sen embargo, Padilla foi tachado de "combatente inimigo", o que permite unha detención prolongada sen posibilidade de acceso a un avogado. Os xuíces federais tamén reaccionaron: un xuíz de Nova York ordenou ergue-lo segredo dos debates xurídicos previos á expulsión dun inmigrante e, pola súa parte, a xuíza Gladys Kessler decidiu en Washington que a identidade dos inmigrantes detidos debía revelarse publicamente. "Os arrestos secretos son un concepto odioso para unha sociedade democrática", escribiu Kessler nas súas consideracións. A Xustiza con máiusculas vólvese formular no primeiro aniversario dunha traxedia con consecuencias, para algúns, tan inxustas coma ela. rDI

# Non cambiou

No 2020, a sida podería chegar a matar a sesenta e oito millóns de persoas



Tódolos medios analizaron os cambios políticos, económicos e sociais que trouxo consigo a traxedia do 11 de setembro en Nova York, pero probablemente ningún se cuestionou ¿que foi o que non cambiou?

Tralos atentados ás torres xemelgas, as bolsas derrubáronse, a crise económica afectou a todo o mundo, o terror e a inseguridade estendéronse entre os cidadáns e a política de guerra de Bush comezou a súa cruzada polos países árabes, facendo desaparecer a identidade de Afganistán, achegándolle unha nova, a americana. Agora, un ano despois, todo segue igual...

NON CAMBIOU a situación da Terra, que continúa tendo data de caducidade pola ambición política e económica que se converteu na enfermidade terminal do planeta. O informe do Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (Pnuma) prevé que para o ano 2032 máis do 70% da superficie da Terra estea afectada pola acción do home. América Latina e o Caribe serán as rexións máis afectadas. O 15% da capa da Terra, é dicir unha área maior que EEUU e México xuntos, está considerada degradada a causa da actividade humana.

NON CAMBIOU a crecente escaseza de auga, que segundo os datos presentados no Cumio de Xoanesburgo afecta a 1.400 millóns de persoas en todo o mundo. E segundo o informe da Pnuma, preto da metade dos ríos do planeta están seriamente degradados e contaminados, o que significa que en 30 anos, máis da metade da poboación vivirá en áreas con escaseza de auga potable. Ante esta decadente situación, a única transformación que se produciu co Cumio foi a iniciativa presentada polo primeiro ministro danés, Fogh Rasmussen, para garantir o acceso á auga potable en África e as repúblicas da antiga Unión Soviética. A esta proposta uníuse España, que adquiriu o compromiso de estende-la Iniciativa Europea de Auga a América Latina.

NON CAMBIOU a cantidade de emisión de gases que provocan o efecto invernadoiro, xa que tralo Cumio a delegación estadounidense rexeitou a ratificación do protocolo de Quioto, xunto coa representación de Xapón e Arabia Saudí, que se negaron a asinar metas á produción de enerxías renovables.

A última esperanza para cambiarlo mundo, e alonga-la súa vida, quedou relegada á acción do presidente americano, Bush, que sen facer presenza no cumio, aceptou aprobar a necesidade de aumenta-lo uso das renovables, elimina-las subvencións para as enerxías tradicionais contaminantes e facilita-lo acceso dos pobres a fontes de enerxías, pero baixo a trampa do tempo, xa que non se determinou ningunha pauta nin data concreta para conseguilo. A decisión foi promovida non só pola presión americana, senón tamén pola Organización dos Países Exportadores de Petróleo (OPEP) e as grandes empresas petrolíferas. Este acontecemento significa un paso atrás no camiño que comezou coa proposta brasileira, aceptada polo G77, co obxectivo de usar un 10% de enerxía

renovable cun calendario marcado para o 2010, pero que agora permanece bloqueado. Os intereses económicos e políticos condenan ó planeta Terra a unha vida cada vez máis curta, que afecta de igual xeito ó seres humanos, que sofren as consecuencias do cambio climático. A investigación de Nacións Unidas puxo de manifesto que hai un aumento no número de vítimas por desastres naturais, cunha media anual de 147 millóns de persoas afectadas por estes fenómenos nos anos 80, o número creceu a 211 millóns na seguinte década. Este ano o cambio climático afectou de forma devastadora a todo o mundo e cebouse cos territorio de Centroeuroa, India, Tailandia e China.

NON CAMBIOU o nivel de pobreza. Latinoamérica aumentou en 3 millóns o número de pobres, mentres outros países como Taiwán, Corea ou Singapur redución a súa porcentaxe de pobres dun 28% da poboación en 1990 a un 14 por cento no 2000, segundo os datos do Informe de Desenvolvemento Humano 2002. Os atentados contra as torres xemelgas, símbolo do americanismo, non cambiaron a concepción dos gobernantes do mundo, que continúan acrecentando as desigualdades entre pobres e ricos.

NON CAMBIOU a cifra que considera que para o 2020, a sida podería chegar a matar a sesenta e oito millóns de persoas, no caso de que os 45 países máis afectados non poñan en marcha políticas eficaces. Esta enfermidade continúa facendo estragos e imposibilitando o desenvolvemento dun país como África, que conto o ano pasado cunha epidemia que acabou coa vida de 4,7 millóns de persoas.

NON CAMBIOU a violación dos dereitos humanos, como as execucións extraxudiciais que se producen en 47 países, nin as execucións xudiciais noutros 27, "desaparicións" en 35, casos de tortura e malos tratos en 111 e presos de conciencia en alomenos 56 países. Esta situación é denunciada no Informe 2002, que Amnistía Internacional elaborou en relación cos acontecementos acontecidos no ano 2001, que se viron en aumento coa acción militar efectuada polas tropas estadounidenses en Afganistán, coa morte de centos de civís ou co cuestionado trato nos cárceres de Guantánamo.

NON CAMBIOU a ameaza que sofren os países como Arabia Saudí, Afganistán ou Nixeria sexan lapidadas, maltratadas e castigadas á pena de morte. Despois da liberación de Safiya, outra muller Amina Lawal foi condenada a morte o pasado mes de agosto por un Tribunal Islámico do norte de Nixeria, por quedar embarazada tralo divorcio.

NON CAMBIOU a ameaza que sofren os animais, afectados polas grandes madeireras ou polo famoso cambio climático que provoca un queantamento da terra e obriga os animais a adaptarse a un novo modo de vida. Así, na actualidade un 12% de paxaros e un 24% de mamíferos corren un grave perigo.

A transformación que realmente cambiará o mundo e asegurará un futuro, NON CHEGOU. rDI

# Nova York

## non cambiou a miña vida

„  
 Eu estaba en Nova York o 11 de setembro do 2001. A miña vida non cambiou, pero si a de Nova York. Unha cidade cunha xeografía humana abraiante aínda que semi afogada na incomunicación

# e

Eu estaba en Nova York o 11 de setembro do 2001. Fun alí pasar unhas vacacións, en ningún momento tiven a miña residencia na cidade dos rañaceos, mais son testemuña directa dun dos acontecementos históricos máis relevantes do século que vén de principiar. A inseguridade propia da incerteza é a sensación máis forte que me produce rememorar aquel suceso inesperado no que se calcula morreron... milleiros de persoas, preto de tres mil homes e mulleres de tódalas razas, idades e credos segundo cifras oficiais.

A miña vida non cambiou, pero si a de Nova York. Unha cidade que flúe, cunha xeografía humana abraiante e revitalizante aínda que semi-afogada na incomunicación, que tras ser vítima dun ataque terrorista de gran magnitude soubo repoñer-las pezas e engraxa-la máquina como nun filme, en cuestión de días. Un ano despois, vivimos o momento 'revival'.

5 de setembro. Un grupo de sete galegos chegamos ó Aeroporto Internacional John F. Kennedy dispostos a merenda-lo gran quinteiro e defende-la participación dunha curtametraxe realizada por Lijó e Meixide nun presixioso festival de cine. Un taxi condúcenos cara o fogar



A zona cero, o día cero

FOTO: CARLOS PEDROSA

da 'Family Film', unha produtora de cine integrada por españois con sede en Broadway Street, Brooklyn, moi preto de Williamsburg Bridge. Oito persoas, na súa meirande parte de nacionalidade española e portuguesa, comparten lugar de traballo e habitan nun 'loft' que está xusto ó carón da liña elevada de metro. Brooklyn é un dos cinco distritos de N.Y. e conta con máis de dous millóns de habitantes.

6 de setembro. Comeza a acción. Nova York amósase como unha cidade imponente. Hai moito que ver e sentir e non hai tempo, así que os sete galegos facemos turismo. Faló de María Paz, Mónica Góñez, Tomás Lijó, Carlos Meixide e Carlos Pedrosa, Conchi Fontenla e mais eu. Pateamos Greenwich Village e Chinatown, Harlem e Central Park, subimos ó Empire State e facemos todo o que o turista pode imaxinar. Asistimos á inauguración do *New York Independent Film and Video Festival*. Collemos un ferry que nos transporta a Staten Island rozando a Estatua da Liberdade e deixando atrás o World Trade Center, unha actividade que o turista pode realizar de balde en Nova York. Pero decidimos reserva-la visita ás Torres Xemelgas para o 11 de setembro pola mañá. Ese mesmo día ás dúas da tarde tería lugar a presentación da curta unhas rúas máis arriba, no cinema Sutton.

10 de setembro. Logo duns días de calor insuportable, húmido e pegafento, chove en Nova York coma no diluvio final. Estamos en Broadway Street, preto do East River en Brooklyn, unha avenida ruidosa

e populosa cunha boa oferta de 'delis', tendas de comestibles rexentadas na súa meirande parte por árabes. Paradoxicamente unha das beiras da avenida parece 'tomada' exclusivamente pola comunidade xudia ortodoxa mentres a outra amosa un abano formado por sudamericanos e árabes. As bocas de incendio e escaleiras de emerxencia forman parte da paisaxe urbana. Tamén os enreixados. Nos escaparates das tendas locen os carteis que animan a votar nas eleccións municipais do día seguinte coa lenda en español *¿Que excusa boba tiens para no votar?*

11 de setembro. Espertamos ás nove para ir visitar o World Trade Center. Un xornalista da 'Family' comunicanos que unha das torres está ardendo por mor do choque dunha avioneta. Subimos ó tellado para comprobalo e vemos os dous edificios de 110 pisos ardendo. Unha das torres cae na pantalla do televisor mentres nos vestimos. A outra faíno ante os nosos ollos que observan desde a ponte e inmortalizan o momento. O po esténdese, e perdurará. A xente foxe de Manhattan e Broadway Street, en Brooklyn, é unha marea humana. Os rostros planos. As mentes omnubiladas. Precipitación e teléfonos que non funcionan. Millóns de ollos fitan a caixa boba. Na tele intercalan advertencias sobre un posible ataque biolóxico con imaxes de mulleiros e nenos palestinos celebrando o atentado. As estrelas da programación nas canles hispanas, e na CNN tamén, son os psicólogos que ante a



A zona cero, o día cero

FOTO: CARLOS PEDROSA

pregunta "¿Qué les decimos a nuestros hijos?" axudan a establecer as diferencias entre o ben e o mal. Pero os adultos, ou nós alomenos, queríamos máis respostas. Por certo, ¿que pasou no Pentágono?

12 de setembro. A maquinaria está en marcha e a Family empeza a producir. Ó fin e ó cabo catro de nós somos xornalistas e no piso hai tamén colegas. Así que sometidos ó estado de emerxencia uns traballan, outros cociñan, outros ven a televisión e todos facemos de todo. É inaudita a ausencia de avións no espacio aéreo, o funcionamento a medio gas das liñas de metro, o escaso tráfico... As sirenas das ambulancias, bombeiros e policía tapan o silencio.

13 de setembro. O espazo aéreo está pechado e as compañías de voos manteñen as portas pechadas e as liñas telefónicas inactivas. No Consulado atenden as peticións dalgun que outro turista e de douscentos rapaces fans de Michael Jackson que quedaron atrapados tralo concerto no Madison Square Garden. Ofrecen douscentos dólares por persoa ata que xa non hai máis diñeiro. Dúas rapazas están nas oficinas consulares preguntándose se poderán voltar á súa casa na Coruña.

14 de setembro. Seguimos sen respostas pero Nova York esperta. Os cidadáns honran os seus heroes, os bombeiros, con aplausos ós presentes e santuarios cos rostros dos que tiveron peor fortuna. No Greenwich Village, onde días antes visitamos tendas de música alucinantes, hoxe hai unha procesión de fieis de non sei cal relixión. En Union Square, un acto en memoria das vítimas no que acendemos velas ó son dunha trompeta que interpreta *New York, New York* *When the saints go machine in*. A curta de Lijó e Meixide, *O meu nome, o meu mundo*, proxéctase no Clearview Cinema.


15 de setembro. Sorpreendentemente os americanos abren o espazo aéreo o mesmo día no que nós temos reservado o voo coa aeroliña portuguesa. Regresamos ó aeroporto JFK sen a certeza de poder voltar á casa. Na entrada dunha das terminais, comunicada coas outras por unha liña de autobús circular, os encargados da seguridade fan unha preselección. Nunha cola, os árabes. Noutra, os europeos, sudamericanos, africanos, orientais... Non funcionan os teléfonos e tiramos os cortauillas.

11 de setembro de 2002. Cinco de nós abandonamos Nova York o quince de setembro e outros dous fixérono días despois ó remata-lo seu traballo para a Televisión de Galicia. Hoxe todos nós residimos en Galicia, agás Mónica Góñez, que vive en Alemaña. Un ano despois todo semella ter sido unha película alucinante, unha historia cíclica que remata coa realización a cargo de Lijó e Meixide dun documental de 27 minutos, *Cascallos. Postais dende a metrópole*. Nel relátanse en imaxes tres días –o 11-S, o antes e o despois– que conmocionaron ó mundo.

LUCIA CHEDA

**Con "Corazóns amolecidos en salitre", Rosa Aneiros amósase como unha auténtica contadora de historias. Os seus relatos contribúen ademais a rebaixar o déficit de mar que temos na narrativa galega. Unha escaseza da que xa se laiaba hai moitos anos Vilar POnTe. Porque temos unha ricaz poesía salobre, mares literarios e mesmo actantes narrados por algúns dos nosos escritores. Pero case que sempre se trata de mares remotos, afastados e internacionais, moi alonxados das nosas costas e peiraos. De cando en vez, poida que cada día con máis frecuencia, pequenas gotas salgadas, con sons, cores e recendos das nosas maraxes e galernas, co saibo das nosas augas salobres, semellan querer disimular esta orfandade de mar na narrativa galega. É o que acontece co libro de Rosa Aneiros. Todo para relatarnos as olladas e os sentimentos de corazóns amolecidos en salitre.**

**Francisco Martínez Bouzas**





A periodista e escritora Rosa Aneiros

# Síndrome do noroeste

Rosa Aneiros

O Hospital da Virxe da Xunqueira de Cee é o escenario no que Rosa Aneiros desenvolve Síndrome do Noroeste, a inquietante narración que hoxe incluimos nos monográficos literarios de setembro de rEVISTA DAS IETRAS. O título fai referencia a un andazo psíquico que sacode as terras de Santa Comba, Cee, Corcubión e Fisterra e que un doutor recién chegado de Barcelona vai descubrindo a través da súa paciente, a señora Adelina. A tese do doutor, apelidado Ferrer, é que o andazo está provocado polo naufraxio do Casón, o mercante que se afundira o cinco de decembro de 1987 na praia do Rostro cun cargamento de substancias tóxicas. Con esta trama, Rosa Aneiros (Valdoviño, 1976), un dos novos valores da narrativa galega, constrúe unha narración marcada pola intriga pero tamén polo xénero fantástico, que suca estas páxinas con tinxes ás veces surrealistas e cun subsolo de clara crítica ecoloxista. Periodista, investigadora e narradora, Rosa Aneiros deuse a coñecer nos últimos anos con relatos marcados polo dominio técnico e a súa habilidade para remover as historias cotiás cun rictus máxico. Tamén publicou a novela xuvenil *Eu de maior quero ser*, editada por Sotelo Blanco e construída sobre a relación de cinco estudantes que comparten un piso en Compostela, onde a escritora demostrou as súas capacidades para adentrarse nos labirintos do cotián desde unha prosa intimista e, ó mesmo tempo, coloquial. Posteriormente, publicou a que, de momento, é a súa novela máis ambiciosa, *Corazóns amolecidos en salitre* (Laivento), premio Carvalho Calero de narración e obra na que a crítica descubriu unha poderosa contadora de historias. As mesmas claves deses *Corazóns*—un mangado de relatos onde realidade e mais ficción se mesturan nunha dimensión narrativa de grande eficacia— son as que agora nos ofrece en *Síndrome do Noroeste* e que conforman un novo banzo na súa traxectoria.

# a

delina e Marcos Ferrer coñecéronse no peor momento das súas vidas. Eles non o sabían, pero sospetábano. Esas cousas sempre se perciben no fondo do corazón. Cando a muller chegou ó hospital aquela tarde de finais de setembro polo seu propio pé e mirou de fite á nova encargada de admisións en urxencias, algo no seu destino tomou carreiro para sempre.

–Dóeme o peito, sinalou. Son Adelina Veleiro.

–¿Que máis síntomas ten? –preguntoulle unha enfermeira que a penas superaba a barreira adolescente dos vinte anos.

–Ai, ningún. Non se preocupe, señorita, só veño polas pílulas esas do doutor Pereiro. Isto élle a marea. Cando baixa tanto, aghora nas lagharteiras, tírame aquí, así, forte, á beira do corazón.

–O doutor Pereiro morreu, señora Veleiro, pero o doutor Pereiro era o psiquiatra, polo que me estraña que lle atendera unha doenza do peito. Déixeme que mire. Veleiro, acó está. Efectivamente, a vostede atendíaa o doutor Pereiro. Que raro... ¿señora Veleiro! ¿onde vai?

–Buscar as pílulas esas.

–Mire, señora Veleiro –a moza intentou demostrar tódolos coñecementos adquiridos en maratónicas noites de estudio diante daquela súa primeira paciente en prácticas– eu entendo que a morte dun médico sexa dura. Era alguén con quen vostede tiña moita confianza, pero a morte élle así. Hai outros médicos...

–Neniña, que morreu ben o sabía ¿ou quen pensa que llo avisou? ¿Se non fora por min aínda hoxe tiña as terras sen partir e co mal que se levaban os fillos habían vender todo! Dixenlo eu, miñaxoia, non lle ghustou nada pero... a santa compañía éraa e el levaba o pendón ¿eu que lle vou faser! Éche así.

A enfermeira non alterou nin un ápice a súa expresión. Estaba segura de que aquilo era unha inocentada dos compañeiros no seu bautismo profesional.

–Así que ghuapiña, continuou Adelina, faimo e favor de disírlle a algén que me dea as pílulas esas, como lle chamaba o doutor Pereiro, que xa me avisou que había deixar recado.

Houbo uns segundos nos que o vento se fixo de papel e ardeu co lume das olladas daquelas dúas mulleres. A moza agardaba que alguén saíse de atrás das padolias e botase unha gargallada. A vella non se moveu pero, ó cabo de dous minutos inacabables, indicou: –¿Vas ti ou vou eu?

A enfermeira volveu coller a ficha e leu "Adelina Veleiro. Síndrome do noroeste. Placebo. Avisar d. Marcos Ferrer".

–Ten vostede razón, señora Veleiro, ándolle moi despistada. Veña comigo.

A enfermeira de bata tan branca coma o seu escepticismo guiouna a través dos corredores diáfanos do hospital e petou na porta do doutor Ferrer. Sería o comezo de dúcias de paseos nos que as dúas mulleres percorrerían os labirintos do centro de saúde nos seguintes meses. Ninguén lle explicou nunca quen era aquela velliña recachada e ferrotiña de acento suave e maneiras extremadamente elegantes para unha peixeira. Sen embargo, impoñíalle a súa única presenza. Nos ollos inmensamente verdes de Adelina, un sentíase naufragar e a súa resolución ameazaba os mecanismos máis primitivos do raciocinio humano. Isto foi o primeiro que pensou Marcos Ferrer ó ve-

la. E non se trabucou.

O doutor Ferrer chegara ó hospital Virxe da Xunqueira de Cee, naqueles terreos roubados ó mar e á ría polo recheo, a penas unhas semanas antes. Tamén el lle roubara á súa carreira un futuro brillante por unha escapada a tempo que sabía a covardía e loucura. Fora unha decisión relativamente fácil. Saír da Barcelona de tolos, como lle gustaba referirse a ela, e daquel complexo hospitalario mastodónico do Vall d'Hebrón cos seus milleiros de pacientes consumidos pola urbe, convertérase nunha necesidade premente. Non levara nada ben o divorcio de Laura. Por moito que dixese o contrario, debía recoñecer que lle doera que o deixara por un médico novo co MIR aínda quitándolle o sono polas noites. Todo o centro de saúde o sabía. Resultaba difícil obviar que a enfermeira xefe, esposa do respectable catedrático de psiquiatría, andaba a refregarse nas camas da sala de gardas cun mozo de corpo atlético e ambición desmesurada. Na separación de bens, Marcos Ferrer saíu gañando pero sentiuse un perdedor. No fondo, e aínda que o matrimonio fose un do de esgrima continuo, el seguía querendo. "Éche o que ten ser un sentimental deses que cre no amor", pensaba coa esperanza de non verse caer como observara a tantos pacientes seus. Non quixo comprobar, ou non tivo valor, se era capaz de manter a cordura enfrontándose cada día ós culpables da súa turbación con todo o persoal hospitalario como testemuñas expectantes. O traslado ó centro sanitario Virxe da Xunqueira, tan lonxe dos tentáculos afectivos de Laura, resultou tarefa doada. Escolleu ese destino por ser próximo ó lugar de nacemento da súa nai, emigrante en Barcelona dende os dezaioito anos, e porque tiña a certeza de que non habería maior problema cos trámites. Ninguén ben da cabeceira abandonaría unha praza fixa no prestixioso Vall d'Hebrón por aquel lugar recóndito onde mar e terra se fundían nunha aperta tan eterna como mortal. A fin do mundo. A tarde na que a señora Adelina cruzou a porta da consulta por primeira vez, dúas semanas despois da súa chegada a terras fisterrás, aínda seguía pensando en Laura en tempo pluscuamperfecto e as nubes do tercio norte non lograbán agochar a luz mediterránea das súas Ramblas barcelonesas.

–Doutor Ferrer, ¿estame oíndo? –a voz da enfermeira rouboulle aquel segundo de traslado a un futuro improbable.

–Claro... a señora Adelina Veleiro, ¿verdá? –O doutor rescantara durante as últimas semanas moitas palabras do baúl de lembranzas da súa nai e pronunciaba un galego forzado de emigrante de segunda xeración.

–Si, son eu, ghrasias señorita, ata outro día.

O doutor non puido evitar a súa sorpresa ante a desenvolutura da muller. Puxo os lentes e leu a ficha, non sen certa sorna. "Dende logo, pensara el, que humor máis negro o do doutor Pereiro este. Aínda morrendo facía chanzas con síndromes das que ninguén escoitou falar nunca. Síndrome do noroeste, a quen se lle ocorre".

–Á ver señora, ¿que é o que lle doe?

–Outra ves... élle a marea, xa llo dixen á señorita. Cando baixa moito tírame de aquí do peito. E aghora, coas lagharteiras, pois xa se sabe. O doutor Pereiro, Deus o lle non seo, dábase unhas pílulas moi xeitosiñas e pasábame todo.

–Non lle pode dar nada sen examinala antes. Comprenderá vostede...

–Ai, pois vai ter que ser outro día porque hoxe vén o meu fillo Miro da Coruña e non lle teño tempo. Hei faser un caldo de repolo ben rico... ¿e non me podería dar as pílulas esas de tódalas maneiras? Mire que esta noite hai lúa e é cando máis laia.

Demasiados tolos tratados ó longo do seu amplo currículo como para escandalizarse por unha señoríña duns setenta anos de aspecto extremadamente tranquilo.

–Mire, facemos unha cousa, ¿vostede é de aquí, de Cee?

–Non, non lle son. Eu sonlle de Corcubión, alí de onda o xusghado.

–Vale, mándeme vostede mañá ó seu fillo e eu xa lle dou as pílulas.

Teño que facer unha consulta antes, ¿de acordo?

–Non, o Miro non pode. Sempre que vén do Ghran Sol non pode saír da casa que anda eivadiño, meu pobre. Veño eu, ¿Vostede como dixen que lle chamaban?

–Doutor Marcos, Marcos Ferrer.

–Marcos... moi milagreiro lle é ese santiño. Témoalo alí en Corcubión nunha igrexa cun altar, aí, dá ghusto velo, o san Marquiños, nunca se veu tal na redonda. ¿E que máis? ¿Ferrer? ¿non será vostede dos da "Ferrié"?

–Non teño o gusto, señora

–Si, home si, foi o que fixo alí o Castelo do Cardeal, en Corcubión. Élle unha fortificación moi importante, defendía a ría con ducia de pe-



sas de artillería e noventa e seis militares...

–Señora, si, outro día cóntamo.

–Mañá.

–Mañá, si, veña a iso das doce e media. Mire, por curiosidá, ¿co-mo sabe vostede iso de La Ferrière?

–Pois porque, mire, eu ándolle toda a mañá a voltas coas cunchiñas, e máis cos colares, e coas pulseiras, porque estes peregrinos que veñen a pé de ver ó Santiago e veñen ata o Cristo de Fisterra, estes, si, pois sempre paran alí comiño no banco e cóntanme as súas cousas... Veñen tan sós, cunhas ghanas de falar...

O doutor Ferrer non entendía nada. Cando se pechou a porta prendeu un cigarro e chamou polo traballador máis veterano do hospital. Preguntoulle directamente pola Síndrome do noroeste. O enfermeiro respondeulle como ben puido. Seica non era unha chanza senón algo moi serio. Disque pola zona de Santa Comba, Cee, Corcubión e Fisterra corría unha sorte de andazo psicolóxico caracterizado por certas peculiaridades que non tardaría en aprender a detectar a simple vista. Cada vez que o doutor Ferrer lle insistía en que explicase os síntomas, Xan abaneaba a cabeza negativamente. "Non lle sei dicir, iso sábese, debe ser porque moita xente vive soa, aquí, tan lonxe de todo e preto de nada, a fin do mundo... se lle digo a verdade, creo que a culpa de todo tena o vento do Nordés". Marcos Ferrer non podía crelo. Vinte anos dedicado á psiquiatría e non escoitara nada igual. O caso é que cando acendeu o ordenador e atopou o código da "Síndrome do noroeste" xunto con breves apuntamentos orientados a tratar unha inexplicable sintomatoloxía que non se achegaba á loucura pero facía impredecibles certos comportamentos e afectaba a centos de pacientes da comarca, creu tolear el tamén.

Esa noite non durmíu. O outono sorprendéralo bruscamente cos seus días curtos de luz e aquela choiva impertinente que o envolvía todo. Dubidou se sería capaz de aturalo. Aquilo parecía tan bonito no verán, todo cheo de veraneantes; peregrinos; coches con matrícula suíza ou madrileña; a ría escintilante; a ferrenza dominical do Ézaro; as illas Lobeiras, a Grande e a Chica; as galerías e balcóns cheos de flores das casas mariñeiras; o Pindo esgrevio co corazón sucado por corredores verdes... A invernia mudábase todo de socato e o silencio asubiante do mar embravecido enordecía aquela alma acostumada ó balbordo urbano. Marcos tomou outro calmante e deveceu por, alomenos, uns minutos de sono. Laura non quixo deixarlle.

A señora Adelina foi puntual á consulta. Serían nos moitos días que visitaría o Virxe da Xunqueira naquel ano. O doutor Ferrer deulle as súas pílulas (efectivamente, tiña alí unha composición inocua preparada co seu nome unha das gabetas do armario) e deixouno falar. Tiña tanta curiosidade por ver que era aquilo da Síndrome do noroeste que non podía evitar tirarlle da lingua para tentar diagnosticar algunha das súas características. Hai que dicir que o intento durantes varios meses. Todas as semanas, chovese ou houbese sol, Adelina arrastraba os seus setenta e moitos anos polo paseo que unía Corcubión co hospital para falar co doutor Marcos Ferrer.

Gustáballe aquel home de aspecto lánguideo e canso que a escoitaba sen tomar nin unha soa nota, ó contrario do que facía o anterior doutor Pereiro. Ela tomaba a pílula e volvía para casa. O medicamento era de cores e tamaños diferentes segundo fosen os síntomas: dor no peito pola marea; presa da cadeira ou dunha perna polo vento frío sen auga ou frouxa do ventre pola chegada dos bancos de sardiña... Pola súa banda, Ferrer escoitábase falar das súas conversas cos muxeos do porto, turróns como non había outro animal no mundo, e da súa teima por engordar a base de migallas de pan; das lérias das xardas e maragotas que a viñan buscar ó banco de azulexos coloreados para irse bañar á praia fría de Quenxe; do seu Miro embarcado no Gran Sol que lle mandaba recado por un paño do mal tempo para que lle preparase o caldo para o seu regreso ó porto da Coruña; dos avisos de morte dun veciño ou, do peor, daquel día que a viñera buscar a ánima do seu home defunto convertido en escaravello para que



o fose levar a Santo Andrés de Teixido. Marcos Ferrer non dicía nin chío. Adelina explicáballe que, claro, ela a todos os bechos do Señor lles tiña moita fe, que por algo foran criaturas que se salvaran do diluvio na barca de Noé, pero que os que máis lle gustaban eran os do mar. Seica traballara durante moitos anos nas antigas fábricas de salgadura e, insistía, vaia paroladas tiña botado con eles. Decía que o que menos lle gustaba era desmollar os tramallos da lancha do seu sobriño e sacar os reis, as xardas, os sargos, as castañetas, algunha robaliza benedicta polo ceo, os xurelos e os pintos, todos eles coa boca aberta e as branquias esgazadas. Polo baixinho rosmaba que devolvía algún que outro baraloco ó mar cando non a miraban porque bechos duros coma eses non os hai e sempre sobreviven. Todos os que salvaba viñanlle dar as gracias polas noites no peirao á beira da casa e cantábanlle un alalá baixinho. Os homes, Adelina falaba a unha velocidade desorbitada ós seus anos, parecíanlle bos, algúns; malos, outros... Os peregrinos algún carto daban cando mercaban colares e cunchas e tiñan palique infinito, sempre facían compañía... O peor eran as luces das ánimas do Cemiterio dos gregos alí onde o farallón Carrumeiro que berraban pola noite como almas en pena...

Marcos Ferrer chegara a unha conclusión rotunda despois de moitas horas escoitando a aquela muller. Apoiábase en libros científicos, consulta con outros colegas médicos, comparación de casos e de perfís de afectados. Non necesitaba máis. Coa súa explicación pretendía dar un xiro ó panorama científico: a Síndrome do noroeste fora provocado polo naufraxio do Casón. A traxedia do mercante, que afundira o cinco de decembro de 1987 na praia do Rostro cun cargamento de substancias tóxi-

cas, non só causara afeccións cutáneas e respiratorias entre os habitantes de Fisterra, Corcubión e Cee, senón que afectara psicológicamente ós suxeitos máis vulnerables, provocando cadros de alteración da realidade, divagación ou apatía. Non deixaba de ser unha patoloxía suave sen maiores consecuencias para o estado de saúde xeral do paciente, pero o doutor Ferrer estaba a saborear xa os aplausos e as felicitacións que sen dúbida o abafarían durante o seguinte congreso de psiquiatría que se ía celebrar, precisamente, en Barcelona. A cara de Laura sería memo-

rable. Namentres o doutor Ferrer soñaba con futuras indagacións médicas, a señora Adelina seguía a falar. Levaba meses falando, tirando dun fío de historias increíbles e fermosas nas que o escenario de Fisterra se convertía nun universo marabilloso poboado por centolos e cangrexos que xogaban ás adiviñas; gaivotas que pedían por favor que se lles abrisen as fiestras da casa para durmir ó quentiño e xardas que daban bicos polas mañás dende a auga co seu lombo de ondas azuladas rebrincando na beiriña. Do Nordés e dos camiñantes do Cristo dicía a velliña que aprendía todos os contos marabillozos e, á vez, téticos de naufraxios na ría con berros de milleiros de españois mortos nos vinte barcos da Armada que, comandada por Martín de Padilla, afundira aló no tempo do ouro americano; e os laios dos holandeses afo-gados no Bufadoiro e aqeloutros ingleses que naufragaran contra o Centolo. A señora Adelina sentíase e comprendíase malia o babel de linguas, nas noites de treboada no mar e por eles rezaba un rosario no albor do día. Marcos Ferrer só vía o rostro desencaixado pola envexa de Laura e o recoñecemento dos colegas que tanto se mofaran del cando a infidelidade da

muller superara xa os límites do complexo hospitalario. Chegara a pensar mesmo en levar á señora Adelina como paradigma máximo do caso que el analizara tan, cría, cientificamente.

Sen embargo, unha tarde de decembro, chamaron ó doutor a urxencias. Chovía moitísimo fóra e o vento asubiaba na ría como poucas veces o sentira. Tivo o atrevemento de se asomar á fiestra e o espectáculo da treboada encolleulle o corazón. Cando entrou na sala na que o reclamaran estrañouse ó ver á señora Adelina deitada na padola. Tiñan visita o día seguinte, como todos os martes, pero o seu rostro lívido indicoulle que fora un motivo ben distinto o que a trouxera alí.

–Doutor, a paciente chamou por vostede.

–Si, gracias. Señora Adelina, señora Adelina... Non responde, ¿qué lle pasou? ¿onde a toparon?

O enfermeiro abaneou a cabeza seriamente.

–A ver se sae desta... Esta xentiña que vive soa, ós seus anos, sen ningún familiar preto... É unha mágoa. Atopárona deitada na cociña de terra da súa casa, que máis que casa parece un cortello. Rompeu a cadeira e alí quedou deitada sen que ninguén a escoitase. Debe levar días alí. Presenta desnutrición, rotura de varios ósos e unha importante hipotermia. Se ata ten musgo nunha perna. ¡Vállame Deus! Xúrolle doutor que o peor desta profesión non son as doenzas físicas senón a miseria na que vive al-gunha xentiña. Pobre muller...

O doutor estaba profundamente impresionado. Nunca vira á señora Adelina como unha muller de carne e óso senón como un ser feliz e sen dor que lle viña contar as súas cousas como tantos outros anciáns sós que atoparan no médico un confesor e un entretemento nas súas aburridas tardes da velez. E agora estaba alí, entre a vida e máis a morte, por unha simple hipotermia. Custáballe aceptalo. De socato, a señora abriu os ollos e, como a primeira vez, o doutor Ferrer sentiuse naufragar no seu verde acuoso.

–Doutor, que veu o paño do mal tempo avisar de que vén o meu Miro...

A súa voz saía nun fio finíño. Colleu a man de Marcos sen que a este lle dese tempo a reaccionar.

–Doutor, se me pasase algo, míreme por el que é moi noviño e arghalleiro. Non é mal rapás, un pouco rubado, pero non é mal rapás.

Non ben pasaran dous días e a señora Adelina morría sen grandes maneiras, en silencio e espaventos, como sempre vivira. Avisaron ó doutor Ferrer, quen indicou que habería que tentar pórse en contacto co fillo, aínda que estivese de faena no Gran Sol. O enfermeiro mirouno abraído:

–Doutor, mire, a señora Adelina vive soa dende hai máis de vinte anos. Morreulle o fillo nunha marea porque lle gustaba ben darlle ó viño e afogou, malpocado, aló nas Illas Británicas. Nunca máis apareceu o corpo. Desgraciadísima, leva toda a vida a sufrir e sempre con ese sorriso...

O Ferrer non contestou e refuxiouse no baño da súa consulta. Mirou a súa imaxe reflectida no espello e descubriu dúas bágoas gordas como o medo baixándolle polo rostro, demasiado engurrado para os seus anos. Pasou así inacabables segundos ata que se virou para tirar da cisterna e descubriu unha xarda brillante, preciosa, coa boca aberta dende o burato do váter, que o fitaba tranquilamente. O minuto, desapareceu desconcertada, como preguntándose onde estaba ela. Marcos Ferrer apoiouse no lavabo. Sabía que naquel edificio do recheo da ría cando había enchente de marea nos meses de inverno, as algas e a area rubían polos sumidoiros, pero aquilo do peixe parecíalle excesivo. Ó saír tomar o aire, un paño do mal tempo espreitábase dende a fiestra, abaneado pola choiva implacable da fin do mundo. Laura mofouse del dende o inferno das lembranzas e Marcos Ferrer soubo que nunca máis tería ratorio para o congreso de psiquiatría de Barcelona.

ROSA aNEIROS





A periodista e escritora Rosa Aneiros

# Síndrome do noroeste

Rosa Aneiros

O Hospital da Virxe da Xunqueira de Cee é o escenario no que Rosa Aneiros desenvolve Síndrome do Noroeste, a inquietante narración que hoxe incluimos nos monográficos literarios de setembro de rEVISTA DAS IETRAS. O título fai referencia a un andazo psíquico que sacode as terras de Santa Comba, Cee, Corcubión e Fisterra e que un doutor recién chegado de Barcelona vai descubrindo a través da súa paciente, a señora Adelina. A tese do doutor, apelidado Ferrer, é que o andazo está provocado polo naufraxio do Casón, o mercante que se afundira o cinco de decembro de 1987 na praia do Rostro cun cargamento de substancias tóxicas. Con esta trama, Rosa Aneiros (Valdoviño, 1976), un dos novos valores da narrativa galega, constrúe unha narración marcada pola intriga pero tamén polo xénero fantástico, que suca estas páxinas con tinxes ás veces surrealistas e cun subsolo de clara crítica ecoloxista. Periodista, investigadora e narradora, Rosa Aneiros deuse a coñecer nos últimos anos con relatos marcados polo dominio técnico e a súa habilidade para remover as historias cotiás cun rictus máxico. Tamén publicou a novela xuvenil *Eu de maior quero ser*, editada por Sotelo Blanco e construída sobre a relación de cinco estudantes que comparten un piso en Compostela, onde a escritora demostrou as súas capacidades para adentrarse nos labirintos do cotián desde unha prosa intimista e, ó mesmo tempo, coloquial. Posteriormente, publicou a que, de momento, é a súa novela máis ambiciosa, *Corazóns amolecidos en salitre* (Laivento), premio Carvalho Calero de narración e obra na que a crítica descubriu unha poderosa contadora de historias. As mesmas claves deses *Corazóns*—un mangado de relatos onde realidade e mais ficción se mesturan nunha dimensión narrativa de grande eficacia— son as que agora nos ofrece en *Síndrome do Noroeste* e que conforman un novo banzo na súa traxectoria.

# a

delina e Marcos Ferrer coñecéronse no peor momento das súas vidas. Eles non o sabían, pero sospetábano. Esas cousas sempre se perciben no fondo do corazón. Cando a muller chegou ó hospital aquela tarde de finais de setembro polo seu propio pé e mirou de fite á nova encargada de admisións en urxencias, algo no seu destino tomou carreiro para sempre.

–Dóeme o peito, sinalou. Son Adelina Veleiro.

–¿Que máis síntomas ten? –preguntoulle unha enfermeira que a penas superaba a barreira adolescente dos vinte anos.

–Ai, ningún. Non se preocupe, señorita, só veño polas pílulas esas do doutor Pereiro. Isto élle a marea. Cando baixa tanto, aghora nas lagharteiras, tírame aquí, así, forte, á beira do corazón.

–O doutor Pereiro morreu, señora Veleiro, pero o doutor Pereiro era o psiquiatra, polo que me estraña que lle atendera unha doenza do peito. Déixeme que mire. Veleiro, acó está. Efectivamente, a vostede atendíaa o doutor Pereiro. Que raro... ¿señora Veleiro! ¿onde vai?

–Buscar as pílulas esas.

–Mire, señora Veleiro –a moza intentou demostrar tódolos coñecementos adquiridos en maratónicas noites de estudio diante daquela súa primeira paciente en prácticas– eu entendo que a morte dun médico sexa dura. Era alguén con quen vostede tiña moita confianza, pero a morte élle así. Hai outros médicos...

–Neniña, que morreu ben o sabía ¿ou quen pensa que llo avisou? ¿Se non fora por min aínda hoxe tiña as terras sen partir e co mal que se levan os fillos habían vender todo! Dixenlo eu, miñaxoia, non lle ghustou nada pero... a santa compañía éraa e el levaba o pendón ¿eu que lle vou faser! Éche así.

A enfermeira non alterou nin un ápice a súa expresión. Estaba segura de que aquilo era unha inocentada dos compañeiros no seu bautismo profesional.

–Así que ghuapiña, continuou Adelina, faimo e favor de disírlle a algén que me dea as pílulas esas, como lle chamaba o doutor Pereiro, que xa me avisou que había deixar recado.

Houbo uns segundos nos que o vento se fixo de papel e ardeu co lume das olladas daquelas dúas mulleres. A moza agardaba que alguén saíse de atrás das padolias e botase unha gargallada. A vella non se moveu pero, ó cabo de dous minutos inacabables, indicou: –¿Vas ti ou vou eu?

A enfermeira volveu coller a ficha e leu "Adelina Veleiro. Síndrome do noroeste. Placebo. Avisar d. Marcos Ferrer".

–Ten vostede razón, señora Veleiro, ándolle moi despistada. Veña comigo.

A enfermeira de bata tan branca coma o seu escepticismo guiouna a través dos corredores diáfanos do hospital e petou na porta do doutor Ferrer. Sería o comezo de dúcias de paseos nos que as dúas mulleres percorrerían os labirintos do centro de saúde nos seguintes meses. Ninguén lle explicou nunca quen era aquela velliña recachada e ferrotiña de acento suave e maneiras extremadamente elegantes para unha peixeira. Sen embargo, impoñíalle a súa única presenza. Nos ollos inmensamente verdes de Adelina, un sentíase naufragar e a súa resolución ameazaba os mecanismos máis primitivos do raciocinio humano. Isto foi o primeiro que pensou Marcos Ferrer ó ve-

la. E non se trabucou.

O doutor Ferrer chegara ó hospital Virxe da Xunqueira de Cee, naqueles terreos roubados ó mar e á ría polo recheo, a penas unhas semanas antes. Tamén el lle roubara á súa carreira un futuro brillante por unha escapada a tempo que sabía a covardía e loucura. Fora unha decisión relativamente fácil. Saír da Barcelona de tolos, como lle gustaba referirse a ela, e daquel complexo hospitalario mastodónico do Vall d'Hebrón cos seus milleiros de pacientes consumidos pola urbe, convertérase nunha necesidade premente. Non levara nada ben o divorcio de Laura. Por moito que dixese o contrario, debía recoñecer que lle doera que o deixara por un médico novo co MIR aínda quitándolle o sono polas noites. Todo o centro de saúde o sabía. Resultaba difícil obviar que a enfermeira xefe, esposa do respectable catedrático de psiquiatría, andaba a refregarse nas camas da sala de gardas cun mozo de corpo atlético e ambición desmesurada. Na separación de bens, Marcos Ferrer saíu gañando pero sentiuse un perdedor. No fondo, e aínda que o matrimonio fose un do de esgrima continuo, el seguía querendo. "Éche o que ten ser un sentimental deses que cre no amor", pensaba coa esperanza de non verse caer como observara a tantos pacientes seus. Non quixo comprobar, ou non tivo valor, se era capaz de manter a cordura enfrontándose cada día ós culpables da súa turbación con todo o persoal hospitalario como testemuñas expectantes. O traslado ó centro sanitario Virxe da Xunqueira, tan lonxe dos tentáculos afectivos de Laura, resultou tarefa doada. Escolleu ese destino por ser próximo ó lugar de nacemento da súa nai, emigrante en Barcelona dende os dezaioito anos, e porque tiña a certeza de que non habería maior problema cos trámites. Ninguén ben da cabeceira abandonaría unha praza fixa no prestixioso Vall d'Hebrón por aquel lugar recóndito onde mar e terra se fundían nunha aperta tan eterna como mortal. A fin do mundo. A tarde na que a señora Adelina cruzou a porta da consulta por primeira vez, dúas semanas despois da súa chegada a terras fisterrás, aínda seguía pensando en Laura en tempo pluscuamperfecto e as nubes do tercio norte non lograbán agochar a luz mediterránea das súas Ramblas barcelonesas.

–Doutor Ferrer, ¿estame oíndo? –a voz da enfermeira rouboulle aquel segundo de traslado a un futuro improbable.

–Claro... a señora Adelina Veleiro, ¿verdá? –O doutor rescatara durante as últimas semanas moitas palabras do baúl de lembranzas da súa nai e pronunciaba un galego forzado de emigrante de segunda xeración.

–Si, son eu, ghrasias señorita, ata outro día.

O doutor non puido evitar a súa sorpresa ante a desenvolutura da muller. Puxo os lentes e leu a ficha, non sen certa sorna. "Dende logo, pensara el, que humor máis negro o do doutor Pereiro este. Aínda morrendo facía chanzas con síndromes das que ninguén escoitou falar nunca. Síndrome do noroeste, a quen se lle ocorre".

–Á ver señora, ¿que é o que lle doe?

–Outra ves... élle a marea, xa llo dixen á señorita. Cando baixa moito tírame de aquí do peito. E aghora, coas lagharteiras, pois xa se sabe. O doutor Pereiro, Deus o lle non seo, dábase unhas pílulas moi xeitosiñas e pasábame todo.

–Non lle pode dar nada sen examinala antes. Comprenderá vostede...

–Ai, pois vai ter que ser outro día porque hoxe vén o meu fillo Miro da Coruña e non lle teño tempo. Hei faser un caldo de repolo ben rico... ¿e non me podería dar as pílulas esas de tódalas maneiras? Mire que esta noite hai lúa e é cando máis laia.

Demasiados tolos tratados ó longo do seu amplo currículo como para escandalizarse por unha señoríña duns setenta anos de aspecto extremadamente tranquilo.

–Mire, facemos unha cousa, ¿vostede é de aquí, de Cee?

–Non, non lle son. Eu sonlle de Corcubión, alí de onda o xusghado.

–Vale, mándeme vostede mañá ó seu fillo e eu xa lle dou as pílulas.

Teño que facer unha consulta antes, ¿de acordo?

–Non, o Miro non pode. Sempre que vén do Ghran Sol non pode saír da casa que anda eivadiño, meu pobre. Veño eu, ¿Vostede como dixen que lle chamaban?

–Doutor Marcos, Marcos Ferrer.

–Marcos... moi milagreiro lle é ese santiño. Témoalo alí en Corcubión nunha igrexa cun altar, aí, dá ghusto velo, o san Marquiños, nunca se veu tal na redonda. ¿E que máis? ¿Ferrer? ¿non será vostede dos da "Ferrié"?

–Non teño o gusto, señora

–Si, home si, foi o que fixo alí o Castelo do Cardeal, en Corcubión. Élle unha fortificación moi importante, defendía a ría con ducia de pe-



sas de artillería e noventa e seis militares...

–Señora, si, outro día cóntamo.

–Mañá.

–Mañá, si, veña a iso das doce e media. Mire, por curiosidá, ¿co-mo sabe vostede iso de La Ferrière?

–Pois porque, mire, eu ándolle toda a mañá a voltas coas cunchiñas, e máis cos colares, e coas pulseiras, porque estes peregrinos que veñen a pé de ver ó Santiago e veñen ata o Cristo de Fisterra, estes, si, pois sempre paran alí comiño no banco e cóntanme as súas cousas... Veñen tan sós, cunhas ghanas de falar...

O doutor Ferrer non entendía nada. Cando se pechou a porta prendeu un cigarro e chamou polo traballador máis veterano do hospital. Preguntoulle directamente pola Síndrome do noroeste. O enfermeiro respondeulle como ben puido. Seica non era unha chanza senón algo moi serio. Disque pola zona de Santa Comba, Cee, Corcubión e Fisterra corría unha sorte de andazo psicolóxico caracterizado por certas peculiaridades que non tardaría en aprender a detectar a simple vista. Cada vez que o doutor Ferrer lle insistía en que explicase os síntomas, Xan abaneaba a cabeza negativamente. "Non lle sei dicir, iso sábese, debe ser porque moita xente vive soa, aquí, tan lonxe de todo e preto de nada, a fin do mundo... se lle digo a verdade, creo que a culpa de todo tena o vento do Nordés". Marcos Ferrer non podía crelo. Vinte anos dedicado á psiquiatría e non escoitara nada igual. O caso é que cando acendeu o ordenador e atopou o código da "Síndrome do noroeste" xunto con breves apuntamentos orientados a tratar unha inexplicable sintomatoloxía que non se achegaba á loucura pero facía impredecibles certos comportamentos e afectaba a centos de pacientes da comarca, creu tolear el tamén.

Esa noite non durmíu. O outono sorprendéao bruscamente cos seus días curtos de luz e aquela choiva impertinente que o envolvía todo. Dubidou se sería capaz de aturalo. Aquilo parecía tan bonito no verán, todo cheo de veraneantes; peregrinos; coches con matrícula suíza ou madrileña; a ría escintilante; a ferrenza dominical do Ézaro; as illas Lobeiras, a Grande e a Chica; as galerías e balcóns cheos de flores das casas mariñeiras; o Pindo esgrevio co corazón sucado por corredores verdes... A invernia mudábo todo de socato e o silencio asubiante do mar embravecido enordecía aquela alma acostumada ó balbordo urbano. Marcos tomou outro calmante e deveceu por, alomenos, uns minutos de sono. Laura non quixo deixarlle.

A señora Adelina foi puntual á consulta. Serían nos moitos días que visitaría o Virxe da Xunqueira naquel ano. O doutor Ferrer deulle as súas pílulas (efectivamente, tiña alí unha composición inocua preparada co seu nome unha das gabetas do armario) e deixouno falar. Tiña tanta curiosidade por ver que era aquilo da Síndrome do noroeste que non podía evitar tirarlle da lingua para tentar diagnosticar algunha das súas características. Hai que dicir que o intento durantes varios meses. Todas as semanas, chovese ou houbese sol, Adelina arrastraba os seus setenta e moitos anos polo paseo que unía Corcubión co hospital para falar co doutor Marcos Ferrer.

Gustáballo aquel home de aspecto lánguideo e canso que a escoitaba sen tomar nin unha soa nota, ó contrario do que facía o anterior doutor Pereiro. Ela tomaba a pílula e volvía para casa. O medicamento era de cores e tamaños diferentes segundo fosen os síntomas: dor no peito pola marea; presa da cadeira ou dunha perna polo vento frío sen auga ou frouxa do ventre pola chegada dos bancos de sardiña... Pola súa banda, Ferrer escoitábaa falar das súas conversas cos muxeos do porto, turróns como non había outro animal no mundo, e da súa teima por engordar a base de migallas de pan; das lérias das xardas e maragotas que a viñan buscar ó banco de azulexos coloreados para irse bañar á praia fría de Quenxe; do seu Miro embarcado no Gran Sol que lle mandaba recado por un paíño do mal tempo para que lle preparase o caldo para o seu regreso ó porto da Coruña; dos avisos de morte dun veciño ou, do peor, daquel día que a viñera buscar a ánima do seu home defunto convertido en escaravello para que



o fose levar a Santo Andrés de Teixido. Marcos Ferrer non dicía nin chío. Adelina explicáballo que, claro, ela a todos os bechos do Señor lles tiña moita fe, que por algo foran criaturas que se salvaran do diluvio na barca de Noé, pero que os que máis lle gustaban eran os do mar. Seica traballara durante moitos anos nas antigas fábricas de salgadura e, insistía, vaia paroladas tiña botado con eles. Decía que o que menos lle gustaba era desmollar os tramallos da lancha do seu sobriño e sacar os reis, as xardas, os sargos, as castañetas, algunha robaliza benedicta polo ceo, os xurelos e os pintos, todos eles coa boca aberta e as branquias esgazadas. Polo baixinho rosmaba que devolvía algún que outro baraloco ó mar cando non a miraban porque bechos duros coma eses non os hai e sempre sobreviven. Todos os que salvaba viñanlle dar as gracias polas noites no peirao á beira da casa e cantábanlle un alalá baixinho. Os homes, Adelina falaba a unha velocidade desorbitada ós seus anos, parecíanlle bos, algúns; malos, outros... Os peregrinos algún carto daban cando mercaban colares e cunchas e tiñan palique infinito, sempre facían compañía... O peor eran as luces das ánimas do Cemiterio dos gregos alí onde o farallón Carrumeiro que berraban pola noite como almas en pena...

Marcos Ferrer chegara a unha conclusión rotunda despois de moitas horas escoitando a aquela muller. Apoiárase en libros científicos, consulta con outros colegas médicos, comparación de casos e de perfís de afectados. Non necesitaba máis. Coa súa explicación pretendía dar un xiro ó panorama científico: a Síndrome do noroeste fora provocado polo naufragio do Casón. A traxedia do mercante, que afundira o cinco de decembro de 1987 na praia do Rostro cun cargamento de substancias tóxi-

cas, non só causara afeccións cutáneas e respiratorias entre os habitantes de Fisterra, Corcubión e Cee, senón que afectara psicolóxicamente ós suxeitos máis vulnerables, provocando cadros de alteración da realidade, divagación ou apatía. Non deixaba de ser unha patoloxía suave sen maiores consecuencias para o estado de saúde xeral do paciente, pero o doutor Ferrer estaba a saborear xa os aplausos e as felicitacións que sen dúbida o abafarían durante o seguinte congreso de psiquiatría que se ía celebrar, precisamente, en Barcelona. A cara de Laura sería memo-

rable. Namentres o doutor Ferrer soñaba con futuras indagacións médicas, a señora Adelina seguía a falar. Levaba meses falando, tirando dun fío de historias increíbles e fermosas nas que o escenario de Fisterra se convertía nun universo maravilloso poboado por centolos e cangrexos que xogaban ás adiviñas; gaivotas que pedían por favor que se lles abrisen as fiestras da casa para durmir ó quentiño e xardas que daban bicos polas mañás dende a auga co seu lombo de ondas azuladas rebrincando na beiriña. Do Nordés e dos camiñantes do Cristo dicía a velliña que aprendía todos os contos maravillosos e, á vez, téticos de naufraxios na ría con berros de milleiros de españois mortos nos vinte barcos da Armada que, comandada por Martín de Padilla, afundira aló no tempo do ouro americano; e os laios dos holandeses afo-gados no Bufadoiro e aqeloutros ingleses que naufragaran contra o Centolo. A señora Adelina sentíaos e comprendíaos malia o babel de linguas, nas noites de treboada no mar e por eles rezaba un rosario no albor do día. Marcos Ferrer só vía o rostro desencaixado pola envexa de Laura e o recoñecemento dos colegas que tanto se mofaran del cando a infidelidade da

muller superara xa os límites do complexo hospitalario. Chegara a pensar mesmo en levar á señora Adelina como paradigma máximo do caso que el analizara tan, cría, cientificamente.

Sen embargo, unha tarde de decembro, chamaron ó doutor a urxencias. Chovía moitísimo fóra e o vento asubiaba na ría como poucas veces o sentira. Tivo o atrevemento de se asomar á fiestra e o espectáculo da treboada encolleulle o corazón. Cando entrou na sala na que o reclamaran estrañouse ó ver á señora Adelina deitada na padola. Tiñan visita o día seguinte, como todos os martes, pero o seu rostro lívido indicoulle que fora un motivo ben distinto o que a trouxera alí.

–Doutor, a paciente chamou por vostede.

–Si, gracias. Señora Adelina, señora Adelina... Non responde, ¿qué lle pasou? ¿onde a toparon?

O enfermeiro abaneou a cabeza seriamente.

–A ver se sae desta... Esta xentiña que vive soa, ós seus anos, sen ningún familiar preto... É unha mágoa. Atopárona deitada na cociña de terra da súa casa, que máis que casa parece un cortello. Rompeu a cadeira e alí quedou deitada sen que ninguén a escoitase. Debe levar días alí. Presenta desnutrición, rotura de varios ósos e unha importante hipotermia. Se ata ten musgo nunha perna. ¡Vállame Deus! Xúrolle doutor que o peor desta profesión non son as doenzas físicas senón a miseria na que vive al-gunha xentiña. Pobre muller...

O doutor estaba profundamente impresionado. Nunca vira á señora Adelina como unha muller de carne e óso senón como un ser feliz e sen dor que lle viña contar as súas cousas como tantos outros anciáns sós que atoparan no médico un confesor e un entretemento nas súas aburridas tardes da velez. E agora estaba alí, entre a vida e máis a morte, por unha simple hipotermia. Custáballo aceptalo. De socato, a señora abriu os ollos e, como a primeira vez, o doutor Ferrer sentiuse naufragar no seu verde acuoso.

–Doutor, que veu o paíño do mal tempo avisar de que vén o meu Miro...

A súa voz saía nun fio finíño. Colleu a man de Marcos sen que a este lle dese tempo a reaccionar.

–Doutor, se me pasase algo, míreme por el que é moi noviño e arghalleiro. Non é mal rapás, un pouco rubado, pero non é mal rapás.

Non ben pasaran dous días e a señora Adelina morría sen grandes maneiras, en silencio e espaventos, como sempre vivira. Avisaron ó doutor Ferrer, quen indicou que habería que tentar pórselo en contacto co fillo, aínda que estivese de faena no Gran Sol. O enfermeiro mirouno abraído:

–Doutor, mire, a señora Adelina vive soa dende hai máis de vinte anos. Morreulle o fillo nunha marea porque lle gustaba ben darlle ó viño e afogou, malpocado, aló nas Illas Británicas. Nunca máis apareceu o corpo. Desgraciadísima, leva toda a vida a sufrir e sempre con ese sorriso...

O Ferrer non contestou e refuxiouse no baño da súa consulta. Mirou a súa imaxe reflectida no espello e descubriu dúas bágoas gordas como o medo baixándolle polo rostro, demasiado engurrado para os seus anos. Pasou así inacabables segundos ata que se virou para tirar da cisterna e descubriu unha xarda brillante, preciosa, coa boca aberta dende o burato do váter, que o fitaba tranquilamente. O minuto, desapareceu desconcertada, como preguntándose onde estaba ela. Marcos Ferrer apoiouse no lavabo. Sabía que naquel edificio do recheo da ría cando había enchente de marea nos meses de inverno, as algas e a area rubían polos sumidoiros, pero aquilo do peixe parecíalle excesivo. Ó saír tomar o aire, un paíño do mal tempo espreitábo dende a fiestra, abaneado pola choiva implacable da fin do mundo. Laura mofouse del dende o inferno das lembranzas e Marcos Ferrer soubo que nunca máis tería ratorio para o congreso de psiquiatría de Barcelona.

ROSA aNEIRO S



A periodista e escritora Rosa Aneiros

# Síndrome do noroeste

Rosa Aneiros

O Hospital da Virxe da Xunqueira de Cee é o escenario no que Rosa Aneiros desenvolve Síndrome do Noroeste, a inquietante narración que hoxe incluímos nos monográficos literarios de setembro de rEVISTA DAS IETRAS. O título fai referencia a un andazo psíquico que sacode as terras de Santa Comba, Cee, Corcubión e Fisterra e que un doutor recién chegado de Barcelona vai descubrindo a través da súa paciente, a señora Adelina. A tese do doutor, apelidado Ferrer, é que o andazo está provocado polo naufraxio do Casón, o mercante que se afundira o cinco de decembro de 1987 na praia do Rostro cun cargamento de substancias tóxicas. Con esta trama, Rosa Aneiros (Valdoviño, 1976), un dos novos valores da narrativa galega, constrúe unha narración marcada pola intriga pero tamén polo xénero fantástico, que suca estas páxinas con tinxes ás veces surrealistas e cun subsolo de clara crítica ecoloxista. Periodista, investigadora e narradora, Rosa Aneiros deuse a coñecer nos últimos anos con relatos marcados polo dominio técnico e a súa habilidade para remover as historias cotiás cun rictus máxico. Tamén publicou a novela xuvenil *Eu de maior quero ser*, editada por Sotelo Blanco e construída sobre a relación de cinco estudantes que comparten un piso en Compostela, onde a escritora demostrou as súas capacidades para adentrarse nos labirintos do cotián desde unha prosa intimista e, ó mesmo tempo, coloquial. Posteriormente, publicou a que, de momento, é a súa novela máis ambiciosa, *Corazóns amolecidos en salitre* (Laivento), premio Carvalho Calero de narración e obra na que a crítica descubriu unha poderosa contadora de historias. As mesmas claves deses *Corazóns*—un mangado de relatos onde realidade e mais ficción se mesturan nunha dimensión narrativa de grande eficacia— son as que agora nos ofrece en *Síndrome do Noroeste* e que conforman un novo banzo na súa traxectoria.

# a

delina e Marcos Ferrer coñecéronse no peor momento das súas vidas. Eles non o sabían, pero sospetábano. Esas cousas sempre se perciben no fondo do corazón. Cando a muller chegou ó hospital aquela tarde de finais de setembro polo seu propio pé e mirou de fite á nova encargada de admisións en urxencias, algo no seu destino tomou carreiro para sempre.

–Dóeme o peito, sinalou. Son Adelina Veleiro.

–¿Que máis síntomas ten? –preguntoulle unha enfermeira que a penas superaba a barreira adolescente dos vinte anos.

–Ai, ningún. Non se preocupe, señorita, só veño polas pílulas esas do doutor Pereiro. Isto élle a marea. Cando baixa tanto, aghora nas lagharteiras, tírame aquí, así, forte, á beira do corazón.

–O doutor Pereiro morreu, señora Veleiro, pero o doutor Pereiro era o psiquiatra, polo que me estraña que lle atendera unha doenza do peito. Déixeme que mire. Veleiro, acó está. Efectivamente, a vostede atendíaa o doutor Pereiro. Que raro... ¿señora Veleiro! ¿onde vai?

–Buscar as pílulas esas.

–Mire, señora Veleiro –a moza intentou demostrar tódolos coñecementos adquiridos en maratónicas noites de estudio diante daquela súa primeira paciente en prácticas– eu entendo que a morte dun médico sexa dura. Era alguén con quen vostede tiña moita confianza, pero a morte élle así. Hai outros médicos...

–Neniña, que morreu ben o sabía ¿ou quen pensa que llo avisou? ¿Se non fora por min aínda hoxe tiña as terras sen partir e co mal que se levan os fillos habían vender todo! Dixenlo eu, miñaxoia, non lle ghustou nada pero... a santa compañía éraa e el levaba o pendón ¿eu que lle vou faser! Éche así.

A enfermeira non alterou nin un ápice a súa expresión. Estaba segura de que aquilo era unha inocentada dos compañeiros no seu bautismo profesional.

–Así que ghuapiña, continuou Adelina, faimo e favor de disírlle a algén que me dea as pílulas esas, como lle chamaba o doutor Pereiro, que xa me avisou que había deixar recado.

Houbo uns segundos nos que o vento se fixo de papel e ardeu co lume das olladas daquelas dúas mulleres. A moza agardaba que alguén saíse de atrás das padolias e botase unha gargallada. A vella non se moveu pero, ó cabo de dous minutos inacabables, indicou: –¿Vas ti ou vou eu?

A enfermeira volveu coller a ficha e leu "Adelina Veleiro. Síndrome do noroeste. Placebo. Avisar d. Marcos Ferrer".

–Ten vostede razón, señora Veleiro, ándolle moi despistada. Veña comigo.

A enfermeira de bata tan branca coma o seu escepticismo guiouna a través dos corredores diáfanos do hospital e petou na porta do doutor Ferrer. Sería o comezo de dúcias de paseos nos que as dúas mulleres percorrían os labirintos do centro de saúde nos seguintes meses. Ninguén lle explicou nunca quen era aquela velliña recachada e ferrotiña de acento suave e maneiras extremadamente elegantes para unha peixeira. Sen embargo, impoñíalle a súa única presenza. Nos ollos inmensamente verdes de Adelina, un sentíase naufragar e a súa resolución ameazaba os mecanismos máis primitivos do raciocinio humano. Isto foi o primeiro que pensou Marcos Ferrer ó ve-

la. E non se trabucou.

O doutor Ferrer chegara ó hospital Virxe da Xunqueira de Cee, naqueles terreos roubados ó mar e á ría polo recheo, a penas unhas semanas antes. Tamén el lle roubara á súa carreira un futuro brillante por unha escapada a tempo que sabía a covardía e loucura. Fora unha decisión relativamente fácil. Saír da Barcelona de tolos, como lle gustaba referirse a ela, e daquel complexo hospitalario mastodónico do Vall d'Hebrón cos seus milleiros de pacientes consumidos pola urbe, convertérase nunha necesidade premente. Non levara nada ben o divorcio de Laura. Por moito que dixese o contrario, debía recoñecer que lle doera que o deixara por un médico novo co MIR aínda quitándolle o sono polas noites. Todo o centro de saúde o sabía. Resultaba difícil obviar que a enfermeira xefe, esposa do respectable catedrático de psiquiatría, andaba a refregarse nas camas da sala de gardas cun mozo de corpo atlético e ambición desmesurada. Na separación de bens, Marcos Ferrer saíu gañando pero sentiuse un perdedor. No fondo, e aínda que o matrimonio fose un do de esgrima continuo, el seguía querendo. "Éche o que ten ser un sentimental deses que cre no amor", pensaba coa esperanza de non verse caer como observara a tantos pacientes seus. Non quixo comprobar, ou non tivo valor, se era capaz de manter a cordura enfrontándose cada día ós culpables da súa turbación con todo o persoal hospitalario como testemuñas expectantes. O traslado ó centro sanitario Virxe da Xunqueira, tan lonxe dos tentáculos afectivos de Laura, resultou tarefa doada. Escolleu ese destino por ser próximo ó lugar de nacemento da súa nai, emigrante en Barcelona dende os dezaioito anos, e porque tiña a certeza de que non habería maior problema cos trámites. Ninguén ben da cabeceira abandonaría unha praza fixa no prestixioso Vall d'Hebrón por aquel lugar recóndito onde mar e terra se fundían nunha aperta tan eterna como mortal. A fin do mundo. A tarde na que a señora Adelina cruzou a porta da consulta por primeira vez, dúas semanas despois da súa chegada a terras fisterrás, aínda seguía pensando en Laura en tempo pluscuamperfecto e as nubes do tercio norte non lograbán agochar a luz mediterránea das súas Ramblas barcelonesas.

–Doutor Ferrer, ¿estame oíndo? –a voz da enfermeira rouboulle aquel segundo de traslado a un futuro improbable.

–Claro... a señora Adelina Veleiro, ¿verdá? –O doutor rescatara durante as últimas semanas moitas palabras do baúl de lembranzas da súa nai e pronunciaba un galego forzado de emigrante de segunda xeración.

–Si, son eu, ghrasias señorita, ata outro día.

O doutor non puido evitar a súa sorpresa ante a desenvolvementa da muller. Puxo os lentes e leu a ficha, non sen certa sorna. "Dende logo, pensara el, que humor máis negro o do doutor Pereiro este. Aínda morrendo facía chanzas con síndromes das que ninguén escoitou falar nunca. Síndrome do noroeste, a quen se lle ocorre".

–Á ver señora, ¿que é o que lle doe?

–Outra ves... élle a marea, xa llo dixen á señorita. Cando baixa moito tírame de aquí do peito. E aghora, coas lagharteiras, pois xa se sabe. O doutor Pereiro, Deus o lle non seo, dárame unhas pílulas moi xeitosiñas e pasábame todo.

–Non lle pode dar nada sen examinala antes. Comprenderá vostede...

–Ai, pois vai ter que ser outro día porque hoxe vén o meu fillo Miro da Coruña e non lle teño tempo. Hei faser un caldo de repolo ben rico... ¿e non me podería dar as pílulas esas de tódalas maneiras? Mire que esta noite hai lúa e é cando máis laia.

Demasiados tolos tratados ó longo do seu amplo currículo como para escandalizarse por unha señoríña duns setenta anos de aspecto extremadamente tranquilo.

–Mire, facemos unha cousa, ¿vostede é de aquí, de Cee?

–Non, non lle son. Eu sonlle de Corcubión, alí de onda o xusghado.

–Vale, mándeme vostede mañá ó seu fillo e eu xa lle dou as pílulas.

Teño que facer unha consulta antes, ¿de acordo?

–Non, o Miro non pode. Sempre que vén do Ghran Sol non pode saír da casa que anda eivadiño, meu pobre. Veño eu, ¿Vostede como dixen que lle chamaban?

–Doutor Marcos, Marcos Ferrer.

–Marcos... moi milagreiro lle é ese santiño. Témoalo alí en Corcubión nunha igrexa cun altar, aí, dá ghusto velo, o san Marquiños, nunca se veu tal na redonda. ¿E que máis? ¿Ferrer? ¿non será vostede dos da "Ferrié"?

–Non teño o gusto, señora

–Si, home si, foi o que fixo alí o Castelo do Cardeal, en Corcubión. Élle unha fortificación moi importante, defendía a ría con ducia de pe-



sas de artillería e noventa e seis militares...

–Señora, si, outro día cóntamo.

–Mañá.

–Mañá, si, veña a iso das doce e media. Mire, por curiosidá, ¿co-mo sabe vostede iso de La Ferrière?

–Pois porque, mire, eu ándolle toda a mañá a voltas coas cunchiñas, e máis cos colares, e coas pulseiras, porque estes peregrinos que veñen a pé de ver ó Santiago e veñen ata o Cristo de Fisterra, estes, si, pois sempre paran alí comiño no banco e cóntanme as súas cousas... Veñen tan sós, cunhas ghanas de falar...

O doutor Ferrer non entendía nada. Cando se pechou a porta prendeu un cigarro e chamou polo traballador máis veterano do hospital. Preguntoulle directamente pola Síndrome do noroeste. O enfermeiro respondeulle como ben puido. Seica non era unha chanza senón algo moi serio. Disque pola zona de Santa Comba, Cee, Corcubión e Fisterra corría unha sorte de andazo psicolóxico caracterizado por certas peculiaridades que non tardaría en aprender a detectar a simple vista. Cada vez que o doutor Ferrer lle insistía en que explicase os síntomas, Xan abaneaba a cabeza negativamente. "Non lle sei dicir, iso sábese, debe ser porque moita xente vive soa, aquí, tan lonxe de todo e preto de nada, a fin do mundo... se lle digo a verdade, creo que a culpa de todo tena o vento do Nordés". Marcos Ferrer non podía crelo. Vinte anos dedicado á psiquiatría e non escoitara nada igual. O caso é que cando acendeu o ordenador e atopou o código da "Síndrome do noroeste" xunto con breves apuntamentos orientados a tratar unha inexplicable sintomatoloxía que non se achegaba á loucura pero facía impredecibles certos comportamentos e afectaba a centos de pacientes da comarca, creu tolear el tamén.

Esa noite non durmíu. O outono sorprendéralo bruscamente cos seus días curtos de luz e aquela choiva impertinente que o envolvía todo. Dubidou se sería capaz de aturalo. Aquilo parecía tan bonito no verán, todo cheo de veraneantes; peregrinos; coches con matrícula suíza ou madrileña; a ría escintilante; a ferrenza dominical do Ézaro; as illas Lobeiras, a Grande e a Chica; as galerías e balcóns cheos de flores das casas mariñeiras; o Pindo esgrevio co corazón sucado por corredores verdes... A invernia mudábase todo de socato e o silencio asubiante do mar embravecido enordecía aquela alma acostumada ó balbordo urbano. Marcos tomou outro calmante e deveceu por, alomenos, uns minutos de sono. Laura non quixo deixarlle.

A señora Adelina foi puntual á consulta. Serían nos moitos días que visitaría o Virxe da Xunqueira naquel ano. O doutor Ferrer deulle as súas pílulas (efectivamente, tiña alí unha composición inocua preparada co seu nome unha das gabetas do armario) e deixouno falar. Tiña tanta curiosidade por ver que era aquilo da Síndrome do noroeste que non podía evitar tirarlle da lingua para tentar diagnosticar algunha das súas características. Hai que dicir que o intento durantes varios meses. Todas as semanas, chovese ou houbese sol, Adelina arrastraba os seus setenta e moitos anos polo paseo que unía Corcubión co hospital para falar co doutor Marcos Ferrer.

Gustáballo aquel home de aspecto lánguideo e canso que a escoitaba sen tomar nin unha soa nota, ó contrario do que facía o anterior doutor Pereiro. Ela tomaba a pílula e volvía para casa. O medicamento era de cores e tamaños diferentes segundo fosen os síntomas: dor no peito pola marea; presa da cadeira ou dunha perna polo vento frío sen auga ou frouxa do ventre pola chegada dos bancos de sardiña... Pola súa banda, Ferrer escoitábase falar das súas conversas cos mnxes do porto, turróns como non había outro animal no mundo, e da súa teima por engordar a base de migallas de pan; das lérias das xardas e maragotas que a viñan buscar ó banco de azulexos coloreados para irse bañar á praia fría de Quenxe; do seu Miro embarcado no Gran Sol que lle mandaba recado por un paño do mal tempo para que lle preparase o caldo para o seu regreso ó porto da Coruña; dos avisos de morte dun veciño ou, do peor, daquel día que a viñera buscar a ánima do seu home defunto convertido en escaravello para que



o fose levar a Santo Andrés de Teixido. Marcos Ferrer non dicía nin chío. Adelina explicáballo que, claro, ela a todos os bechos do Señor lles tiña moita fe, que por algo foran criaturas que se salvaran do diluvio na barca de Noé, pero que os que máis lle gustaban eran os do mar. Seica traballara durante moitos anos nas antigas fábricas de salgadura e, insistía, vaia paroladas tiña botado con eles. Decía que o que menos lle gustaba era desmollar os tramallos da lancha do seu sobriño e sacar os reis, as xardas, os sargos, as castañetas, algunha robaliza benedicida polo ceo, os xurelos e os pintos, todos eles coa boca aberta e as branquias esgazadas. Polo baixinho rosmaba que devolvía algún que outro baraloco ó mar cando non a miraban porque bechos duros coma eses non os hai e sempre sobreviven. Todos os que salvaba viñanlle dar as gracias polas noites no peirao á beira da casa e cantábanlle un alalá baixinho. Os homes, Adelina falaba a unha velocidade desorbitada ós seus anos, parecíanlle bos, algúns; malos, outros... Os peregrinos algún carto daban cando mercaban colares e cunchas e tiñan palique infinito, sempre facían compañía... O peor eran as luces das ánimas do Cemiterio dos gregos alí onde o farallón Carrumeiro que berraban pola noite como almas en pena...

Marcos Ferrer chegara a unha conclusión rotunda despois de moitas horas escoitando a aquela muller. Apoiárase en libros científicos, consulta con outros colegas médicos, comparación de casos e de perfís de afectados. Non necesitaba máis. Coa súa explicación pretendía dar un xiro ó panorama científico: a Síndrome do noroeste fora provocado polo naufragio do Casón. A traxedia do mercante, que afundira o cinco de decembro de 1987 na praia do Rostro cun cargamento de substancias tóxi-

cas, non só causara afeccións cutáneas e respiratorias entre os habitantes de Fisterra, Corcubión e Cee, senón que afectara psicológicamente ós suxeitos máis vulnerables, provocando cadros de alteración da realidade, divagación ou apatía. Non deixaba de ser unha patoloxía suave sen maiores consecuencias para o estado de saúde xeral do paciente, pero o doutor Ferrer estaba a saborear xa os aplausos e as felicitacións que sen dúbida o abafarían durante o seguinte congreso de psiquiatría que se ía celebrar, precisamente, en Barcelona. A cara de Laura sería memo-

rable. Namentres o doutor Ferrer soñaba con futuras indagacións médicas, a señora Adelina seguía a falar. Levaba meses falando, tirando dun fío de historias increíbles e fermosas nas que o escenario de Fisterra se convertía nun universo maravilloso poboado por centolos e cangrexos que xogaban ás adiviñas; gaivotas que pedían por favor que se lles abrisen as fiestras da casa para durmir ó quentiño e xardas que daban bicos polas mañás dende a auga co seu lombo de ondas azuladas rebrincando na beiriña. Do Nordés e dos camiñantes do Cristo dicía a velliña que aprendía todos os contos maravillosos e, á vez, téticos de naufraxios na ría con berros de milleiros de españois mortos nos vinte barcos da Armada que, comandada por Martín de Padilla, afundira aló no tempo do ouro americano; e os laios dos holandeses afo-gados no Bufadoiro e aqeloutros ingleses que naufragaran contra o Centolo. A señora Adelina sentíaos e comprendíaos malia o babel de linguas, nas noites de treboada no mar e por eles rezaba un rosario no albor do día. Marcos Ferrer só vía o rostro desencaixado pola envexa de Laura e o recoñecemento dos colegas que tanto se mofaran del cando a infidelidade da

muller superara xa os límites do complexo hospitalario. Chegara a pensar mesmo en levar á señora Adelina como paradigma máximo do caso que el analizara tan, cría, cientificamente.

Sen embargo, unha tarde de decembro, chamaron ó doutor a urxencias. Chovía moitísimo fóra e o vento asubiaba na ría como poucas veces o sentira. Tivo o atrevemento de se asomar á fiestra e o espectáculo da treboada encolleulle o corazón. Cando entrou na sala na que o reclamaran estrañouse ó ver á señora Adelina deitada na padola. Tiñan visita o día seguinte, como todos os martes, pero o seu rostro lívido indicoulle que fora un motivo ben distinto o que a trouxera alí.

–Doutor, a paciente chamou por vostede.

–Si, gracias. Señora Adelina, señora Adelina... Non responde, ¿qué lle pasou? ¿onde a toparon?

O enfermeiro abaneou a cabeza seriamente.

–A ver se sae desta... Esta xentiña que vive soa, ós seus anos, sen ningún familiar preto... É unha mágoa. Atopárona deitada na cociña de terra da súa casa, que máis que casa parece un cortello. Rompeu a cadeira e alí quedou deitada sen que ninguén a escoitase. Debe levar días alí. Presenta desnutrición, rotura de varios ósos e unha importante hipotermia. Se ata ten musgo nunha perna. ¡Vállame Deus! Xúrolle doutor que o peor desta profesión non son as doenzas físicas senón a miseria na que vive algunha xentiña. Pobre muller...

O doutor estaba profundamente impresionado. Nunca vira á señora Adelina como unha muller de carne e óso senón como un ser feliz e sen dor que lle viña contar as súas cousas como tantos outros anciáns sós que atoparan no médico un confesor e un entretemento nas súas aburridas tardes da velez. E agora estaba alí, entre a vida e máis a morte, por unha simple hipotermia. Custáballo aceptalo. De socato, a señora abriu os ollos e, como a primeira vez, o doutor Ferrer sentiuse naufragar no seu verde acuoso.

–Doutor, que veu o paño do mal tempo avisar de que vén o meu Miro...

A súa voz saía nun fio finiño. Colleu a man de Marcos sen que a este lle dese tempo a reaccionar.

–Doutor, se me pasase algo, míreme por el que é moi noviño e arghalleiro. Non é mal rapás, un pouco rubado, pero non é mal rapás.

Non ben pasaran dous días e a señora Adelina morría sen grandes maneiras, en silencio e espaventos, como sempre vivira. Avisaron ó doutor Ferrer, quen indicou que habería que tentar pórselo en contacto co fillo, aínda que estivese de faena no Gran Sol. O enfermeiro mirouno abraído:

–Doutor, mire, a señora Adelina vive soa dende hai máis de vinte anos. Morreulle o fillo nunha marea porque lle gustaba ben darlle ó viño e afogou, malpocado, aló nas Illas Británicas. Nunca máis apareceu o corpo. Desgraciadísima, leva toda a vida a sufrir e sempre con ese sorriso...

O Ferrer non contestou e refuxiouse no baño da súa consulta. Mirou a súa imaxe reflectida no espello e descubriu dúas bágoas gordas como o medo baixándolle polo rostro, demasiado engurrado para os seus anos. Pasou así inacabables segundos ata que se virou para tirar da cisterna e descubriu unha xarda brillante, preciosa, coa boca aberta dende o burato do váter, que o fitaba tranquilamente. O minuto, desapareceu desconcertada, como preguntándose onde estaba ela. Marcos Ferrer apoiouse no lavabo. Sabía que naquel edificio do recheo da ría cando había enchente de marea nos meses de inverno, as algas e a area rubían polos sumidoiros, pero aquilo do peixe parecíalle excesivo. Ó saír tomar o aire, un paño do mal tempo espreitábase dende a fiestra, abaneado pola choiva implacable da fin do mundo. Laura mofouse del dende o inferno das lembranzas e Marcos Ferrer soubo que nunca máis tería ratorio para o congreso de psiquiatría de Barcelona.


ROSA aNEIROS

**Homes e mulleres, con xatos, ovellas, porcos, carneiros. As feiras aproximábanse ao sagrado, eran case unha continuidade do templo (por máis que Xesús non quixese aos mercaderes dentro) Xunqueira de Ambía aporta ternura dunha escena inxel, fixada para sempre; esa nena seguirá sendo nena, graciosa, ingrávida, fermosa ad eternum; esa nena co burriño e dúas ovellas detrás, acaso as únicas que ten a familia. Humilde aceptación franciscana en contraste co templo do fondo. Fraxilidade do humano fronte á ostentación da arquitectura.**

**Son magníficas as secuencias sobre as polbeiras en Santiago, posiblemente na carballeira de Santa Susana, os toldos de campamento, os vapores que emanan do polbo quente. E que dicir deses carros na praia, en Pontevedra, que lembran un cadro de Sorolla; os bois, a area, as rodeiras, as mulleres recollendo as algas, abono orgánico para fecundar as terras. Ou eses homes que chegan nas cabalerías, mulo e burriño, polo Portillo de Candas, camiño de Galiza.**

**En todas as fotografías o contraste da luz e do negro, cos detalles puntuais, coa sensibilidade para dotar de protagonismo a homes e mulleres no seu diario latexo, na súa circunstancia, elevándoos a protagonistas da súa historia e da historia do seu pobo, eles, que nunca tiveron historia. Enigmáticas esfinges populares. Silenciosas.**

**Xulio Valcárcel**



Entre finais dos cincuenta e os primeiros anos sesenta, dous viaxeiros chegan a Galicia e fan o seu particular retratou dun país que, por entón, comeza a sacudirse o po da posguerra pero que aínda vive postrado nunha situación de marcado subdesenvolvemento. Os dous viaxeiros ós que nos referimos son o fotógrafo francés Jean Dieuzaide e a poeta argentina Alejandra Pizarnik, un dos cumes da poesía hispana da segunda metade do século pasado. Por azares do destino, os dous visitantes recobran estes días plena actualidade, Dieuzaide pola exposición que lle dedica a Universidade de Compostela e o Centro Galego das Artes da Imaxe na Igrexa da Universidade e a poeta pola súa efeméride: onte cumpríronse os trinta anos do seu suicidio cunha sobredose de seconal: con só 36 anos, deixaba atrás unha ampla produción poética e unha escueta obra en prosa que só agora, con motivo do cabodano, acaba de recompilar a editorial española Lumen. É nestas 'Prosas Completas' onde reaparecen os textos inéditos de Pizarnik que fan referencia a Compostela, froito dunha viaxe de varios días por Galicia. rEVISTA DAS IETRAS lembra os dous viaxeiros nun número que, acompañado dun texto de Xulio Valcárcel, funde a prosa da escritora e as instantáneas do fotógrafo, testemuños ambos dunha época esgotada que, sen embargo, permanece na nosa memoria. Son os anos nos que se consolida a construción dos numerosos encoros planeados polo franquismo para Galicia, os anos iniciais da televisión e os dos utilitarios.

É o momento no que a resistencia política interior se reorganiza, uns arredor do Partido Comunista e outros coa Unión do Pobo Galego (UPG), fundada en 1964, só un ano antes de que se cree o Partido Socialista Galego. En 1965, España decreta a liberdade relixiosa.



Feira en Pallas de Rei. 1961





Compostela. Porta Faxeira. 1961



Compostela. Rúa do Vilar. 1961

## [ Santiago de Compostela ]

Trouxeran a reliquia, trouxeron a man de San Pao, prateada a man na branca man saída dunha túnica vermella. Pobo aplaudindo; muller vella de negro choraba, desdentada, tremente, ósos renxéndolle, ábrese na súa cara, abríanse como flores os seus ollos celestes (vermello da sotana, prata da reliquia), bambeando trémula en honra da man enxebre, a man santa, a man que dará ou daría ou abría de ter dado.

Na noite á beira da xanela ríndonos das sombras do patio contiguo ó comedor do hotel. A sombra dun comensal. A sombra dun coitelo. A sombra dun garfo. A sombra dunha ave. A sombra dunha man alzando, a sombra dun garfo ata a sombra dunha boca. Ríndonos das sombras, ollos teus cheos de riso, as túas mans, a noite, o meu, o teu, a noite, por favor, todo tan estraño, a noite.

## [ Santiago ]

A ollada aberta que é un cofre, un lugar de ofrendas: óbolo a árbore e o val, óbolo o esmoleiro e a ceguiña cantora, o xitano toco, o home da cornamusa –a súa cara en perpetuo tremor, os ollos alucinados, berrando "non, non, non" na Praza dos Literarios onde tres vellas de negro me ollen

–e cómo fai para saber se é mocíña ou mocío con eses pantalóns  
–señora –dixen– ólome entre as pernas  
–pola noite bebo anís e coñac; pro a noite bebo sol e sombra –dicia o doce rapaciño, dicirche como canta na medianoite, beber sol e sombra dunha maneira outra que aliando anís e coñac: todos os segredos do sol, todos os da sombra, os da vibración...

Se je mourais-là-bas... enterre-moi dans tes yeux. Por ti todas as cancións do mundo todas as aves do mundo d'amor diziam.

## [ Santiago-Catedral ]

Na catedral. Os grandes anxos, os fríos anxos. Os dedos dos peregrinos despois de pousárense tantos séculos no mármore da columna hai agora cinco fendas nas que introducín os meus dedos (onte soñei que lle dicía: o teu avais a couleur effroyable du marbre). Cantaban os nenos do coro, voces subindo para onde se di que as oen. Ó pechar os ollos vin unha nube en forma de muller de negro ofrendando un pequeno animal morto que foi doce, que foi sedoso que foi sedento.

Cando San Xurxo patas do cabalo aínda o animal parecía sufrir iza-das en imaxinario balanceo sobre cabeza rota decapitada. Cando San Xirxo lonxe da cabeza cortada sufrimento nas caras aínda o animal parecía sufrir.

## [ A noite de Santiago ]

Para que unha igrexa de lume aberta na noite revele unha igrexa de pedra luces constelan o intre:

ramo de luces rosadas  
ramo de luces verdes  
ramo de luces lilas  
ramo de luces azuis  
rosadas  
verdes  
lilas  
baixo a chuva

Cando estala o aro de lume verde vivamente abrazado ó aro de lume azul vivamente abrazado ó aro de lume lila. Criaturas de negro na chuva –tout mوندelle attendait quelque chose. A chuva sobre nós



Compostela. Rúa do Vilar. 1961



Arredores de Compostela. Actual Campo do Amo. 1958



Praza da Quintana, 1958



Mercado de Compostela, 1957

pero os lumes tiñan tempo de vibrar, de restallar, de danzar uns segundos.

Cando se arquearon na néboa ramalazos de crus luces inxenuas en forno de Santiago eu comprendín—no xardín, entre nenos aterrecidos—que eu, na néboa (lucos inxenuas), non puidera comprender crus luces naquel xardín onde de nena aterrecida debín comprender cando se arqueaba a chuvia en ramalazos toldados, grises.

Criaturas na néboa—tout mórdelle attendait quelque chose. Contemplar os lumes de artificio, dicirse profundo, berrarse na boca da caverna, anunciar que algo restalla na néboa. Unha proposta ou algo, en fin, a modo de resposta ou doce ou nefasta, ou algo, en fin, a modo de voz vida da exterioridade máis enxebre.

Pero un restallido no ar ou néboa ou chuvia non pode pacificar, non cerra unha ferida.

Non pecha unha ferida unha campá. Unha campá non pecha unha ferida. Foi a noite de Santiago. Chovía moroso no xardín do Hostel. Vou ver os lumes—dixo—coa xente de negro que veu de moi lonxe a ser corpo presente (na praza iluminada por lumes que se acontecen cada vez máis vertixinosos porque a chuvia impedia o seu natural despregamento, evolución e morte). Si—dixen—vai, vai, vai (sentíndome, oh sempre, no centro exacto do abandono). Vin os seus ollos no resplandor cortado de escuridades ferintes, súbitas. Vin os seus ollos no son da treboada, nas cores ardendo como paxaros moi efémeros. Que se vaia—dixen—eu non pretendo, non tento, non comprendo. Non me deixes—dixo—non me exis de ti. No alto, no enxebre do abandono. Chamarme a min pequena abandonadora. Antes de desaparecer vin os seus ollos non comprendendo. Trémulo aceno da miña cara para ir chorar importantemente na noite do non se sabe quen é abandonado.

## [No camiño]


Aquilo dun único luscofusco. Dun só solitario aceno de abandono. O ter visto a nube rosada, a nube dun rosa incinerado, rosa e gris era e era unha ameazadora rosa queimada. Detrás, verde e oro. Tan luminosos. Cortexo de nubes grises, rosadas, verdes. Sobre todo a fragancia mental a rosa queimada. 'En boca da morte aridas rosas'. Luscofusco inigualado entre Santiago e León. Sentía a miña cara de espantada á beira da nube. B. riase. Conduce o autor ollando todo agás o camiño. Se se esquecese do volante, dos freos. Un metro de esquecemento et voilá un joli tableau: garçon et fille sur gouffre bleu. En boca da morte amantes aridos. Confiando eu en que era escorpio. Pero non quixo precipitarnos. Entón, nin as nubes de hoxe haberían de me consolar. Por outra parte, ¿quen busca consolo? Vou falar da vida, señores, vou da vida. Pola noite todos os abandonos. O seu respirar, o seu silencio perfecto. Eu en boca da morte, insome e consecuente no meu oficio de idiota desamparada. Pero co novo segredo dentro de min a peur fout l'camp. Exactamente como unha idiota chorei no Escorial fronte ó triptico (falso) de Bosch, pedindo, si, pedindo que me dixese que non tiven razón (como se me interesase tela) ó dicirme embaixo das nubes maravilosas que as nubes non me axudaban a non querer morrer. E o medo por ter pensado en escribir un poema sobre esas nubes. Iso foi sórdido. B. contempla serenamente. B. non escribe. Entón, non se considera dono do vermello luscofusco. Agora si tenés cara de poeta—dixo. Odieme. Pero sen dúbida eu pensara no poema para que transcendese á miña cara, para facer do proxecto do poema e da miña cara un filtro de amor (sangue terra de cemiterio, cuspe de miñado, auga de lavercas, halo de anxo mudo...). Isto está tan escuro.

Inminencia. Os ollos estrélanse, non son estrelas, non dispoñen de luz propia. Tanto para pacificar dous ollos. Onde gardan os ollos os seus tesouros. Festa incessante nos meus ollos mentres no gargante é mércores de caniza, non, é o sabbat, nus danzan, alaridos toda a noite, toda a noite é ríspido, abracadabrantoso, rocaloso, pétreo, fendas, desgarraduras, páramo a miña palabra, páramo o meu lugar de orixe, é de noite, danzan, camiñan polos muros, danzan na miña gorxa, profanación, vertixe, se sabías que eu non.

Cando fala coa súa voz, cando na praia preto de Santillana do Mar a súa voz. Aleteos no meu sexo como en Fuentemilanos e ermo baixo ás negras aleteando (eu sobre o seu corpo como un paxaro singularmente ferido). Todo o que a súa voz nomea é razón do meu amor. (Eles alongan as súas sombras, afunden as súas poutas na miña gorxa).

Aquilo dun único luscofusco. Para poder ollar as nubes meditei previamente no meu suicidio. Para poder amar as nubes, o meu último estío, o meu último fastio.


aLEJANDRA pIZARNIK



Feira de Compostela. Carballeira de Santa Susana. 1961



Feira de Compostela. Carballeira de Santa Susana. 1958



Feira de Compostela. Carballeira de Santa Susana. 1961

Jean Dieuzaide caeu por aquí naquelas datas. Trae un encargo do editor Arthaud, con quen viña colaborando. A liberación de Tolosa, onde fixera estudos secundarios, condicionaría a súa dedicación á fotografía. Fixera numerosos documentos que resultarían de interese para a Presidencia do Consello. Viaxa a un país atrasado—"Tratei de integrame no medio humano, atento ao marmullo de todas as cousas novas... para amosar o que non existía no meu país, mergulleime amorosamente co fascinio do descubrimento inicial..."—escribiu. É doado rastrexar nas fotografías o fondo respecto que sente pola nosa situación e polas noxas xentes. Dieuzaide observa e cala, intégrase connosco, profundiza na alma da paisaxe e das persoas, na sinxela inocencia dos animais; Dieuzaide retrata o espírito que acocha en cada cousa, con xenerosidade, comprendendo e aceptando a diferenza. Aló ao fondo latexaba a presenza dunha Galiza rica que coñecera tempos mellores. Velai senón o contraste, tantas veces evidenciado nas súas fotografías, entre a humildade de labregos e mariñeiros e a poderosa arquitectura, o esplendor labrado da pedra de Mondoñedo, de Celanova, de Ourense, Santiago ou Betanzos. Certo que ese esplendor se remonta a séculos anteriores e certo que o disfrute duns poucos se facía a conta do sacrificio da maioría. A Galiza que atopa Jean Dieuzaide é unha Galiza deprimida, de parca pitanza e amplas amarguras, con temor a erguer a voz, "calada pola forza, escravada pola forza, humillada pola forza".

Nunha paisaxe mítica, fisterrá e illada, nun recuncho esquecido de Occidente, un reducto de indíxenas sobreviven na reserva. Esa podería ser a visión de Dieuzaide, pero non a é. Porque a súa mirada é conciliadora, pero ao mesmo tempo auténtica, non xulga, constata. Hai algo etnográfico, ancestral nos usos e costumes desta presa de vida que nos ofrece. Un mundo rural, dúas terceiras partes da poboación era campesiña. "O meu coñecemento do mundo rural facilitou, seguramente, a intimidade dun contacto que por profesión e por convicción desexo sempre o máis auténtico posible. O exotismo non me interesa, prefiro a intemporalidade dunha España que garda para si as pegadas dunha esencia, sustancia mesma da vida cotiá..." comentou. Un mundo apegado á terra nai, hums vivente que emerxe do chan para volver mergullarse nel. Fotógrado do interior, esas paisaxes da Ribeira Sacra, o Sil, o Miño, arterias vertebradoras dun país soñolento que se desangraba na emigración. Entre 1867 e 1970 dous millóns de galegos deixaron as súas casas. O volcán estoupaba pola fama, e pola opresión, pola necesidade e a ansia de aventura. Nos anos cincuenta intensificase a diáspora; cando as mellores mentes marcharon ao exilio e moitos mestres foron represaliados, agora a fuxida, a marcha ("o galego no protesta, emiga") deixa o país sen mans. É verdade que os emigrantes remesaron cartos que serviron para aliviar a economía familiar, para redimir foros, para crear escolas nas que se puidese adquirir unha formación que permitise erguer a testa, deixar esa docilidade que lembraba a dos campesiños de Millet na hora do ángelus, coa boina debullada entre as mans.

A Galiza que nos amosa Jean Dieuzaide é, en moitos aspectos, unha Galiza desaparecida. Unha Galiza tradicional, cun sistema de valores baseado na dependencia e na submisión: ao clero, ao cacique, ao amo, ás forzas da orde. Pero ao mesmo tempo un país fondamente apegado ás súas tradicións máis caras, á súa relixiosidade profunda, ao sentido pagán da festa, tamén moi arraigado; calquera motivo vale. Xusto recoñecelo tamén, unha Galiza con capacidade de resistencia para sobrevivir á noite de pedra. Dieuzaide comprende

o noso ser colectivo, a nosa psicoloxía. Sente os labregos vencellados á terra, á árbore que teñen diante da xanela, ao recodo do camiño, ao rombar do río. Á súa sensibilidade non se lle escapa a relevancia que os animais, e máis concretamente as vacas, teñen para os nosos paisanos. As vacas viven baixo o mesmo teito, teñen nome que as designa e que as identifica, son parte da casa. Esas vacas que o labrego abraza antes de lles desfacer o nó que as ata, para vendelas, entre a expectación silenciosa e comprensiva dos presentes. Pero impórtalle fundamentalmente o animal humano, Dieuzaide é ante todo o fotógrafo das olladas, non o que rouba unha expresión, senón o que gaña a confianza, a complicidade do retratado.

## [ Etnografía e costumismo ]

### Etnografía e costumismo

Mulleres de negro, enloitadas, envellecidas. Levan bolsas de coiro cadradas, cosidas en retallos. Con elas ían e viñan, da casa á feira e da feira á casa, tanto levaban uns queixos como volvían cuns coellos. Dieuzaide proxecta a súa ollada sen preconceitos, sen prexuízos, recolle o que sucede diante del acudindo a lugares de reunión, como feiras e mercados. O sentido do tempo era outro, a feira era pola mañá pero non se regresaba ata a noite. Despois de facer a feira había que celebralo; un prato recendente de polvo, pantrigo e un neto de viño, non estaba mal. Viña despois o paseo do moceiro ou a vista aos familiares. O balbordo da feira non impide, en ocasións, a soidade dos retratados, alleos ao rebumbio. Velai ese home que fuma caviloso. Ao contrario doutros, inconscientes de seren retratados—a fotografía adquire a fiabilidade dunha cámara oculta, recollendo xesto e accións, actitudes e expresións—, este mira a cámara co orgullo de quen se sabe feble pero digno; se preciso fose, desafiante. Contra a noitiña, regresábase á casa. "Cada un fala da feira segundo lle foi nela".

En Plas de Rei atopa o documentalista materiais para a etnografía e o costumismo. Neses días invernales nos que nos visitou, probablemente a época que mellor se acaía para dar testemuño fiel do que pasaba na Galiza, "para min non hai maio, para min sempre é inverno...", Dieuzaide detense nas xentes populares. As queixeiros venden o que na casa non poden disfrutar (igual que os xamóns, levábase á feira para facer un peso). Queixos da Ulloa, elaborados co leite manteigoso dos frescos e verdes pastos, redondos, cremosos. "O pan con ollos, o queixo sen ollos...". Observemos as mans que ofrecen o tesouro: mans sarmentosas, traballadoras, esforzadas, mans tépedas e tenras.

Xentes tranquilas, alleas á presenza, diríamos invisible, do intruso. Ningunha prevención, ningún temor, ningunha sorpresa ou hostilidade de nos destinatarios da ollada, da alquimia fotográfica. Homes e mulleres que se amosan no seu natural, espontáneos e sinxelos, fascinantes. Sexa na Ribeira Sacra, en Vigo, en Mondoñedo, en Ferrol... en todas partes atopamos unha testemuña da época, un costumismo auténtico. O crego de tella e sotana ata os ortellos dá o seu paseo antes de acudir á igrexa. Leva, non podía ser menos, o ineludible parau-gas. Na Malata de Ferrol vemos ceos cargados riba dos grandes troncos, ceos brancos en contraste coas sombras que axexan. Na feira de Betanzos reitáranse motivos e situacións, destacando a indumentaría, os homes con boina, con pano as mulleres. Os animais,



Ribadavia. 1961

ceibes; agás as vacas, aliñadas.

Dieuzaide –todo grande artista coida o detalle– caracteriza con finura a luz de inverno sobre os abrigos; luz inquisitiva que nos permite percibir o tecido, o gramado, os fios, o grosor... nos múltiples matices do negro. "Fotografar é escribir coa luz", dixo.

## [Mulleres]

Dieuzaide é fotógrafo de paisaxes, de situacións, de tipos, do rostro humano..., pero singularmente da muller. Mulleres que chegan cargadas, coa cesta descansando na rolla, na cabeza. Mulleres sorprendidas no seu labor antigo, repetido. As veces están soas como esa muller pálida de cansazo –ao seu carón, a vaca– con esa ollada aceirada, abismal... que non sabemos se suplica ou acusa. Outras veces serán grupos que se xuntan para a tertulia, a brincadeira ou a confianza. Homes e mulleres funcionan por separado, en grupos que teñen a súa propia dinámica interna. O termo esvara inorde, sen presas, aquela Galiza semellaba ancorada na lama dun inverno perpetuo. "Aquí hai dúas estacións: o inverno e a do tren..."

Segue Jean Dieuzaide o seu camiño e chega ao Santiago medieval dos anos cincuenta. Eses tres homes colidos de costas, zocas lamacentas, s boinas húmidas, ociosos, matando o tempo. Apóianse nos caxatos e nas varas coas que afalan o gando, visten unha indumentaria práctica. A roupa nova ficaba para días moi sinalados como o da voda ou o do enterro –"ai! que guapiño vai o meu irmanciño, co traxe dos domingos..."-. E no medio dese espacio sombrizo, tépeda mancha branca, o relo trasfego, o bacoriño inquedo que cómpre atar pola pata para que non escape, fulgor contra o negro. Outra foto que nos gusta é esa procesión de paraugas abertos, maré de escudos baixo os que se refuxia camiño do mercado a masa resignada. Trafego mercantil, larachas, axustes..., os toldos en aparente anarquía, paos e lonas cortando o espacio como veleiros imposibles. Na grisalla dominante, a polifonía de cores das hortaliças e dos froitos, son un canto. Apeiros de labranza, alfareiros, ferreiros, zoqueiros... refiren un mundo desaparecido baixo o empuxe da modernidade e das tecnoloxías, como desaparecidas están estas persoas que o fotógrafo Jean Dieuzaide nos mostra, pantasma adornadas dos territorios da morte, memoria recuperada dun instante detido, feito alquimia dura-deira. Recuperación á que asistimos en presente, como se nós tamén estivesemos alí e púdesemos ulir a suor, o fastío, a loita, pero tamén a súa valorosa resistencia, o seu propósito de mellorar por riba de calquera sacrificio. De socatto, un elemento estreo, sorprendente: o garda civil, respectado por temido, con votas altas de añas, gafas de metal, toma mando en praza. Sábese inmune, indiferente ás simpatías ou xenreiras que suscite. Na Rúa Nova, concibida con soportais para un país de chuvia pertinaz, pasan en cadencia illadas, ora un guarda civil con botóns na peiteira, fachendoso; ora un grupo de homes en mañá de festivo, a escoitar a banda de música ou a tomar as cuncas do aperitivo. Namentres mulleres, mozas e casais coa súa prole de mocosos, asisten á misa na catedral, onde vemos a engrenaxe do botafumeiro e dos tiroleiros. Á saída, rapazas con veo agasallan os estudantes con miradas furtivas e tímidos saúdos. Un cadro de costumes que semellan moi distantes vistos os tempos actuais e que Jean Dieuzaide nos rescata como un anaco da nosa memoria.

O traballo do fotógrafo francés aparece así como un fresco vivo dun tempo que se foi, dunha Galiza que desapareceu –os lavadeiros onde se parrafeaba, escenarios de dixerones e romances–, ou que aínda se conserva, como a pedra, o rito, o símbolo inmemorial enraizado no noso subconsciente colectivo. O pagán, cristianizado. A parella orante resulta sen embargo pouco crible, semella colocada de pé feito, ten un aquel da tarxeta folclórica.

Poderosas son as imaxes da Toxa, con esas mulleres trpando polas dunas, volumes flotando en espacios abertos, o vento que infla as saias como velas, figuras en negro recortándose contra o infinito, enfocadas desde abaixo, en contrapicado. Eses canastos de tira de castiñeiro no que enxergamos a veta da madeira, as texturas e as formas, o enlazado. As pescantinas da vía de Arousa ou de Pontevedra, a doma grácil e mariñeira coa súa vela, o mastro ergueiro. A embarcación galega máis xenuína e fermosa.

## [Recuperación dun tempo]

A penas fican xa os piñeirais que había nas praias, pintados por Castelao, Abelenda, Bello Piñeiro ou Llorens... e que Jean Dieuzaide nos mostra coa gradación clásica. O primeiro plano en detalle para dar profundidade, a masa do fondo é nebulosa, e no corpo central da fotografía esas mulleres mariscando, dobrada cerviz en busca duns carfos necesarios para o sustento. Reparemos agora nesa praia fragmentada en leiras, tema central e partes que o dilimitan, engaiolando a paisaxe en porcións xeométricas, con rectas precisas, liñas oblicuas que forman planos compositivos. De novo o elemento referencial en primeiro plano, despois o centro coa nódoa do narrado, e a infinitude final. Balconadas de Combarro, hórreos, canzorros, a monumentalidade do popular no que as persoas, de costas ou ensinimadas nas súas tarefas, son o contrapunto bullderío á austeridade das rúas. Chalanas e gamelas descansan dos traballos do mar.

O porto de Vigo é outro centro de atención. O Berbés, os panos no chan e riba deles os canastos de peixe; frescor mareiro, arxénteo escintileo de castañetas, de xurelos, sardiñas e pescadas. Cesto en espiral cortada, rompendo un circón inlconcluso, repetido na disposición de peixes. Jean Dieuzaide proxecta unha ollada penetrante e comprensiva, construíndo o seu discurso a partir do que observa. A Ribadavia chega en día domingo cos nenos e as nenas saíndo da misa, alegrando cos seus xogos as ruelas da xudería, poñendo unha nota algareira na gravidade das pedras rigorosas e monacais. Eses nenos, anxos picaros, conducidos pola monxa tutelar. Ou esa foto do castelo, muda testemuña do paso das xeracións, mulleres e homes que o atoparon ao chegar e que o deixaron igual cando marcharon. Ribadavia, o castelo e os autos –que aparecen por primeira vea– aparcados. Detrás, a montaña espida. No primeiro plano unha senhora co carríño do neno, e un camioneiro cargando o ribeiro que levará a Santiago e a Vigo para o tasqueo en roldas sucesivas.

E sempre, a calidade, o dominio técnico. Fotos en picado, tomadas desde o alto con esa nitidez, esa transparencia, esa luz interior na imaxe que lles outorga vida propia. Hai un momento axeitado que o fotógrafo ten que saber esperar. A imaxe de Dieuzaide é estética, é un convite constante a reflexionar sobre a luz, único elemento verdadeiramente determinante, co encadre, do proceso fotográfico. –Foi cabo dos labregos como primeiro me informei sobre as festas profanas e relixiosas, co fin de recoller desde máis preto os encontros, que elas favorecen, e a cultura, que describen. Así atopei a nobreza dos homes dese país que tamén os silencios nas paisaxes abrumadas pola luz...". A reportaxe que nos ofrece Dieuzaide comina elementos prevializados coa aproximación directa e inmediata ao real. Dieuzaide é un fotógrafo humanista, persuadido de que a técnica máis sinxela é a máis eficaz, viaxa cun material escaso. De viaxar con moita equipaxe dificultaría a presentación da escena coa propia luz, senalterala con outras fotográficas artificiais. Evita, ademais, deste xeito "impressionar" ao retratado; hai que ter en conta que na fotografía documental case nunca se pode pospoñer a toma nin controlar os suxeitos. Dieuzaide parte dunha luz principal equilibrada con sobras, recorrendo ao visor deportivo, ao contrapicado, ou ben ao contraluz, co suxeito iluminado desde atrás.

Hai ocasións nas que temos a sensación de que fotografía as sombras co mesmo interese que os elementos iluminados.

Para as terrazas ou socalcos, en Ourense, entrega unha perspectiva aberta, un grande angular que recolle a riqueza de cores dos sementados intuídos nos diferentes rexistros das tonalidades; a xeometría das sementadeiras, plantacións diferentes e luces distintas; os carreiros, polo medio das leiras, conducen ao núcleo da aldea. Cómpre destacar, asemade, a composición, perfecta en todas as fotografías, o estudo das liñas, a luz clara, a sombra nítida, o culto polo detalle e a observación sagaz, o "punctum": no medio dunha rúa moderna, o muro vedraio como presenza/reliquia do pasado.

Dieuzaide segue cámara en man a súa viaxe cara á Celanova de Curros e Celso Emilio; ceo negro e grandes nubes brancas, outra vez o grande angular que recolle e retrata impasibles e inmóbiles, baixo o peso de nubes como ubres inchados, os diversos grupos de feirantes.

(Continúa na páxina seguinte)



Feira de Pallas de Rei. Campo do Outeiro. 1957